Fará pública a relación provisional coa puntuación obtida de admitidos/as e excluídos/as. Esta relación expoñerase no PAI e no Concello de Cabanas.

Co fin de resaltar o carácter de titularidade municipal do PAI, toda a documentación emitida incorporará o membrete do Concello de Cabanas e o propio do PAI.

O PAI deberá adaptarse na súa organización e funcionamento ó disposto neste regulamento.

O Regulamento de réxime interno poderá ser modificado a proposta da comisión ou da Corporación e terá que ser aprobado posteriormente polo Pleno da Corporación.

O PAI terá:

1 copia do Regulamento de Réxime Interno a disposición dos usuarios/as nun lugar visible.

1 libro de reclamacións a disposición dos usuarios/as, que poderá ser solicitado para a súa consulta polas administracións competentes na materia, tanto municipal como autonómica, así como o chamado libro de rexistro de usuarios/as.

CAPÍTULO IV. Normas relativas o persoal.

Artigo 16. Relación de persoal. Dereitos e obrigas.

1. Relación de persoal.

a) Como persoal de atención directa aos nenos e nenas:

Licenciado/da en pedagoxía ou psicopedagoxía; mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente; ou técnico superior en educación infantil ou equivalente.

A dirección pedagóxica do centro desempeñará as funcións descritas no presente regulamento e recaerá nalgún dos membros do persoal coa titulación de licenciado/da ou mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente

b) Como persoal de apoio:

1 auxiliar con curso de coidado de nenos de 3 meses a 3 anos. Ademais das titulacións anteriores, poderá estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: técnico en atención sociosanitaria, técnico superior en animación sociocultural, técnico en coidados auxiliares de enfermaría, diplomado/a en puericultura recoñecido pola consellería de sanidade ou aqueloutras recoñecidas como apropiadas polo órgano competente na autorización do centro.

A mesma titulación esixirase no caso de substitución por vacacións ou imprevistos.

2. Dereitos do persoal:

- Recibir regularmente información da marcha e do funcionamento do centro, a través do director/a responsable.

- Presentar propostas que contribúan a mellorar o funcionamento do centro e a atención prestada aos menores.

- Desenvolver as súas funcións educativas segundo o seu criterio persoal, sempre que se axusten ao proxecto educativo e á programación anual do centro.

- A que se lle proporcionen dentro das posibilidades do centro os instrumentos e medios precisos para desenvolver as súas funcións axeitadamente en beneficio dos menores atendidos.

3. Obrigas do persoal:

- Cumprir e facer cumprir de acordo coas súas funcións o presente regulamento.

- Velar polo respecto aos dereitos dos menores recollidos no presente regulamento e aqueles outros recoñecidos na lexislación vixente.

- Gardar estricta confidencialidade sobre os datos persoais dos menores aos que teñan acceso en razón das súas funcións.

- Cumprimento das tarefas e responsabilidades derivadas do seu posto de traballo.

Artigo 17. Funcións e responsabilidades do persoal.

O persoal educativo terá as seguintes funcións:

- Colaborar coa dirección na elaboración e actualización do proxecto educativo e da proposta pedagóxica do centro.

- Fixar os criterios para o seguimento e a avaliación destes documentos.

- Realizar as funcións educativas incluídas na lexislación vixente para o ciclo educativo, no referente ao desenvolvemento dos nenos e das nenas, á preparación e o deseño de propostas pedagóxicas, coordinación coas familias, hixiene, alimentación e sono dos menores, organización dos espazos e materiais pedagóxicos, etc..

- Establecer criterios xerais aos que deben adaptarse as intervencións educativas de cada un dos grupos de idade.

- Participar nas actividades de formación permanente

- Prestar especial atención ao período de adaptación.

- Avaliar o funcionamento e a organización do PAI e propor iniciativas para a mellora do seu funcionamento ante a dirección desta.

- No marco destas funcións os/as mestres/as exercerán un papel de coordinación e animación da acción educativa.

CAPÍTULO V. Normas relativas os usuarios.

Artigo 18. Dereitos dos usuarios.

Os dereitos serán os seguintes:

- Teñen dereito a non seren discriminados por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, convicción políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

- A consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do centro como dos demais usuarios e usuarias.

- Ao sixilo profesional sobre os datos do seu historial sanitario e sociofamiliar.

- A realizar saídas ao exterior, sempre e cando os menores vaian acompañados por unha persoa adulta responsable, e sempre con autorización escrita por parte dos seus pais, nais, titores/as ou representantes legais.

- Á intimidade persoal en función das condicións estructurais do centro.

- A unha asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas.

- A que se lle facilite o acceso a todas as necesidades persoais que sexan precisas para acadar o seu desenvolvemento integral.

- A deixar de utilizar os servizos ou abandonar o centro por vontade propia.

- A que se lle facilite o acceso á atención social, sanitaria, educación, cultural e, en xeral a todas as necesidades persoais que sexan precisas para acadar o seu desenvolvemento integral.

- A seren informados de xeito comprensible das medidas adoptadas respecto deles e a pediren explicación de canto afecte á súa propia educación.

- A seren educados para a comprensión, a tolerancia e a convivencia democrática, posibilitándolles que poidan facer uso das súas opcións de xeito libre e persoal.

- A participación dos pais/nais, titores/as ou representantes legais nas actividades educativas como festas escolares (Magostos, Nadal, Entroido, etc..), ou colaboración para preparar actividades dos nenos e nenas.

Artigo 19. Obrigas dos usuarios.

- Cumprir as normas que estableza o centro para o bo funcionamento recollidas no presente regulamento.

- Manter e observar unha conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.

- Participar na vida do centro, de acordo co que se dispoña neste regulamento.

CAPITULO VI. Normas de funcionamento.

Artigo 20. Do funcionamento do centro.

1. Normas de saúde e hixiene persoal:

- Non serán admitidos no PAI os nenos/as que padezan enfermidades infectocontaxiosas. A aparición destas enfermidades deberá ser comunicada polos pais, nais, titores/as ou representantes legais á dirección do centro, mediante informe médico.

- No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no PAI, despois das primeiras atencións “in situ” e, á maior brevidade posíbel, poñerase a dita circunstancia en coñecemento dos pais, nais, titores/as ou representantes legais do neno/a e, se é o caso, garantirase que o neno/a reciba a atención médica axeitada. En caso de maior consideración avisarase os pais/naís, titores/as ou representantes legais e o mesmo tempo ó 061 por si se require un traslado a un centro hospitalario.

- Non poderá trasladarse,baixo ningunha circunstancia, os/as nenos/as en transporte particular.

- Cando se produza a falta de asistencia ó PAI por un período superior a 3 días, debido a enfermidade ou outras circunstancias, os pais, nais, titores/as ou representantes legais deberán comunicar este feito á dirección do PAI.

- Nos casos nos que se deban administrar medicinas aos nenos/as, deberán ir acompañados da receita médica, actualizada á data do tratamento, na que constará o nome do neno/a, o nome do medicamento, forma, dose e periodicidade na administración. Non se lles administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización por escrito dos pais/nais, titores/as ou representantes legais indicando as horas de administración da dose correspondente.

- Todos os nenos/as que usen cueiros deberán traer un paquete e un bote de toalliñas, que deberán repoñerse cando sexa preciso. Serán cambiados na medida que o precisen.

- Os nenos/as terán sempre unha muda de reposto, para cambialos por motivos de hixiene.

- En caso de enfermidade, deberá deixar á nena/o na casa, cando teña febre, diarrea, vómitos ou enfermidade contaxiosa (rubéola, orellóns, xarampón, etc.). No caso de ter piollos a nena/o quedará na casa ate que queden eliminados. De aparecerlle calquera destes síntomas no propio centro, será posto en coñecemento dos pais/nais titores/as ou representantes legais.

- As nenas/os deberán vir ó PAI con roupa que lles permita moverse con comodidade, evitando en todo caso obxectos perigosos como cadeas, pulseiras, etc. Os nenos/as mudaranse unicamente, nos casos en que o precisen por condicións de hixiene.

- Os pais/nais, titores/as ou representantes legais, deberán entregar no PAI para cada neno e nena:

Unha muda completa, interior e exterior marcada co nome ou iniciais

Panos de papel.

Cueiros, toalliñas e crema balsámica, no caso de empregala.

Soros nasais, no caso de precisalos.

Un chupete, no caso de empregalo.

Biberón, de selo caso.

Cepillo e pasta de dentes, a partir dos dous anos.

- No momento en que precise de reposición será comunicado aos pais/nais, titores/as, ou representantes legais.

2. Normas de alimentación:

- O PAI non dispón do servizo de comedor, polo que os pais/nais, titores/ras ou representantes legais se farán responsables de aportar diariamente a comida dos seus fillos.

- A dieta alimentaria dos bebés e as horas de toma deberán comunicarse diariamente.

- Os horarios de almorzos e de xantar distribuiranse da seguinte forma:

Almorzos de 7:30 a 9:00 am

Xantar de 12:30 a 13:30 pm

Agás os lactantes

- Se o neno/a é alérxico a algunha comida débese facer constar por escrito no centro.

- Os nenos/as non poderán levar lambetadas ó PAI.

3. Normas de convivencia.

- Respecto e trato educado a cada unha das persoas que integran a comunidade educativa, favorecendo un clima de convivencia cordial.

- Respectar os bens e as instalacións do centro.

- As familias novas poderán coñecer o PAI antes da incorporación do seu fillo/a ó centro.

- Os nenos /as de novo ingreso incorporaranse no mes de setembro. O día concreto comunicarase na entrevista persoal co director/ra, que se realizará previamente.

- Os nenos/as traerán ó centro o material que se solicita.

- Se ocasionalmente tivera que chegar máis tarde ó centro ou vir a buscar ó neno/a fora do horario, comunicarase con anterioridade. Ó principio do curso entregarase ás familias unha ficha onde autorizan ás persoas que poden recoller ós seus fillos.

- Si tivera que ser recollido por outra persoa, avisarase ó centro e achegarase autorización escrita e firmada polo pai/nai, titor/ra ou representante legal con DNI do/a persoa que se fará cargo do neno/a.

- Para as actividades de saídas, será preciso que as familias firmen unha autorización para que os seus fillos/as poidan asistir.

- A reproducción fotográfica, vídeo, etc.. deberá estar autorizada polas familias.

- Non se admiten visitas ós nenos/as durante o horario escolar sen previo acordo.

- Os nenos/as non deben traer ó centro obxectos de valor ou que poidan resultar perigosos.

4. A lingua.:

- A lingua utilizada será a lingua materna predominante entre os nenos/as e coidarase que adquiran o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia. Como norma xeral de funcionamento tratarase de potenciar a lingua galega, que será tamén a do normal funcionamento do centro. Por lingua predominante enténdese o galego.

- Non obstante, atenderase de xeito individualizado a aqueles nenos/as do grupo que non teñan coñecemento suficiente da lingua materna predominante.

5. Fomento da igualdade dos nenos/as:

- O PAI programará actividades para promover a igualdade entre os nenos/as e evitar os comportamentos e as actividades discriminatorias por razón de sexo.

- O PAI poñerá especial coidado en revisar aqueles materiais e ilustracións que se utilicen como instrumentos de traballo.

- O PAI utilizará unha linguaxe non sexista nin discriminatoria, tanto na atención os usuarios/as, como en toda a documentación interna e/ou externa.

- O PAI prestará especial atención ao fomento da interculturalidade como instrumento de superación das desigualdades, inxustizas, prexuízos e racismo.

Artigo 21. Participación e relación cos pais/nais, titores/titoras ou responsables legais.

A dirección poñerá en coñecemento dos pais, nais, titores/ras ou representantes legais de cada neno/a información sobre a súa evolución integral.

Os pais, nais, titores/as ou representantes legais dos nenos/as poderán solicitar reunión coa dirección de conformidade co horario establecido para tal fin, sempre e cando non dificulte a boa marcha do PAI.

Realizaranse dúas reunións xerais coincidindo co inicio e remate do curso, onde deberán estar presentes os pais, nais, titores/ras ou representantes legais, así como o persoal do centro. Ó comezo do curso farase unha reunión individual con cada pai, nai, titor/ra ou representante legal para obter a maior información posible sobre o neno/a (alerxias, enfermidades, hábitos de alimentación, etc.…).

CAPÍTULO VII. Réxime económico.

Artigo 22. Pagamento.

O pagamento das tarifas regulado pola ordenanza fiscal correspondente será mensual e deberanas aboar os interesados/as nos 10 primeiros días de cada mes.

No caso en que o ingreso no centro se produza con posterioridade o día primeiro do mes, a cuota correspondente a dito mes se aboará nos dez (10) días seguintes a fecha de ingreso

Artigo 23. Aplicación de tarifas.

A utilización do PAI do Concello de Cabanas conlevará o pagamento en concepto de asistencial infantil (estancia).

Non se aboará a tarifa que corresponda ó mes de vacacións.

Se por calquera motivo o centro tivera que permanecer pechado durante un período superior a quince días, contando co correspondente permiso da Secretaría Xeral, non se aboará a tarifa en relación a ese período.

A non asistencia do usuario/a durante un período determinado non supón reducción da tarifa.

A non asistencia do usuario/a o centro durante un período determinado non supón reducción ningunha, nin extinción da tarifa mentres non se formalice a baixa correspondente.

A solicitude da suspensión da cota xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante a Comisión de coordinación, control e baremación, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.

A ampliación de horario levará consigo o abono da diferencia da tarifa mensual.

CAPÍTULO VIII. Normas sobre infraestructura do centro.

Artigo 24. Plan de prevención de riscos.

O PAI elaborará un Plan de prevención de risco, emerxencia e saúde, baseado na normativa vixente co asesoramento técnico dunha empresa, especialista na materia, que se complementará con medidas a adoptar nos casos de emerxencia.

Este Plan garantirá unha metodoloxía preventiva fundamentalmente, que manterá dispositivos contrastados e activados periodicamente para comprobar a súa operatividade.

Artigo 25. Outras esixencias.

Ademais o centro contará con:

- Unha póliza de responsabilidade civil e de accidentes.
- Un libro de reclamacións a disposición dos usuarios/as.
- Un proxecto educativo que está a disposición dos pais/nais, titores/as ou representantes legais.
- Un libro de rexistro de usuarios.
- Un expediente individualizado para cada un dos menores matriculados no centro.

Disposición adicional.

Este regulamento completarase ca ordenanza fiscal reguladora de tarifas do PAI que será aprobada por acordo plenario do Concello de Cabanas.

Facúltase ó Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Cabanas a dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento do presente regulamento.

Disposición final.

Este regulamento aprobado polo pleno da Corporación en data 8 de xuño de 2010, entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e permanecerá en vigor ata que acorde a súa modificación ou derrogación.

Cabanas, 24 de agosto de 2010.

O Alcalde.

Asdo. Germán Castrillón Permuy.

2010/12529

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Avocación de competencias.

Esta Alcaldía, con data do día 20 de agosto de 2010, ditou a Resolución que se transcribe a continuación:

"Dona Carmen Tato Lago, quinta tenente de alcalde, atoparase ausente do termo municipal dende o día 23 ao 27 de agosto do ano 2010, ambos os dous incluídos, segundo o seu escrito rexistrado de entrada o día 20 de agosto de 2010 co número 12.318.

Por Resolución de Alcaldía número 224/2010, de data 29 de xaneiro, de delegación de atribucións da Alcaldía nos membros da Xunta de Goberno Local, conferiuse a delegación xenérica da área de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior a prol da quinta tenente de alcalde dona Carmen Tato Lago.

De conformidade co establecido no artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e artigo 50.3 do Regulamento orgánico municipal, respecto da avocación de asuntos, resolvo:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Carmen Tato Lago dende o día 23 ao 27 de agosto do ano 2010, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 29 de xaneiro de 2010.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar."

Cambre, 20 de agosto de 2010

O alcalde en funcións

Henrique Xabier Iglesias Oviedo

2010/12507

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEDEIRA

Anuncio de delegación das funcións de Alcaldía

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto :DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ALCALDÍA

Data decreto: 23/08/2010

Núm. Decreto: 544

Tendo previsto ausentarme do termo municipal os días 24, 25, 26 e 27 de agosto de 2010, e de conformidade co disposto no artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e no artigo 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar as funcións de Alcaldía, os días 24 e 25 de agosto de 2010, no 2º tenente de alcalde, D. Xermán Tobío Padín, e os días 26 e 27 de agosto de 2010 no 1º tenente de alcalde, D. Alfredo Del Río López, a fin de que substitúan na totalidade das citadas funcións.

Segundo.- Notificar a presente Resolución aos interesados, así como publicala no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia; e dar conta ao Pleno da Corporación.

Así o ordena e dispón o Sr. Alcalde, do que eu, Secretaria Acctal., dou fe.

Cedeira, 23/08/2010

O Alcalde, A Secretaria Acctal.,

Asdo. José Luis Vergara Rey Asdo. Mª del Mar Antón Brage

2010/12505

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Solicitude de licenza de apertura dun local para adicalo a comercio polo miudo de productos de bazar

ANUNCIO

Téndose solicitado deste Concello por don Feilong Zhang, con NIE X2721736P, a licenza de obras e licenza de actividade e apertura para o acondicionamento dun local comercial para adicalo a comercio polo miúdo de produtos de bazar, a emprazar na Rúa Estatuto de Autonomía de Galicia, nº 24-26, de Cee, en cumprimento do disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese o devandito expediente ao trámite de información pública por un período de vinte días a partir da publicación do último anuncio, ben no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ou no Diario Oficial de Galicia, co fin de que poida examinarse o expediente nas oficinas municipais polas persoas que se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e poidan alegar o que consideren oportuno.

Cee, 30 de xullo de 2010

O alcalde,

Ramón Vigo Sambade

2010/12454

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CERDIDO

Modificación da Ordenanza fiscal e regualdora do servizo de axuda no fogar

ANUNCIO

Unha vez rematado o periodo de información pública no expediente de moficacion da ordenanza fiscal e reguladora do servizo de axuda no fogar , compre publicar o texto integro da modificacion segun establece o artigo 17,4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo , polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais .

Atendendo a proposta realizada polo Traballador Social do Concello sobre as modificacións a realizar na ordenanza reguladora e fiscal da prestación do servizo de axuda no fogar, publicada no BOP DO 21/07/2009 e ante as recomendacións do Servizo de Inspeccións de servizos comunitarios e inclusión Social da Consellería de Traballo e Benestar e o disposto na Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar publicada no DOG de 2/2/2009 e o abeiro do disposto no artigos 4 e 84 da Lei 7/1985 de bases de réxime local e o disposto nos artigos 16 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Local, ó Pleno do Concello de Cerdido acordou :

Primeiro: Modificar os seguintes artigos:

1. a.- No artigo 3º punto 4) debe suprimirse o seguinte parágrafo: “Neste sentido quedan explicitamente excluídas as tarefas de tipo puntual e extraordinario (como limpeza de altos, limpeza xeral, limpeza de zonas comunitarias, etc...)

1.b. No artigo 10º punto 1) debe incluírse: Garantirá unha supervisión do servizo sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses.

1.c.- No artigo 15º debe suprimirse: o seguinte parágrafo: “a auxiliar non debe facer traballos a outros membros familiares distintos dos/as beneficiarios/as, aínda que convivan na mesma casa. Se se trata de persoas maiores ou incapacitadas, estudarase o caso desde o departamento de servizos sociais do concello de Cerdido”.

1.d - No artigo 21.2 debe dicir: “En ningún caso a contribución económica da persoa usuaria poderá ser superior ó 65% do custo efectivo que o servizo prestado teña para a entidade local titular do mesmo.

1.e- No artigo 21.3 debe dicir: “Para o resto dos supostos o concello de Cerdido establece o seguinte copagamento do servizo, que deberá respectar en todo caso a seguinte escala: a) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 100% pero que non exceda do 150% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un 10% do custo do servizo. b) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 150% pero que non exceda do o 300% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un 20% do custo do servizo. c) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 300% pero que non exceda do 500% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un 60% do custo do servizo. d) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 500% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un 65% do custo do servizo**Segundo**:Iniciar un período de información pública no Taboleiro de anuncios do ncello e no BOP, por un período de trinta dias, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes.

Cerdido, 23 de agosto de 2010

Asdo.Ana Rodríguez Montero

2010/12499

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Facenda, Planificación, Interior e Servizos Sociais

Servizo de Interior. Contratación

Anuncio de procedemento aberto referencia As-41/2010

1. Entidade adxudicadora: Concello da Coruña. a) Dependencia: Departamento de Contratación. b) Número de expediente: As-41/2010.

2. Obxecto do contrato: mantemento e explotación das instalacións do forno crematorio do cemiterio municipal de Santa Cecilia de Feáns. Duración: catro anos prorrogables por outros dous.

3. Tramitación: ordinaria. Procedemento: aberto con diversos criterios de valoración.

4. Orzamento base da licitación: 116.584,47 € anuais(IVE incluido).

5. Garantía provisional: non se exixe.

6. Obtención de documentación: web municipal (Perfil del Contratante): www.coruna.es. Información: a) Teléfono: 981184219. b) Fax: 981184271. c) Correo electrónico: contratacion@aytolacoruna.es. d) Dirección: Plaza de María Pita, 1-2°.

7. Clasificación: O-1-b.

8. Presentación de proposicións: a) Prazo: Ata as 13:00 horas do día 23 de setembro de 2010. b) Documentación que hai que presentar: véxase prego de cláusulas administrativas particulares. c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral de Entrada.

9. Apertura de proposicións tecnicas e económicas: a) Lugar: véxase punto 6. b) Data e hora: publicarase no Perfil do Contratante e/ou Tablón de Anuncios de Contratación.

10. Outras informacións: o prego de cláusulas administrativas particulares exponse ao público para que poidan presentarse reclamacións por prazo de oito días contados a partir do seguinte ao deste anuncio.

11. Gastos de anuncios: a cargo do adxudicatario.

A Coruña, 13 de agosto de 2010.

O ALCALDE, P.D.

O Tte.Alcalde Delegado de Contratación

Asdo.: José Federico Nogueira Fernández.

2010/12375

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Facenda, Planificación, Interior e Servizos Sociais

Servizo de Interior. Contratación

Anuncio de procedemento aberto referencia As-46/2010

1. Entidade adxudicadora: Concello da Coruña. a) Dependencia: Departamento de Contratación. b) Número de expediente: As-46/2010.

2. Obxecto do contrato: mantemento integral da iluminación pública na zona norte da cidade. Duración: catro anos prorrogables por outros dous.

3. Tramitación: ordinaria. Procedemento: aberto con diversos criterios de valoración.

4. Orzamento base da licitación: 661.206,90 € anuais(IVE incluido).

5. Garantía provisional: non se exixe.

6. Obtención de documentación: web municipal (Perfil del Contratante): www.coruna.es. Información: a) Teléfono: 981184219. b) Fax: 981184271. c) Correo electrónico: contratacion@aytolacoruna.es. d) Dirección: Plaza de María Pita, 1-2°.

7. Clasificación: P-1-c.

8. Presentación de proposicións: a) Prazo: Ata as 13:00 horas do día 20 de setembro de 2010. b) Documentación que hai que presentar: véxase prego de cláusulas administrativas particulares. c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral de Entrada.

9. Apertura de proposicións tecnicas e económicas: a) Lugar: véxase punto 6. b) Data e hora: publicarase no Perfil do Contratante e/ou Tablón de Anuncios de Contratación.

10. Outras informacións: o prego de cláusulas administrativas particulares exponse ao público para que poidan presentarse reclamacións por prazo de oito días contados a partir do seguinte ao deste anuncio.

11. Gastos de anuncios: a cargo do adxudicatario.

A Coruña, 16 de agosto de 2010.

O ALCALDE, P.D.

O Tte.Alcalde Delegado de Contratación

Asdo.: José Federico Nogueira Fernández.

2010/12377

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Facenda, Planificación, Interior e Servizos Sociais

Servizo de Interior. Contratación

Anuncio de procedemento aberto referencia As-47/2010

1. Entidade adxudicadora: Concello da Coruña. a) Dependencia: Departamento de Contratación. b) Número de expediente: As-47/2010.

2. Obxecto do contrato: mantemento integral da iluminación pública na zona sur da cidade. Duración: catro anos prorrogables por outros dous.

3. Tramitación: ordinaria. Procedemento: aberto con diversos criterios de valoración.

4. Orzamento base da licitación: 661.206,90 € anuais(IVE incluido).

5. Garantía provisional: non se exixe.

6. Obtención de documentación: web municipal (Perfil del Contratante): www.coruna.es. Información: a) Teléfono: 981184219. b) Fax: 981184271. c) Correo electrónico: contratacion@aytolacoruna.es. d) Dirección: Plaza de María Pita, 1-2°.

7. Clasificación: P-1-c.

8. Presentación de proposicións: a) Prazo: Ata as 13:00 horas do día 20 de setembro de 2010. b) Documentación que hai que presentar: véxase prego de cláusulas administrativas particulares. c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral de Entrada.

9. Apertura de proposicións tecnicas e económicas: a) Lugar: véxase punto 6. b) Data e hora: publicarase no Perfil do Contratante e/ou Tablón de Anuncios de Contratación.

10. Outras informacións: o prego de cláusulas administrativas particulares exponse ao público para que poidan presentarse reclamacións por prazo de oito días contados a partir do seguinte ao deste anuncio.

11. Gastos de anuncios: a cargo do adxudicatario.

A Coruña, 16 de agosto de 2010.

O ALCALDE, P.D.

O Tte.Alcalde Delegado de Contratación

Asdo.: José Federico Nogueira Fernández.

2010/12379

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Facenda, Planificación, Interior e Servizos Sociais

Servizo de Interior. Contratación

Anuncio de procedemento aberto referencia As-48/2010

1. Entidade adxudicadora: Concello da Coruña. a) Dependencia: Departamento de Contratación. b) Número de expediente: As-48/2010.

2. Obxecto do contrato: mantemento integral das fontes ornamentais, estanques e caídas de auga. Duración: catro anos prorrogables por outros dous.

3. Tramitación: ordinaria. Procedemento: aberto con diversos criterios de valoración.

4. Orzamento base da licitación: 388.456,83 € anuais(IVE incluido).

5. Garantía provisional: non se exixe.

6. Obtención de documentación: web municipal (Perfil del Contratante): www.coruna.es. Información: a) Teléfono: 981184219. b) Fax: 981184271. c) Correo electrónico: contratacion@aytolacoruna.es. d) Dirección: Plaza de María Pita, 1-2°.

7. Clasificación: O-3-c.

8. Presentación de proposicións: a) Prazo: Ata as 13:00 horas do día 20 de setembro de 2010. b) Documentación que hai que presentar: véxase prego de cláusulas administrativas particulares. c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral de Entrada.

9. Apertura de proposicións tecnicas e económicas: a) Lugar: véxase punto 6. b) Data e hora: publicarase no Perfil do Contratante e/ou Tablón de Anuncios de Contratación.

10. Outras informacións: o prego de cláusulas administrativas particulares exponse ao público para que poidan presentarse reclamacións por prazo de oito días contados a partir do seguinte ao deste anuncio.

11. Gastos de anuncios: a cargo do adxudicatario.

A Coruña, 13 de agosto de 2010.

O ALCALDE, P.D.

O Tte.Alcalde Delegado de Contratación

Asdo.: José Federico Nogueira Fernández.

2010/12380

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Aperturas

Licencia

En esta Unidad se está tramitando el expediente número 544/1580/2007 para la concesión de la licencia de APERTURA de la siguiente

Actividad: INSTALACION UMTS EN ESTACION BASE

Situación: CALLE VIGIA, 16 CORUÑA (A)

Solicitante: FRANCE TELECOM ESPAÑA S A

DNI o CIF: A82009812

Expediente: 544/1580/2007

Lo que se hace público a fin de que quienes se consideren afectados por la actividad puedan examinarlo y deducir, en su caso, las alegaciones u observaciones que tengan por conveniente, durante el plazo de DIEZ (10) DÍAS, a contar desde el siguiente a la inserción de este edicto en el B.O.P.

A Coruña, a 16 de agosto de 2010

EL DIRECTOR DE URBANISMO,

Fdo.: Alfredo Cerezales Fernández.

2010/12420

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FISTERRA

Contrato administrativo

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o dia 19 de agosto de 2010 adoptou acordo de adxudicar provisionalmente o seguinte contrato da obra Incluida dentro do Convenio formalizado coa Excma Deputación Provincial ano 2010:

Empresa / CIF	Domicilio social
CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L., / B 15209794	Lg/ Senande 170 .- 15124.-MUXIA

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	IVE	TOTAL
Instalación césped artificial no Campo de Fútbol Ara Solis	291.637,93 €	52.494,83 €	344.132,76 €

Todo iso os efectos do previsto no Artigo 135 da Lei 7/2007 de 30 de Outubro de Contratos do Sector Público.

Fisterra, 20 de agosto de 2010.

O alcalde,

José Manuel Traba Fernández.

2010/12540

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MAÑÓN

Bases de selección e provisión praza de funcionario/a de carreira, denominación traballador/a social

Bases de selección e provisión praza de funcionario/a de carreira, denominación Traballador/a Social.

Aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 9 de agosto de 2010, procédese á publicación das Bases que rexerán a convocatoria para o acceso, polo procedemento de concurso-oposición libre da praza de traballador/a social do Concello de Mañón (A Coruña):

BASES DE SELECCIÓN E PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, DENOMINACIÓN TRABALLADOR/A SOCIAL, VACANTE NO CADRO DE PERSOAL DESTE CONCELLO (OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2008).

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a selección e provisión simultánea dun posto de traballo de persoal funcionario de carreira para cubrir o posto de traballo vacante de Traballador/a Social do Concello de Mañón, polo procedemento de concurso-oposición libre, do Grupo A, subgrupo A2 dos establecidos no artigo 76 e disposición transitoria 3ª da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, Subescala Técnica, denominación Traballador/a Social, prevista no cadro de persoal aprobado co Orzamento en Sesión do Pleno do Concello de data 9 de xullo de 2008.

Segunda.- Lexislación aplicable.

O proceso selectivo rexerase polo establecido nas seguintes normas:

A) Lei 7/2007 do 12 de abril do Estatuto da Función Pública.

B) Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

C) Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril no Texto Refundido nas disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

D) Lei 30/1984 de 2 de agosto de Medidas para a reforma da Función Pública.

E) Real Decreto 896/1991 de 7 de xuño polo que se establecen as Regras Básicas e Programas Mínimos de Procedemento de Selección dos Funcionarios da Administración Local.

F) Real Decreto 364/1995 do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral do Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración xeral do Estado.

G) Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

H) Lei 4/1988 do 26 de maio da Función Pública de Galicia, modificada pola Lei 13/2007 do 27 de xullo.

I) Lei 53/1984 do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servicio das Administracións Públicas.

J) Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico de Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Terceira.- Características do posto de traballo.

A praza convocada corresponde ó Grupo A, subgrupo A2 segundo o establecido no artigo 76 e disposición Transitoria 3ª da Lei 13/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, e está dotada conforme se establece no cadro de persoal, aprobado xunto co Orzamento Xeral para 2008. Encádrase na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica.

Os/as aspirantes que resulten nomeados/as para este posto de traballo quedarán sometidos, dende o momento da súa toma de posesión á Lei 53/1994 do 26 de decembro, quedando sometidos a incompatibilidade absoluta con calquera outra actividade pública ou privada.

Cuarta.- Requisitos dos/as aspirantes.

Para ser admitido/a á realización da proba selectiva, o/a aspirante deberá reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española, sen perxuizo do disposto no artigo 57 para o acceso dos nacionais doutros Estados a postos na Administración Pública.

b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumplidos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de laboral, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

e) Posuír o título de Diplomado Universitario en Traballo Social.

f) Estar colexiado/a no Colexio Oficial de diplomados en Traballo Social.

Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da toma de posesión como Funcionario/a de carreira do Concello de Mañón.

Quinta.- Exercizos da oposición.

O procedemento de selección dos/as aspirantes será polo sistema de: Concurso-Oposición Libre. A puntuación máxima no proceso de selección será de 100 puntos, dos cales un 40% (40 puntos) asígnanse á fase de concurso e un 60% (60 puntos) a fase de oposición libre.

Tras a publicación no BOP das presentes bases, e unha vez iniciadas as probas, a publicación dos sucesivos anuncios para a celebración das probas restantes, así como a listaxe dos aspirantes aprobados en cada exercicio, efectuaranse igualmente no Taboleiro de Edictos da Casa Consistorial.

O Tribunal poderá requirir ós/ás aspirantes, en calquera momento durante a realización dalgún dos exercicios ou probas, que acrediten a súa identidade, para o que deberán estar provistos do DNI ou documentación identificativa análoga (permiso de conducir ou pasaporte).

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do Tribunal que algún ou algunha dos/as aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído da mesma previa audiencia do/a interesado/a, comunicandollo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

Os exercizos da fase de oposición libre, serán de carácter obrigatorio e eliminatorio, exceptuando o cuarto exercicio, de carácter obrigatorio e non eliminatorio.

a) Fase de concurso:

A fase de concurso, que será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio, nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición libre.

Para o concurso acompañarase unha relación circunstancial dos méritos que se aleguen, xunto cos documentos acreditativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas), xa que non se tomarán en consideración nin serán avaliados aqueles que non queden acreditados no prazo de presentación de instancias.

Nesa fase de concurso avaliaranse os méritos do xeito que se reflicte de seguido:

Valorarase a experiencia profesional, a formación académica e outros méritos cun máximo de 40 puntos, segundo o seguinte baremo:

I. Eperiencia profesional: Os méritos de experiencia profesional valoráranse cun máximo de 22,50 puntos, de acordo co seguinte baremo:

I.1. Por cada mes completo de servicio prestado no Concello de Mañón, nun posto de traballo relacionado coa praza obxecto da convocatoria mediante relación laboral ou funcional: 0,15 puntos por cada mes de servizo prestado.

I.2. Por cada mes completo de servizo prestado noutra administración pública nun posto de traballo relacionado coa praza obxecto da convocatoria mediante relación laboral ou funcional: 0,08 puntos por cada mes de servicio prestado.

II. Outros méritos.

II.1. Cursos de Formación. Os méritos de formación valoraranse cun máximo de 4,00 puntos, de acordo co seguinte baremo:

Cursos ou xornadas expedidos ou homologados por organismos oficiais e relacionados directamente co posto de traballo convocado (ata un máximo de 4 puntos):

De 10 a 19 horas: 0,25 por curso, ata un máximo de 1,5 puntos.

De 20 a 40 horas: 0,50 por curso, ata un máximo de 1,5 puntos.

De máis de 40 horas: 1 por curso, máximo 1 punto.

En todo caso no titulo ou certificado acreditativo da relación do curso ou xornada deberá constar o número de horas de duración ou os créditos. En caso contrario, non será admitido como mérito.

II.2. Por coñecemento da lingua galega (debidamente acreditado por certificados emitidos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria-Dirección Xeral de Política Lingüística).

Certificado de lingua galega 3 (CELGA 3) ou curso de iniciación de galego: 1 punto.

Certificado de lingua galega 4 (CELGA 4) ou curso de perfeccionamento de galego: 2 puntos.

No caso de ter os dous cursos, só se puntuará o de nivel máis alto.

II.3. Pola coordinación e dirección do servizo de axuda no fogar en concellos: 0,25 puntos por ano, ata un máximo de 3 puntos.

II.4 Pola implantación, do servizo de teleasistencia domiciliaria en concellos: 1,5 puntos.

II.5. Pola formación en materia informática (só se admitirán diplomas ou certificados expedidos por organismos oficiais):

Polo curso de sistema de información de usuarios de servizos sociais (SIUSS): 0,75 puntos.

Polo curso relacionado con novas tecnoloxías: Internet e Correo Electrónico: 0,75 puntos.

II.6. Pola participación na elaboración, difusión e implantación do Plan de Igualdade en concellos: 1,5 puntos.

II.7. Pola participación, colaboración, difusión e implantación de Proxectos Sociais subvencionados con Fondos Europeos: 1 punto por proxecto, ata un máximo de 3 puntos.

II.8. Por outras titulacións universitarias con grado de diplomatura: 1 punto por titulación, máximo 1 punto.

Os méritos valoraranse con referencia á data en que remate a presentación de instancias e acreditaranse no momento de formalizar a solicitude de participación, presentando documentación orixinal ou fotocopias compulsadas.

Antes da fase de oposición libre procederase á publicación no taboleiro do edictos da Casa Consistorial da puntuación asignada ós aspirantes no concurso xunto coa relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, a composición final do Tribunal cualificador e o lugar, día e hora de comezo das probas selectivas da fase da oposición libre.

b) Fase de oposición:

A fase de oposición constará de catro exercicios, dos cales:

- O primeiro, o segundo e o terceiro serán de carácter obrigatorio e eliminatorio.

- O cuarto será de carácter obrigatorio e non eliminatorio.

PRIMEIRO EXERCIZO.- Consistirá en responder a un cuestionario de 40 preguntas tipo test, con respostas múltiples, sendo só unha delas a correcta, durante o período máximo de unha hora e media, a elixir por sorteo entre os dous propostos polo Tribunal, relacionados cos contidos da primeira parte do Programa (Materias Xerais).

Neste exercizo valorarase a resposta correcta con 0,4 puntos, debendo acadar a puntuación mínima de 8 puntos.

SEGUNDO EXERCIZO.- Consistirá en responder a un cuestionario de 70 preguntas tipo test, con respostas múltiples, sendo só unha delas a correcta, durante un período máximo de duas horas, a elixir por sorteo entre os dous propostos polo Tribunal, relacionados cos contados da segunda parte do Programa (Materias Específicas).

Neste exercizo valorarase a resposta correcta con 0,4 puntos, debendo acadar a puntuación mínima de 14 puntos para superar o exercizo.

TERCEIRO EXERCIZO.- Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período de unha hora e media un proxecto social sobre un suposto práctico que plantexará o Tribunal antes do comezo do exercizo, e que estará relacionado coas funcións asignadas ó posto de traballo. A estes efectos, o Tribunal confeccionará dous supostos prácticos, de entre os cales o aspirante escollera un.

Durante a realización deste terceiro exercizo, os/as aspirantes poderán facer uso da bibliografía coa que acudan provistos.

O Tribunal poderá pedir ó/á aspirante cantas aclaracións verbais estime necesarias para a xustificación da solución proposta.

Neste exercizo, ademais dos coñecementos teóricos, valorarase a capacidade de síntese e a claridade expositiva.

CUARTO EXERCIZO.- Coñecemento da lingua galega.

Consistirá na traducción directa ou inversa dun texto en galego ou castelán. A duración do exercizo será de trinta minutos e será calificado de apto ou non apto.

Desta proba quedaran exentos os/as aspirantes que acrediten posuir o CELGA 4 ou o curso de perfeccionamento de galego.

Ao remate de cada sesión farase pública no Taboleiro de Edictos do concello a lista de aprobados.

Sexta.- Cualificación dos exercizos.

A cualificación total ou global do proceso selectivo será o resultado da suma dos puntos obtidos na fase de concurso (con un máximo de 40 puntos) e na fase de oposición libre (con un máximo de 60 puntos).

A fase de concurso, que será previa á da oposición libre, non terá carácter eliminatorio, nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición libre.

Para os efectos de establecer a orde definitiva de aspirantes, os puntos obtidos en cada exercizo da fase de oposición libre por cada aspirante que vaia superando ó mínimo establecido para superar o mesmo, iranse sumando. En ningún caso poderán aplicarse os puntos dun exercizo para superar os exercizos posteriores, posto que todos teñen carácter eliminatorio, a excepción do cuarto exercizo.

Finalmente, unicamente se considerará como aprobado/a o/a aspirante que acade a maior puntuación na suma global de todo o proceso selectivo incluída a fase de concurso.

A cualificación máxima que pode acadarse na fase de oposición libre será de 60 puntos. Os exercizos da fase de oposición libre puntuaranse do seguinte xeito:

- Exercizo 1, de carácter eliminatorio: de 0 a 16 puntos. A puntuación necesaria para superar a proba será de 8 puntos.

- Exercizo 2, de carácter eliminatorio: de 0 a 28 puntos. A puntuación necesaria para superar a proba será de 14 puntos.

- Exercizo 3, de carácter eliminatorio: de 0 a 16 puntos. A puntuación necesaria para superar a proba será de 8 puntos.

- O exercizo de coñecemento da lingua galega, será cualificado de apto ou non apto.

A cualificación da fase de concurso e a de cada exercizo da fase de oposición, farase pública no taboleiro de edictos do Concello, constando unicamente a cualificación dos aspirantes que superen o exercizo correspondente (na fase de oposición libre), así como o chamamento para o seguinte exercizo (lugar, data e hora).

O Tribunal poderá acordar a lectura de calquera dos exercizos da fase de oposición libre, se así o estima convinte.

Sétima.- Relación de aprobados, presentación de documentos, nomeamento e toma de posesión.

Rematada a cualificación publicarase no Taboleiro de Edictos do concello, o nome do/a aspirante aprobado/a, coa puntuación total obtida na fase de concurso mais na fase de oposición (en cada un dos exercizos).

En ningún caso, o número de aprobados poderá superar o de postos de traballo convocados. Calquera proposta que contraveña o establecido será nula de pleno dereito. Asemade e se os/as aspirantes non superasen as probas establecidas, o Tribunal poderá declarar deserto o posto de traballo convocado.

Simultáneamente a súa publicación, o Tribunal elevará a proposta á Alcaldía-Presidencia para que se dicte o correspondente nomeamento.

O/a aspirante proposto/a presentará na Secretaría do Concello, dentro do prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación no Taboleiro de Edictos do concello, os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos nesta convocatoria:

1. Copia autenticada ou copia (que deberá presentarse acompañada de original, para a súa compulsa) do titulo esixido nesta convocatoria ou xustificante de ter abonado os dereitos para a súa expedición. Se estes documentos estivesen expedidos despois da data na que finalizou o prazo de presentación de instancias, deberá xustificar o momento no que remataron os estudos. O/a que tivera xa a condición de laboral público de carreira estará exento de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, tendo, neste caso, que presentar certificación da Administración Pública da que dependa que acredite a súa condición e cantas circunstancias consten no seu expediente persoal.

2. Certificado acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercizo das funcións propias da categoría á que se accede, expedido por un colexiado en exercizo. O/a aspirante que fixera valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificación expedida polo órgano competente que acredite a condición, así como a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

3. Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercizo de funcións públicas, nin incurso en causa de incompatibilidade prevista na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades das Administracións Públicas.

4. Xustificación de estar colexiado/a como Traballador/a Social.

Se dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non se presentara a documentación ou non se ruenisen os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, perdendo todos os dereitos derivados da convocatoria, sen perxuizo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade na instancia solicitando tomar parte na convocatoria.

Unha vez aprobada a proposta e dictada a resolución de nomeamento como Funcionario/a de carreira do Concello de Mañón, por Decreto da Alcaldía-Presidencia, o/a aspirante deberá tomar posesión no prazo de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da notificación do nomeamento.

Para a toma de posesión, o/a interesado/a comparecerá, nos días que se sinalen, en horario de 9 da mañá a 2 da tarde en cuxo momento e como requisito previo á extensión da dilixencia que a constate, deberá prestar o xuramento ou promesa que corresponda, conforme ao modelo establecido no Decreto 707/1979, de 5 de abril.

Oitava.- Solicitudes. Lugar e prazo de presentación de instancias.

As instancias, conforme ó modelo sinalado no Anexo II, solicitando tomar parte no concurso-oposición deberán conter os datos persoais dos solicitantes e manifestación de que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na convocatoria, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación de instancias, aportando o recibo acreditativo de ter satisfeito os dereitos de exame, copia do DNI e dúas fotografías tamaño carné. Dirixiranse ao Alcalde-Presidente do Concello de Mañón (A Coruña) e presentaranse no Rexistro Xeral do concello, sito na Praza do Mesón, nº 1. O Barqueiro. 15337. Mañón, en horario de 9:00 a 14:00 horas; ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Adminsitracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, dentro do prazo de VINTE DÍAS NATURAIS, contados a partir do día seguinte ó da publicación de extracto do anuncio da convocatoria no "Boletín Oficial do Estado".

Os/as aspirantes quedan vinculados/as ós datos que fixeran constar nas súas solicitudes.

Novena.- Dereitos de exame.

Os dereitos de exame serán de 100,00 euros, importe que se poderá facer efectivo na Tesourería Municipal, en horas de oficina, ou mediante ingreso na conta bancaria municipal 0182-1070-18-0000003119, co seguinte concepto: "Concello de Mañón, Concurso-Oposición libre do posto de traballo: Traballador/a Social".

De conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, procederá a devolución das taxas que se tiveran esixido, cando non se realice o seu feito impoñible por causas non imputables ao suxeito pasivo. Por tanto, non procederá devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ao interesado, polo que o suposto de exclusión por non cumprir os requisitos ou non aportar os documentos esixibles na convocatoria non dará lugar á devolución dos dereitos de exame.

Décima.- Listaxe de Admitidos e Excluídos.

Expirado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde-Presidente dictará resolución no prazo máximo de un mes, declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do concello, e conterá, ademais do lugar, data e hora de comezo da primeira proba da fase da oposición, como Anexo único a relación nominal de aspirantes admitidos e excluídos, co seu correspondente Documento Nacional de Identidade, e indicación das causas da súa exclusión, así como o lugar no que se atopen expostas ó público as listas certificadas e completas de aspirantes de admitidos e excluídos. O prazo de subsanación dos defectos, dacordo co establecido no art. 71.1 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común será de dez días, que contan dende o seguinte ao de publicación da resolución.

Transcorrido o prazo, as reclamacións, no caso de presentarse, que serán aceptadas ou rexeitadas mediante Decreto da Alcaldía-Presidencia, que se publicará no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

Os erros de feito que pudieran advertirse poderán emendarse en calquera momento de oficio ou a petición do interesado/a, dacordo co disposto no artigo 105.2 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A publicación da resolución pola que se declara aprobada a listaxe de admitidos e excluídos no Boletín Oficial da Provincia será determinante dos prazos aos efectos de posibles impugnacións ou recursos.

Undécima.- Tribunal cualificador. Composición e funcionamento.

O Tribunal cualificador do proceso selectivo designarase de conformidade co disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e estará composto polos seguintes membros:

Presidente/a: Funcionario/a con habilitación de carácter nacional que se desgine xunto co seu suplente.

Vocais: Tres vocais designados/as pola Alcaldía-Presidencia xunto cos seus suplentes, que deberán estar en posesión do mesmo título ou superior ó esixido para a praza.

Secretario/a: O da corporación ou funcionario en quen se delegue.

O/A Secretario/a ten voz, pero non dereito a voto.

O Tribunal quedará integrado, ademais, polos suplentes respectivos, que simultaneamente cos titulares, terán que designarse por quen nomee ós/ás membros titulares.

Na súa composición velarase polo cumprimento do principio de especialidade, en base ao que, a totalidade dos membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido na presente convocatoria; así como polo cumprimento do principio de predominancia técnica, e de profesionalidade, de modo que a maior parte dos membros do tribunal deben contar coa titulación de Traballador Social.

Cando o procedemento selectivo, por dificultades técnicas ou de outra índole así o aconsellase, o Tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación ao mesmo, con carácter temporal, doutro persoal municipal, de outras Administracións Públicas ou do sector privado que colaborará, exclusivamente, no exercizo das súas especialidades técnicas no desenvolvemento dos procesos de selección e baixo a dirección do indicado Tribunal.

A designación dos membros do Tribunal por Decreto da Alcaldía-Presidencia incluirá a dos seus respectivos suplentes farase pública no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do concello.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo, do/a Presidente e do/a Secretario/a ou dos/as que os/as sustitúan, e de cómo mínimo un dos/as vocais.

O Tribunal actuará estrictamente conforme ao previsto nestas bases, resolverá todas as dúbidas que xurdan da aplicación das mesmas e determinará a actuación procedente nos casos non previstos nelas.

De cada sesión que se celebre polo Tribunal, o/a Secretario/a levantara acta, onde se farán constar as cualificacións dos exercizos dos/as aspirantes, así como as incidencias que se produzan.

Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles calquera das circunstancias previstas no art. 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común ou do artigo 13.2 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo.

Os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando xulguen que concurren neles algunha ou varias das circunstancias sinaladas no parágrafo anterior, de conformidade co procedemento establecido no artigo 29 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O Tribunal Cualificador que actúe nesta proba selectiva terá categoría primeira, conforme ao establecido no artigo 30.1 a) do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio.

O Tribunal continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións xurdidas ou as dúbidas que poida suscitar o procedemento selectivo.

Duodécima.- Comezo e desenvolvemento das probas selectivas

O Programa que rexerá a proba selectiva é o que se publica como Anexo I a estas Bases.

A data, hora e lugar de celebración do primeiro exercizo das probas selectivas darase a coñecer, xunto coa publicación da lista de admitidos e excluídos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello.

Unha vez comezadas as probas selectivas non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios de celebración das restantes probas nos diarios oficiais. Non obstante, polo Tribunal darase publicidade no Taboleiro de Edictos do Concello de Mañón con doce horas como mínimo de antelación ao comezo desta, se se trata do mesmo exercizo, ou de 24 horas se se trata dun novo.

No suposto de que, por circunstancias excepcionais se tivera que modificar, a data ou a hora de celebración do primeiro exercizo, farase público a través do Boletín Oficial da Provincia.

O Tribunal poderá requerir en calquera momento ós aspirantes que acrediten a súa identidade, a cuxo fin deberán estar provistos do Documento Nacional de Identidade.

Os/as aspirantes serán convocados/as para cada exercizo en chamamento único. Salvo casos de forza maior invocados con anterioridade, debidamente xustificados e apreciados polo Tribunal con absoluta liberdade de criterios, a non presentación dun aspirante a calquera dos exercizos, no momento de ser chamado, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo e nos sucesivos, quedando excluído, en consecuencia, do procedemento selectivo.

Dende a total conclusión dun exercizo ou proba ata o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días hábiles.

Na realización dos exercizos escritos garantirase, salvo que sexa imposible, o anonimato dos aspirantes.

O Tribunal establecerá, a solicitude do/a interesado/a, o tempo e medios de realización dos exercizos dos aspirantes discapacitados, de forma que gocen de igualdade de oportunidades que os demais participantes.

Se en calquera momento do procedemento, chegase a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes carece dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído da mesma, previa audiencia do propio interesado, dando conta, no seu caso, á xurisdicción ordinaria.

Decimotercera.- Recursos

Os actos que poñan fin ao procedemento selectivo deberán ser motivados. A motivación dos actos do Tribunal estará referida ao cumprimento das normas legais e regulamentarias e das bases da convocatoria.

As resolucións do Tribunal vinculan ao Concello de Mañón, sen perxuizo de que esta poida proceder á revisión conforme o previsto nos artigos 102 e seguintes da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos se deriven dos mesmos e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, así como, no seu caso, pola Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

ANEXO I

PARTE XERAL

Tema 1. O concepto de Constitución. A Constitución como norma xurídica. A Constitución Española de 1978. Principios informadores. Estructura. A reforma constitucional.

Tema 2. Os dereitos fundamentais: evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais da Constitución Española. Garantía e tutela. A participación social na actividade do Estado.

Tema 3. A Coroa e as súas funcións constitucionais.

Tema 4. As Cortes Xerais. O Congreso dos Diputados e o Senado. Composición e funcións. Aspectos básicos do proceso de elaboración e aprobación das leis. O Tribunal de Contas. O Defensor do Pobo.

Tema 5. A Lei. Concepto e clases. Disposicións do Executivo con forza de lei: Decretos-Lei e Decretos Lexislativos.

Tema 6. O acto administrativo: concepto e clases. Elementos do acto: suxeto, obxeto, causa, fin e forma. Eficacia y executividade do acto administrativo. Nulidad, anulabilidad e derogación dos actos. Revocación e revisión de oficio.

Tema 7. O procedemento administrativo: concepto e natureza. A Lei de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común: ámbito de aplicación e principios informadores.

Tema 8. Fases do procedemento: iniciación, ordenación, instrucción e terminación. Especial referencia ó silencio administrativo.

Tema 9. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma. O Goberno da Comunidad Autónoma.

Tema 10. As administracións locais. O municipio. A provincia. Outras entidades locais. Especial referencia á comarca e a parroquia.

Tema 11. O persoal ó servizo das administracións locais. Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Tema 12. Dereitos e deberes dos funcionarios públicos.

PARTE ESPECÍFICA

Tema 1. A acción social. Concepto e etapas históricas. Política social. O estado de benestar.

Tema 2. Marco legal dos servizos sociais: Constitución española, O Estatuto de Autonomía de Galicia, a Lei de Bases de réximen local.

Tema 3. O Traballo Social, concepto, fundamentos e principios. Suxeitos e contido. Niveis de intervención no traballo social.

Tema 4. Proceso metodolóxico no Traballo Social. Investigación. Diagnostico. Planificación. Execución. Avaliación.

Tema 5. Técnicas de traballo social. Instrumentos de coñecemento, de intervención e de avaliación

Tema 6. A entrevista. Concepto. Características. Estructura e proceso da entrevista.

Tema 7. Ficha e Informe social. Definición e obxectivos.

Tema 8. O apoio informático nos servicios sociais. O sistema de Información de usuarios de servicios sociais. (SIUSS) e o manual de traballo, información e asesoramento en servicios sociais (MATIASS)

Tema 9. O Traballador social como membro dun equipo interdisciplinar. Fundamento, funcións e principios básicos

Tema 10. Código deontolóxico. Segredo profesional no traballo social. A protección de datos.

Tema 11. O sistema español de Seguridad Social. Lei protectora. Prestacións. Pensións contributivas e pensións non contributivas.

Tema 12. A Lei de Servicios Sociais de Galicia. O sistema de Servicios sociais. Estructura dos servicios sociais. Dereitos e deberes dos usuarios.

Tema 13. Os Servizos Sociais de Atención Primaria. Concepto. Principios que os inspiran e obxetivos. Competencias e organización. Equipamentos e prestacións básicas. Equipos técnicos.

Tema 14. O Plan Concertado para o desenvolvemento das Prestacións Básicas de Servizos Sociais nas Corporacións Locais. Concepto, programas e compromisos.

Tema 15. Financiamento dos Servicios Sociais. Prestacións, axudas e subvencións. As previsións de financiamento.

Tema 16. Estructuras e xestión orzamentaria no ámbito dos servicios sociais. Gastos e ingresos. Instrumentos para a xestión do orzamento: prezo público, tasas, ordenanza fiscal.

Tema 17. A Lei Galega de medidas básicas para a inserción social. Estructura e contido. Normas de desenvolvemento.

Tema 18. A Renda de Integración Social de Galicia. Definición. Requisitos. Proxecto de Inserción.

Tema 19. II Plan galego de Inclusión social. Obxectivos e áreas de actuación.

Tema 20. A cobertura de asistencia Sanitaria para as persoas sen recursos económicos suficientes, persoas en situación de desemprego e estranxeiras.

Tema 21. A prestación básica de información e orientación. Conceptualización e principias liñas de desenvolvemento.

Tema 22. Os servizos de atención domiciliaria. Marco Autonómico. Ordenanza Municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar.

Tema 23. Os Servizos Sociais especializados. Concepto. Competencias e organización. Referencias legais. Equipamentos.

Tema 24. Lei galega de familia, infancia e adolescencia. Obxecto, ámbto de aplicación e principios rectores.

Tema 25. Normativa reguladora de menores. Programas de actuación. Equipos do menor: composición, funcións e metodoloxía de intervención.

Tema 26. Os malos tratos na infancia. Definición. Tipoloxía. Situación de desamparo. O proceso de intervención ante o maltrato infantil. Prevención, detección e tratamento social. O papel dos servicios sociais de atención primaria.

Tema 27. O Traballo Social con familias e grupos. Normativa de apoio á conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras.

Tema 28. Políticas sociais actuais no sector da muller. Lei Galega para a Igualdade de mulleres e homes. O papel do traballador social nos servizos sociais de atención á muller en situación de necesidade.

Tema 29. A actuación dos Servizos Sociais municipais ante a problemática do maltrato á muller. Orde de protección das víctimas de violencia doméstica. Protocolo de actuación para a atención de mulleres que sofren violencia de xénero.

Tema 30. Persoas discapacitadas. Necesidades e recursos. Centros e servizos especializados, acollemento familiar e axuda a domicilio.

Tema 31. Regulación da Saúde Mental en Galicia. Obxectivos e directrices xerais. Intervención do Traballador social. Dispositivos básicos de saúde mental e funcións.

Tema 32. O papel do traballador social na acción integradora nos niveis laborais, educativo, de ocio e tempo libre das persoas con discapacidade.

Tema 33. A Lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas de Galicia. Estructura e contido

Tema 34. Recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade. Os equipos técnicos de valoración. Funcións. Beneficios do Certificado de minusvalía.

Tema 35. Servizo de Transporte Adaptado. Obxectivos. Persoas beneficiarias. Catálogo de prestacións do Servizo

Tema 36. Aspectos sociais do envellecemento. Necesidades sociais, programas, recursos e servizos de apoio.

Tema 37. Centros de persoas maiores. Requisitos e tipoloxía.

Tema 38. A Fundación Galega para a tutela de adultos

Tema 39. Programas e axudas aos galegos residentes no estranxeiro. Programas para emigrantes retornados. Características.

Tema 40. Lei galega sobre drogas. Estructura e contido. Alcoholismo. Factores psicosociais. Problemática sociolaboral e familiar. Intervención social dende os servicios sociais comunitarios. A Coordinación.

Tema 41. Minorías étnicas. Características e necesidades sociais. Recursos. Aspectos demográficos. A problemática específica das minorías étnicas e medidas para a integración social.

Tema 42. Asociacionismo e Voluntariado Social. Concepto, características e normativa que os regula.

Tema 43. Organizacións non gubernamentais. Concepto, tipos e financiamento.

Tema 44. Lei 39/2006, de 24 de decembro, de Promoción da Autonomia Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia.

Tema 45. Grados de dependencia e valoración. Financiación do sistema e Participación das persoas beneficiarias no custo dos servizos.

Tema 46. Criterios para a elaboración do Programa Individual de Atención. Intensidade de protección dos servizos. Réxime de compatibilidades dos servizos e das prestacións. Xestión das prestacións económicas do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 47. Catálogo de servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia. Libranzas do Sistema na Comunidade Autónoma de Galicia. Integración no Sistema Galego de Servicios Sociais.

Tema 48. O Programa de asignación de recursos. Prestacións de apoio e atención ás persoas en situación de dependencia no ámbito local.

ANEXO II.

Modelo de solicitude

D/Dna. ……

con DNI nº ……, con enderezo a efectos de notificación en ……

……, e teléfono nº ……,

EXPÓN:

Que enterado/a da convocatoria para a selección dun posto de traballo de Traballador/a Social polo sistema de Concurso-Oposición libre, publicada no BOE nº ……, de data ……, desexo participar en dita selección e con tal obxeto manifesto que:

1.- Reúno todos e cada un dos requisitos esixidos da convocatoria, referidos a data da finalización do prazo sinalado para a presentación da instancia, nas BASES que declaro coñecer.

2.- Comprométome no caso de obter o posto de traballo a prestar xuramento ou promesa de conformidade co Real Decreto 707/79, do 5 de abril.

Igualmente e para que a presente solicitude sexa admitida a trámite achego os seguintes documentos:

a) Copia compulsada do DNI.

b) Copia compulsada da titulación esixida.

c) Dúas fotografías tamaño carné.

d) Xustificante do pago da taxa.

e) Documentación xustificativa dos méritos a valorar na fase do concurso.

f) Xustificación de estar colexiado/a.

…… o ……, de …… de ……

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Mañón

Mañón, 16 de agosto de 2010.

O Alcalde-Presidente

Asdo. Alfonso Balseiro Gómez

2010/12460

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MESÍA

Aprobación inicial Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministro de interese xeral

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria do día 2 de agosto de 2010, adoptou o acordo de aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministro de interese xeral.

O que se fai público durante o prazo de 30 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que, de acordo co previsto nos artigos 17.1 e 17.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

En Mesía, a vinte e tres de agosto de dous mil dez.

O alcalde,

D. Mariano Iglesias Castro.

2010/12509

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MESÍA

Redución das retribucións a percibir polos cargos de dedicación exclusiva

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria do día 6 de xuño de 2010, adoptou o acordo de redución, con efectos 1 de xuño, das retribucións anuais dos cargos da Alcaldía e da Concellería de Cultura, Deportes, Muller e Xuventude, cargos que se desempeñan en réxime de dedicación exclusiva, nun 6% e nun 5%, respectivamente, quedando as retribucións anuais como, de seguido, se sinala:

-Alcaldía: 36.299,28 euros anuais

-Concellería de Cultura, Deportes, Muller e Xuventude: 21.777,23 euros anuais

O que se fai público de conformidade co establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En Mesía, a vinte e tres de agosto de dous mil dez.

O alcalde,

D. Mariano Iglesias Castro.

2010/12511

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MOECHE

Delegación competencias tributarias

EDICTO

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 20 de agosto de 2010, acordou delegar na Deputación Provincial da Coruña a xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utlilización privativa ou aproveitamentos espeiais constituidos no solo, subsolo e voo das vías públicas a favor das empresas explotadores de servizos de subministración de interese xeral. A xestión que poida ser obxecto de delegación, tanto pode afectar ao suposto xeral do asrtio 24 do Real decreto lexslativo 2/2004, de 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonia mobil

O que se expón o público por parzo de 30 días hábiles dende a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento e presentación de alegacións.

En Moeche a 20 de agosto de 2010

O Alcalde

Asdo. Julio Lopez Romeo

2010/12468

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MOECHE

Modificación bases de selección de persoal

ANUNCIO

O Pleno da Corporación, en sesion celebrada o día 20 de agosto de 2010, acordou proceder a modificación da base 10 das xerais reguladoras dos procesos selectivos correspondentes á oferta de emprego público do concello de Moeche do ano 2010, publicadas no BOP nº 107 de fecha 9 de junio de 2010 , que queda redactada da seguinte forma:

DÉCIMA.- Nomeamentos e toma de posesión .-

Cumpridos os requisitos precedentes o Presidente da Corporación efectuará o nomeamento dos/as aspirantes propostos/as, quen deberá tomar posesión no prazo de 1 MES a partir da publicación do nomeamento, quedando en situación de cesante con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria, cando, sen causa xustificada, non o fixesen dentro do prazo sinalado. Os/as aspirantes que obteñan o correspondente nomeamento están obrigados a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requerida polo interés do servicio, con horario de mañá ou de tarde, ou fraccionando o horario de ser preciso

O que se expon o público para xeral coñecemento

En Moeche a 23 de agosto de 2010

O Alcalde

Asdo. Julio Loepz Romeo

2010/12469

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MOECHE

Elección xuíz de paz titular e substituto

ELECCION PARA O CARGO DE XUIZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO DO XULGADO DE PAZ DE MOECHE

De conformidade co previsto nos artigos 99 e ss. da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, convócase selección para o cargo de xuíz de paz titular e substituto do Concello de Moeche.

Poderán participar na presente selección as persoas que reúnan os requisitos seguintes:

- Ser español.

- Ser maior de idade e menor de 65 anos.

- Non estar incurso nalgunhas das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei - Orgánica do Poder Xudicial.

- Estarán incapacitados para o exercicio do cargo de xuíz de paz:

- Os impedidos física ou psiquicamente para a función xudicial.

- Os condenados por delicto doloso mentres non obteñan a rehabilitación.

- Os procesados ou inculpados por delicto doloso, en tanto non sexan absoltos ou se dicte auto de sobresemento.

- Os que non estean no pleno exercicio dos seus dereitos civís.

Presentación de candidaturas.

Os interesados en optar ó cargo antedito deberán presenta-la súa solicitude no rexistro xeral do Concello, no prazo de quince días hábiles a partir da publicación do anuncio da convocatoria no BOP. Xunto coa solicitude achegarase a documentación seguinte:

- Certificado de nacemento ou fotocopia autentificada do DNI.

- Certificado do Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria de non estar inculpado ou procesado, conforme á Lei 68/1980.

- Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.

Elección e nomeamento.

A elección do xuíz de paz titular e sustituto será efectuada polo Pleno do Concello de Moeche mediante acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, entre as persoas que, reunindo os requisitos, o solicitasen.

Os candidatos propostos polo Concello serán nomeados xuíz de paz titular e substituto respectivamente pola sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza por un período de catro anos.

Moeche a 23 de agosto de 2010

O ALCALDE

Asdo. Julio Lopez Romeo

2010/12470

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MOECHE

Aprobación provisoira da supresión e creación de ficheros de datos de carácter persoal

EDICTO

O Pleno do Concello de Moeche, en sesión ordinaria, celebrada o dia 20 de agosto de 2010, acordou a supresión e creación de ficheiros de datos de carácter persoal, que se indican de seguido, en cumprimento do establecido no artígo 20 da lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal e no artigo 52 do seu Regulamento.

Supresión dos seguintes ficheiros

ALISTAMIENTOS

NÓMINA

PADRÓN

CONTABILIDADE

RENDAS

Creación dos seguintes ficheiros:

PADRÓN DE HABITANTES

REXISTRO

XESTIÓN ECONÓMICA

RENDAS E EXACCIONES

LICENZAS E AUTORIZACIÓNS

CONTRATACIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E SUMINISTROS

PERSOAL

DESENVOLVEMENTO LOCAL

ANIMAIS PERIGOSOS

PUNTO DE INFORMACION XUVENIL

SERVIZOS DEPORTIVOS

REXISTRO DE INTERESES DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

SERVIZOS SOCIAIS

O expediente sometese ó trámite de información pública e audiencia ós interesados polo prazo de trinta días hábiles, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Moeche a 23 de agosto de 2010.

O Alcalde,

Asdo.: Julio Lopez Romeo.

2010/12497

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Delegación de funcións da Alcaldía. Concello de Mugardos

ANUNCIO

DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DA ALCALDÍA R.A. 543/2010

O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Mugardos dictou, con data 20 de agosto do actual a resolución que de seguido se transcribe:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 543/2010.- Tendo que ausentarme do municipio por motivos persoais durante o periodo comprendido do 24 ao 30 de agosto de 2010, ámbolos dous inclusive, pola presente e de acordo co establecido no artigo 63 da Lei de administración local de Galicia e 47.1 e 2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar a totalidade das miñas funcións no 1º Teniente de Alcalde, D. José Antonio Bouza Rey, durante o periodo comprendido do 24 ao 30 de agosto de 2010, ámbolos dous inclusive.

Segundo.- Dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que éste celebre, e publíquese a mesma no B.O.P., sen prexuizo da súa efectividade dende a data da presente Resolución.

En Mugardos, a vinte de agosto de 2010.

O ALCALDE

Asdo. Xosé Fernández Barcia

2010/12451

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUXÍA

Bases selección postos oferta de emprego

ANUNCIO

Concello de Muxía.

Bases xerais da convocatoria para cobertura de postos de traballo vacantes no Concello de Muxía.

1.-Normas xerais.

O obxecto desta convocatoria é a provisión dos postos de traballo vacantes de funcionarios de carreira e persoal laboral incluídos na oferta de emprego 2010, segundo procedemento de selección que para cada un deles establecen as bases de convocatoria específica.

2.-Requisitos.

Para poder participar nas probas selectivas cómpre:

a) Ter nacionalidade española, sen prexuizo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007 para o acceso dos nacionais doutros estados a postos na Admón Pública.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación.

c) Ter o título esixido ou estar en condición de obtelo na data que remate o prazo de presentación de instancias. Os títulos requiridos para cada unha das prazas sinalaranse nas bases específicas de cada unha das convocatorias.

d) Non ter enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o desempeño das funcións correspondentes. As persoas con minusvalía deberán facelo constar na súa instancia, sinalando se precisan adaptación das probas. A condición de minusválido acreditarase por certificación da Delegación Provincial da ´Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

e) Non ter sito separado mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Os aspirantes que non posúan nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sancións disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan para cada unha das prazas, deberanse reunir con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e será nulo o nomeamento como funcionario de carreira/persoal laboral dos aspirantes que estean incursos en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

3.-Solicitudes.

3.1.- Os que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello directamente, ou a través dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídido das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prazo de presentación de instancias é de vinte días naturais a partir do seguinte ao da publicación da respectiva convocatoria no BOE.

Á instancia xuntarase fotocopia do DNI e xustificante de ter aboados na tesourería municipal os dereitos de exame que se fixan en 12€, ou xustificante do xiro postal ou telegráfico do seu pagamento. A falta de pagamento no indicado prazo de vinte días suporá a exclusión definitiva do aspirante, sen que no prazo de alegacións se permita emendar tal falta.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar unha fotocopia do documento que acredite a súa nacionalidade.

3.2.-Cando o procedemento de selección inclúa ou consista en concurso de méritos, os aspirantes deberán achegar inescusablemente á instancia unha relación dos que aleguen, e os documentos acreditativos ou fotocopias compulsadas de todos e cada un dos méritos alegados que sexan puntuables segundo as bases específicas que correspondan.

3.3.- Achegarase tamén copia compulsada do título académico esixido nas bases.

4.-Admisión de aspirantes.

4.1.-Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde-Presidente dictará, no prazo máximo dun mes, resolución pola que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no BOP e no taboleiro de

edictos da Casa do Concello. Na mesma resolución incluirase a composición do Tribunal e o lugar, hora e data de comezo dos exercicios.

4.2.-Os aspirantes disporán dun prazo de 10 días para emendas, nos termos do artigo 71 da Lei 30/1992.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Sr. Alcalde-Presidente ditará resolución definitiva que levará implícita a estimación ou desestimación das solicitudes de emenda, e que se publicará no taboleiro de edictos da Casa do Concello.

4.3.-O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoque. Cando da documentación que se debe presentar, no caso de superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivarse da súa participación no procedemento.

5.-Tribunais cualificadores.

5.1.-Os tribunais cualificadores dos procesos selectivos designaranse de conformidade co sinalado no artigo 60 da Lei 7/2007 de 12 e abril, e a súa composición farase pública de acordo co establecido no apartado anterior.

5.2.-Todos os membros do tribunal deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza ou prazas que se convoquen.

5.3.-O tribunal non se poderá constituír, nin actuar sen a presenza, cando menos, da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos que legalmente os substitúan.

5.4.-Os membros do tribunal deberanse abster de intervir, comunicándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da lei 30/1992 de 26 de novembro, ou estivesen preparando aspirantes ás probas nos 5 anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

5.5.-O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas, así como nos casos non previstos polas mesmas.

Tamén poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que xulgue oportunos, limitándose os asesores a prestar a colaboración nas súas especialidades técnicas.

5.6.-Os integrantes do tribunal terán dereito ó abono de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

6.-Desenvolvemento dos exercicios.

6.1.-Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, non sendo os casos debidamente xustificados, libremente apreciados polo tribunal. Os aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI.

6.2.-A actuación dos aspirantes naqueles exercicios que non poidan realizarse conxuntamente levarase a cabo por orde alfabética segundo a primeira letra do apelido, comezando pola letra que resulte do sorteo para o ano 2010 ao que se refire o artigo 9 do regulamento de selección do persoal da Comunidade Autónoma de Galicia de 20 de marzo de 1991.

6.3.-Unha vez comezadas as probas selectivas non será obrigatoria a publicación dos sucesivos exercicios no BOP, sendo suficiente coa súa exposición no taboleiro de edictos do Concello.

6.4.-Entre o final dunha proba e o comezo da seguinte deberán transcorrer un mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

6.5.-Os exercicios, tanto orais como escritos ou prácticos, realizaranse en lingua castelá ou galega. Os exercicios escritos poderán ser lidos públicamente se así o acordase o tribunal, podendo este dialogar co aspirante coa fin de determinar os seus coñecementos sobre o contido do exposto durante un tempo máximo de dez minutos.

7.-Sistema de selección e cualificación dos exercicios.

7.1.-Nas convocatorias específicas que completan estas bases xerais concretarase o sistema de selección, así como os sistemas de cualificación dos distintos exercicios.

7.2.- No sistema de concurso-oposición a fase de concurso, que será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O tribunal non poderá estimar o non alegado e probado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presentaren a solicitude para admisión ás probas selectivas, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendar a falta de alegacións ou de proba de méritos.

7.3.-As cualificacións dos aspirantes aprobados en cada exercicio publicaranse o mesmo día no que se acorden no taboleiro de edictos do Concello.

7.4.-A puntuación final e a orde de cualificación dos aspirantes virá dada pola suma da totalidade das puntuacións obtidas no conxunto das probas.

8.-Relación de aprobados.

Rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación.

Dado que en ningún caso o número de aspirantes aprobados pode exceder do número de prazas convocadas, a relación de aprobados confeccionarase cos aspirantes que, superados todos os exercicios obrigatorios, obteñan a maior puntuación, sumando a fase de concurso, de existir, e os puntos de cada un dos exercicios da oposición.

O tribunal elevará a citada relación ao Alcalde-Presidente da Corporación, ao cal compete o nomeamento correspondente.

9.-Presentación de documentos.

9.1.- No prazo de vinte días naturais contados dende o seguinte ao da publicación das listas de aspirantes aprobados, estes deberán presentar no rexistro xeral do Concello os seguintes documentos:

a) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións púbilcas.

b)Declaración xurada de atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ó momento da súa toma de posesión.

c) Certificación médica oficial acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que imposibilite o normal exercicio da súa función.

9.2.-Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con minusvalía deberán de presentar certificado expedido polos órganos competentes que acredite a mesma e tamén deberán presentar certificado dos citados órganos ou administracións sanitarias acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

9.3.-Os que tivesen a condición de funcionarios de carreira estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, presentando neste caso certificación da administración pública da que dependan que acredite esta condición.

9.4.-Os que dentro do prazo sinalado, e agás os casos de forza maior, non presenten a súa documentación ou non reúnan os requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuizo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

10.-Nomeamento e toma de posesión.

No caso de prazas de funcionarios, os aspirantes propostos que presenten a documentación preceptiva serán nomeados funcionarios de carreira polo Sr. Alcalde-Presidente, e deberán tomar posesión no prazo de 1 mes contado dende ó seguinte ó da notificación do citado nomeamento. Tratándose de prazas de persoal laboral, unha vez presentada a documentación preceptiva , o órgano competente procederá á formalización do contrato. Ata que non se formalice o aspirante proposto non terá dereito a percepción económica algunha.

11.-Impugnación.

Os actos que poñan fin ó procedemento selectivo deberán ser motivados. A motivación dos actos do Tribunal estará referida ao cumprimento das normas legais e regulamentarias e das bases da convocatoria. As resolucións do tribunal vinculan ao Concello de Muxía, sen prexuízo de que este poida proceder á revisión conforme ao previsto nos artigos 102 e seguintes da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Estas bases , a súa convocatoria e cantos actos se deriven deles e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados de conformidade co establecido na Lei 30/1991 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, así como no seu caso, a Lei 29/1998 do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Adminstrativa.

Muxía, 30 de xullode 2010.

O Alcalde

Félix Porto Serantes.

BASES ESPECIFICAS PARA A SELECCION POR CONCURSO-OPOSICION DE:

-1 Técnico/a de servizos sociais, educación familiar e outros.

-1 Técnico/a de servizo de Atención á Muller e outros.

Son postos pertencentes á Administración Especial, Subescala técnica, Subgrupo A2.

Titulación requirida: Diplomatura universitaria en Traballo Social ou Educación Social; ou titulación superior nas especialidades seguintes: Dereito, Psicoloxía, Pedagoxía ou Psicopegadoxía.

Usarase como sistema selectivo o concurso-oposición, sendo a fase de concurso previa á de oposición. En ningún caso a puntuación conseguida na fase de concurso será aplicada para superar os exercicios de oposición.

A) Fase de concurso.

Os méritos desta fase están destinados a valorar a carreira profesional do candidato/a e a súa aptitude e capacidade para realizar as funcións propias do posto ofertado.

Será valorada nesta fase:

1.-Servizos:

- Servizos prestados como educador/a familiar ou, encargado/a CIM na Administración Local: 0,20 puntos/fracción de 6 meses.

- Servizos prestados nos mesmos postos do apartado anterior noutras AAPP: 0,10 puntos/fraccoión de 6 meses.

Máxima puntuación neste apartado: 3.25 puntos.

(Non se computará tempo menor a 6 meses completos).

2.-Formación:

-Asistencia a curso impartidos pola Administración pública, Universidade e escolas oficiais en materias relacionadas coa función do posto, segundo o seguinte baremo:

-Cursos de máis de 200 horas: 0,50 puntos.

-Cursos de entre 100 e 199 horas: 0,30 puntos.

-Cursos de entre 50 a 99 horas: 0,20 puntos.

-Cursos de entre 20 e 49 horas: 0,10 puntos.

O máximo neste apartado será de 2 puntos.

3.- Cursos ou xornadas impartidas como docente polo/a opositor/a, publicacións ou comunicacións efectuadas en materias relacionadas co posto de traballo, en escolas ou administración públicas: 0,20 puntos/curso, ata un máximo de 2 puntos.

4.- Por coñecemento do galego:

- Por posuír título linguaxe administrativo superior: 0,75 puntos.

- Por posuir título linguaxe administrativo medio: 0,50 puntos.

- Por posuir título de perfecionamento, a súa validación ou Celga 4: 0,20 puntos.

- Por posuir título de iniciación ou Celga 2: 0,10 puntos.

Só será obxecto de avaliación ou curso de maior nivel acreditado polo/a aspirante mediante título oficial, certificado de homologación ou equivalente.

A puntuación máxima da fase de concurso non excederá de 8 puntos.

B) Fase de oposición.

A fase de oposición constará dos seguintes exercicios, obrigatorios e eliminatorios:

. Primeiro exercicio: Responder a un cuestionario de 25 preguntas cortas sobre as materias contidas no programa de convocatoria, elaborados polo Tribunal inmediatamente antes do comezo das probas. O tempo para a súa realización será de 2 horas.

Este exercicio calificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario alcanzar a puntuación de 5 puntos para consideralo superado.

. Segundo exercicio: Desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos, por escrito, relacionados co posto de traballo e co temario da oposición.

Valorarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso obter 5 puntos para entender superado o exercicio.

A puntuación desta fase será a suma dos dous exercicios (máximo 20 puntos).

. Terceiro exercicio: Consistirá na traducción directo e/ou inversa de un ou varios textos en castelán ou galego, en tempo de 30 minutos.

Os aspirantes que posúan título acreditativo de nivel de coñecemento de lingua galega, Celga 4 ou equivalente, quedarán exentos de realizar este exercicio.

O exercicio calificarase de Apto ou Non Apto.

ANEXO (Temario)

Parte Xeral:

1.- A Constitucion española de 1978

2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia

3.- O Municipio: Elementos e competencias

4.- Organización e funcionamento dos EELL.

5.- Ordenanzas e reglamentos municipais.

6.- O Orzamento municipal: concepto, elaboracióne aprobación.

7.- A función pública local. O persoal ó servizo dos entes locais.

8.- Dereitos e deberes do persoal dos EELL.

9.- O administrado: concepto. Participación deste na actuacióna dministrativa.

10.- O acto administrativo: Concepto e elementos

11.- O procedemento administrativo: Definición e fases.

12.- Os recursos administrativos.

Parte específica:

13.- O sistema galego de servizos sociais: Obxectivos e principios xerais dos S. Sociais. Titulares do dereito de acceso os servizos sociais. Dereitos e deberes das persoas con relación os servizos sociais.

114.- A Estructura do sistema galego de servizos sociais.

15.- O catálogo de servizos sociais. O Equipo Profesional dos S. Sociais.

16.- A Financiación dos S. Sociais. Competencias das administracións públicas.

17.- A Protección de Menores, a Adopción e a Autotutela no dereito civil de Galicia.

18.- Dereitos da familia, da infancia e da adolescencia e Protección da Familia na Comunidade Autónoma Galega.

19.- A protección da infancia e da adolescencia en Galicia: Medidas de Prevención, Medidas de Protección. A adopción.

20.- A Mediación Familiar galega: Obxecto, Concepto, Finalidade e Formas de Iniciación. A Figura do Mediador. O Ámbito da Mediación. Ordenación da Mediación Familiar.

21.- Medidas básicas para a Inserción Social: A Renda de Integración Social de Galicia: Disposicións xerais. Requisitos para ser beneficiario/a. Prestacións. Proxecto de inserción. Duración das prestacións.

22.- Medidas básicas para a Inserción Social: A RISGA: Obrigas dos/as beneficiarios/as. Tramitación. Concesión provisional, modificación. Suspensión e extinción.

23.- A dependencia e a autonomía persoal. Trastornos máis frecuentes relacionados coa vida diaria.

24.- Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia no estado español: Prestacións e catálogo de Servizos de atención do sistema para a autonomía e a dependencia.

25.- Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia no estado español: A dependencia e a súa valoración.

26.- Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia no estado español: Recoñecemento do dereito á dependencia.

27.- O Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Muxía: Obxecto, Ámbito de Aplicación, e Obxectivos. Contido do Servizo, Características e Tipoloxía das Atencións. Persoas Benefici arias do Servizo. Organización do Servizo.

28.- O Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Muxía: Organización do Servizo. Dereitos e Deberes das Persoas Usuarias e do Persoal do Servizo. Procedemento para a Tramitación do Servizo. Baremos de Acceso á Prestación. Financiamento.

29.- O Voluntariado na Comunidade Autónoma Galega: As entidades de acción voluntaria e as súas relacións coas persoas voluntarias. As persoas voluntarias: dereitos e deberes. Promoción e fomento do voluntariado.

30.- A protección de datos de carácter persoal no Estado Español: Principios da Protección de Datos. Deberes e Dereitos dos Cidadáns.

31.- Características principais dos modelos sistémico e ecolóxico.

32.- Marco teórico e conceptual da Educación Familiar. Principios orientadores. Definición e obxectivos. Destinatarios e contidos

33.- Competencias e funcións do educador familiar

34.- Coordinación e traballo en rede: Axentes implicados e contidos da coordinación. Niveis de coordinación e de traballo en rede. Fases de proceso de coordinación e traballo en rede.

35.- A comunicación e a linguaxe humana. Os estilos e as conductas da comunicación.

36.- A familia como contexto de desenvolvemento humano.

37.- Maltrato infantil: definición, tipoloxías, factores de risco.

38.- O proceso de intervención ante o maltrato infantil: prevención, detección e notificación.

39.- Inadaptación social e conducta delictiva na adolescencia.

40.- Factores de risco no inicio do consumo de drogas e a súa relación coa familia.

41.- Prevención comunitaria da droga. Metodoloxía de intervención comunitaria.

42.- Apoios á familia do Concello de Muxía: axudas por nacemento, adopción e acollemento e bolsas para a adquisición de libros e material escolar a familias con escasos recursos económi cos con fillos/as en educación infantil.

43.- II Plan municipal de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Muxía: Areas de actuación.

44.- Lei de igualdade no traballo das mulleres de Galicia: instrumentos para a consecución da igualdade no traballo.

45.- Promoción autonómica das medidas municipais de conciliación: os bancos municipais do tempo.

46.- Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero na Comunidade Autónoma Galega:

Protección e Asistencia fronte a Violencia de Xénero.

47.- O principio de mainstreaming: incorporación da perspectiva de xénero na intervención social.

48.- A terceira idade: características físicas e psicolóxicas da vellez.

49.- O coidado de persoas maiores: a familia e o coidado; consecuencias do coidado.

50.- O coidado de persoas maiores. O coidado do coidador.

51.- A orde de protección das víctimas de violencia doméstica.

52.- Sensibilización e prevención da violencia de xénero: modelos e actuacións.

53.- Regulamento do funcionamento do CIM: Funcións.

54.- Intervención das/os profesionais dos servizos sociais con mulleres que sofren violencia.

55.- Concepto e tipificación da violencia de xénero

56.- O Ciclo da violencia nas relacións de xénero.

57.- Os puntos de encontro familiar en Galicia.

58.- A prevención de riscos laborais: dereitos e obrigas

59.- Recursos temporais para as víctimas: as casas de acollida en Galicia

60.- O síndrome de Bournout ou o “queime profesional”. Consecuencias para o individuo.

Variables predispoñentes. Intervencións.

BASES ESPECIFICAS PARA A SELECCION POR CONCURSO-OPOSICION DUN/UNHA PSICOLOGO/A PARA SERVIZOS SOCIAIS.(CIM)

Posto de traballo a tempo parcial (9 h/semana), pertencente á Administración Especial, Subescala Técnica, Clase técnico superior.

Titulación requirida: Licenciatura en psicoloxía.

Selección:

Usarase como sistema selectivo o concurso-oposición, sendo a fase de concurso previa á de oposición. En ningún caso a puntuación conseguida na fase de concurso será aplicada para superar os exercicios da fase de oposición.

A) Fase de concurso:

Os méritos desta fase están destinados a valorar a carreira profesional do candidato/a e a súa aptitude e capacidade para realizar as funcións propias do posto ofertado.

Será valorada nesta fase:

1.-Servizos:

- Servizos prestados como psicólogo/a CIM na Administración Local: 0,20 puntos por cada 6 meses.

- Servizos prestados nos mesmos postos do apartado anterior noutras AAPP: 0,10 puntos/cada 6 meses.

Máxima puntuación neste apartado: 3.25 puntos.

Non se puntuará períodos inferiores a 6 meses completos.

2.-Formación:

-Asistencia a curso impartidos pola Administración pública, Universidade e escolas oficiais en materias relacionadas coa función do posto, segundo o seguinte baremo:

-Cursos de máis de 200 horas: 0,50 puntos.

-Cursos de entre 100 e 199 horas: 0,30 puntos.

-Cursos de entre 50 a 99 horas: 0,20 puntos.

O máximo neste apartado será de 2 puntos

3.- Cursos ou xornadas impartidas como docente polo/a opositor/a en materias relacionadas co posto de traballo, en escolas ou administración públicas: 0,10 p/curso, ata un máximo de 2 puntos.

4.- Por coñecemento do galego:

- Por posuir título linguaxe administrativo superior: 0,75 puntos.

- Por posuir título linguaxe administrativo medio: 0,50 puntos.

- Por posuir título de perfecionamento, a súa validación ou Celga 4: 0,20 puntos.

- Por posuir título de iniciación ou Celga 2: 0,10 puntos.

Só será obxecto de avaliación ou curso de maior nivel acreditado polo/a aspirante mediante título oficial, certificado de homologación ou equivalente.

A puntuación máxima da fase de concurso non excederá de 8 puntos.

B) Fase de oposición:

A fase de oposición constará dos seguintes exercicios, obrigatorios e eliminatorios:

. Primeiro exercicio: Responder a un cuestionario de 25 preguntas curtas sobre as materias contidas no programa de convocatoria, elaborados polo Tribunal inmediatamente antes do comezo das probas. O tempo para a súa realización será de 2 horas.

Este exercicio calificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario alcanzar a puntuación de 5 puntos para consideralo superado.

. Segundo exercicio: Desenvolvemento dun ou varios supostos prácticos, por escrito, relacionados co posto de traballo e co temario da oposición.

Valorarase de o a 10 puntos, sendo preciso obter 5 puntos para entender superado o exercicio.

A puntuación desta fase será a suma dos dous exercicios (máximo 20 puntos).

. Terceiro exercicio: Consistirá na traducción directo e/ou inversa dun ou varios textos en castelán ou galego, en tempo de 30 minutos.

Os aspirantes que posúan título acreditativo de nivel de coñecemento de lingua galega, Celga 4 ou equivalente, quedarán exentos de realizar este exercicio.

O exercicio calificarase de Apto ou Non Apto.

ANEXO (Temario)

Parte Xeral:

1.- A Constitucion española de 1978

2.- A organización territorial do Estado. O Título VIII da Constitución

3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia

4.- Principios de actuaciónda Admon Pública

5.- Relacións entre entes territoriales. Aautonomía Municipal e Tutela.

6.- O Municipio: Elementos e competencias

7.- Organización e funcionamento dos EELL.

8.- Ordenanzas e reglamentos municipais.

9.- O Orzamento municipal: concepto, elaboracióne aprobación.

10.- Gastos e ingresos locais

11.- A función pública local. O persoal ó servizo dos entes locais.

12.- Dereitos e deberes do persoal dos EELL.

13.- O administrado: concepto. Participación deste na actuación administrativa.

14.- O acto administrativo: Concepto e elementos

15.- O procedemento administrativo: Definición e fases.

16.- Os recursos administrativos.

17.- A responsabilidade patrimonial da Administración.

18.- Políticas Municipais de igualdade. Medidas municipais de conciliaciónda vida laboral e familiar.

Parte específica:

19.- O sistema galego de servizos sociais. Obxectivos. Principios xerais dos servizos sociais..

20.- Titulares do dereito de acceso aos servizos sociais. Dereitos e deberes das persoas con relación aos servizos sociais.

21.- Estrutura do sistema galego de servizos sociais.

22.- O catálogo de servizos sociais. O equipo profesional dos servizos sociais.

23.- Medidas básicas para a Inserción Social: A renda de integración social de Galicia: Disposicións xerais. Requisitos para ser beneficiario/a. Prestacións. Proxecto de inserción: duración das prestacións.

24.- Medidas básicas para a inserción Social: A RISCA: obrigas dos/as beneficiarios/as.

Tramitación. Concesión provisional, modificación. Suspensión e extinción.

25.- Dereitos da familia, da infancia e da adolescencia e protección da familia na comunidade autónoma galega.

26.- A protección da infancia e da adolescencia en Galicia: medidas de prevención, medidas de protección. A Adopción.

27.- A protección de menores. A adopción e a autotutela no dereito civil de Galicia.

28.- Os menores en conflito social e os centros de reeducación en Galicia.

29.- Responsabilidade penal dos menores medidas susceptibles de ser impostas a os menores. Informe do equipo técnico.

30.- Centros de menores. Requisitos comúns. Clasificación dos centros de menores.: Definición de cada tipo.

31.- Os equipos técnicos do menor. Características, metodoloxía da intervención.

32.- O desenvolvemento evolutivo do neno no período adolescente. Crises de identidade. Relacións familiares e sociais..

33.- Alteracións comportamentais e conductas asociais na adolescencia. Prevención primaria. Prevención secundaria. Prevención terciaria

34.- Prevención no ámbito familiar: o programa PECES. Influencia dos estilos educativos.

35.- O sistema para a autonomía e atención á dependencia, procedementos para o recoñecemento do grao e nivel de dependencia e para a elaboración do Programa individual de atención.

36.- Promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia no estado español: Prestacións e catálogo de Servizos de atención do sistema para a autonomía e a dependencia.

37.- A mediación familiar galega: obxecto concepto, finalidade e formas de iniciación.

38.- A figura do mediador. Ámbito de mediación. Ordenación da mediación familiar en Galicia..

39.- A entrevista psicolóxica desde o modelo da terapia familiar sistémica. Obxectivos. Fases.

40.- O informe psicolóxico. Tipos de informe. Estrutura do informe psicolóxico. Recomendacións.

41.- O ciclo vital familiar e crises evolutivas asociadas.

42.- Enfermidade crónica e familia Modelo sistémico de intervención grupal con familias de enfermos crónicos.

43.-Concepto de familia. Funcións da familia. Tipoloxía de familia.

44.- Plan integral de apoio ás familias galegas. Directrices estratéxicas. Areas. Obxectivos de cada área.

45.- Modelos de terapia familiar sistémica. Terapia familiar estructural. Terapia estratéxica. Terapia breve centrada en Solucións. Técnicas de intervención.

46.- Área de fomento da conciliación no IV plan integral de apoio ás familias galegas.

47.- Intervención ante conflictos familiares e matrimoniais: mediación, orientación e consello psicolóxico.

48.- Maltrato infantil: definición, tipoloxías, factores de risco.

49.- O proceso de intervención, ante o maltrato infantil: prevención, detección e tratamento social.

50.- Factores de risco no inicio do consumo de drogas e a súa relación coa familia.

51.- Prevención de drogodependencias. Estratexias de prevención familiar e comunitaria.

52.- Detección e prevención de problemas psicolóxicos emocionais no ámbito escolar.

53.- O principio de mainstreaming: incorporación da perspectiva de xénero na intervención social.

54.- A psicoloxía comunitaria. Definición e características. O papel do psicólogo comunitario.

55.- Ámbitos de actuación da psicoloxía comunitaria. Psicoloxía comunitaria nos servizos sociais. Psicoloxía comunitaria en atención á saúde.

56.- Estrés psicosocial e apoio social na psicoloxía comunitaria.

57.- Modelo de prevención no campo comunitario. Tipos de prevención. Contidos dos programas preventivos.

58.- Coordinación e traballo en rede: axentes implicados e contidos da coordinación. Niveis de coordinación e de traballo en rede. Fases do proceso de coordinación e traballo en rede.

59.- Alteracións psicolóxicas propias da situación escolar: fobia escolar. Retraso escolar. Fracaso escolar. Factores causais.

160.- Intervención psicolóxica no final da vida. Apoio emocional. Couselling.

61.- Suicidio na poboación adulta. Factores de risco.

62.- Aproximación sistémica aos trastornos alimentarios: anorexia e bulimia.

63.- Autismo. Características clínicas . Problemática social e asistencial.

64.- Prevención de minusvalías. Programas de prevención desde o ámbito médico.

65.- Prevención de minusvalías na vida cotián: seguridade viaria, accidentes domésticos.

66.- A terceira idade. Características físicas e psicolóxicas da vellez.

67.- Aspectos sociais do envellecemento. Problemáticas sociais.

68.- Psicopatoloxía asociada á terceira idade. Problemáticas familiares.

69.- O coidado das persoas maiores. O coidado do coidador.

70.- Lei de igualdade no traballo das mulleres de Galicia: instrumentos para a consecución da igualdade no traballo.

71.- Promoción autonómica das medidas municipais de conciliación: os bancos municipais do tempo.

72.- Trastornos da conducta alimentaria. Tipos. Características. Indicadores.

73.- O síndrome de Bournout ou o "queime profesional". Conscuencias para o individuo. Variables predispoñentes. Intervencións.

74.- A orde de protección: medida de protección das véctimas de violencia de xénero.

75.- Lei de medidas de protección integral contra violencia de xénero. Obxectivos. Ámbito de aplicación. Contido da violencia de xénero.

76.- A educación e a formación para a igualdade entre mulleres e homes.

77.- Lei para a igualdade de mulleres e homes na comunidade autónoma de Galicia: o principio de transversalidade.

78.- A violencia de xénero. Definición e orixe. Conceptos e tipificación da violencia de xénero.Ciclo da violencia de xénero.

79.- Definición de roles de xénero. Retos para cambiar os patróns de xénero.

80.- A violencia contra as mulleres. Medidas de erradicación da violencia contra as mulleres. Actuacións xudiciais..

81.- Intervención dos profesionais dos Servizos sociais con mulleres que sofren violencia: principios rectores, habilidades e recomendacións.

82.- Cómo se inicia/manifesta a violencia de xénero. O ciclo da violencia.

83.- Consecuencias da violencia de xénero. O síndrome da muller maltratada. O síndrome de estrés ostraumático.

84.- Programas de atención psicolóxica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para os casos de violencia de xénero.

85.- O regulamento do funcionamento dos Centros de Información á muller.

86.- Funcións da psicóloga/o dun CIM.

87.- Igualdade formal, igualdade real, equidade de xénero e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

88.- Recursos e programas de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero no Concello de Muxía.

89.- Plan Municipal de Igualdade do concello de Muxía. Áreas de actuación.

90.- A prevención de riesgos laborais. Dereitos e obrigas.

BASES ESPECIFICAS PARA A SELECCION, POR CONCURSO-OPOSICION DUN/NHA ENCARGADO/A DE MEDIO AMBIENTE E OUTRAS ACTIVIDADES.

Titulación esixida para o acceso como funcionario/a do grupo C2, conforme á normativa da función pública en vigor: ESO

Posto de traballo a tempo parcial.

Selección:

Usarase como sistema selectivo o concurso-oposición, sendo a fase de concurso previa á de oposición. En ningún caso a puntuación conseguida na fase de concurso será aplicada para superar os exercicios da fase de oposición.

A) Fase de concurso:

Os méritos desta fase están destinados a valorar a carreira profesional do candidato/a e a súa aptitude e capacidade para realizar as funcións propias do posto ofertado.

Será valorada nesta fase:

1.- Servizos:

- Servizos prestados como encargado/a, monitor/a de actividades de medio ambiente na Administración local: 0.20 puntos, por fracción de 6 meses.

- Servizos prestados como encargado/a, monitor/a de actividade de medio ambiente noutras AAPP: 0.10 puntos pa fracción de 6 meses.

Non se computará tempo menor a 6 meses completos.

A puntuación máxima deste apartado será de 3 puntos.

2.- Formación:

- Asistencia a cursos impartidos pola Administración pública, Universidade e escolas oficiais en materias relacionadas coa función do posto, segundo o seguinte baremo:

- Cursos de máis de 200 h.: 0.50 puntos (máster ou postgrao puntuación 0.75 puntos)

- Cursos entre 100 e 199 h.: 0.30 puntos.

- Cursos entre 50 e 99 h.: 0.20 puntos.

- Cursos entre 20 e 49 h.: 0,10 puntos.

O máximo deste apartado será de 2 puntos.

3.- Cursos ou xornadas impartidas como docente polo/a opositor/a en materia relacionada co posto de traballo,en escolas ou AAPP: 0.10 puntos/ano, ate un máximo de 2.25 puntos.

4.- Por coñecemento de galego:

- Por título de linguaxe administrativo superior: 0.75 puntos.

- Por título de linguaxe administrativomedio: 0.50 puntos.

- Por título de perfeccionamento, a súa validación ou Celga 4: 0.25 puntos.

Só será obxecto de avaliación o curso de maior nivel acreditado polo/a aspirante mediante título oficial, certificación de homologación ou equivalente.

A puntuación máxima da fase de concurso non excederá de 8 puntos.

B) Fase de oposición:

A fase de oposición constará dos seguintes exercicios, obrigatorios e eliminatorios:

. Primeiro exercicio: Responder a un cuestionario de 25 preguntas curtas sobre as materias contidas no programa de convocatoria, elaborados polo Tribunal inmediatamente antes do comezo das probas. O tempo para a súa realización será de 2 horas.

Este exercicio calificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario alcanzar a puntuación de 5 puntos para consideralo superado.

. Segundo exercicio: Desenvolvemento dun ou varios supostos prácticos, por escrito, relacionados co posto de traballo e co temario da oposición.

Valorarase de o a 10 puntos, sendo preciso obter 5 puntos para entender superado o exercicio.

A puntuación desta fase será a suma dos dous exercicios (máximo 20 puntos).

. Terceiro exercicio: Consistirá na traducción directo e/ou inversa dun ou varios textos en castelán ou galego, en tempo de 30 minutos.

Os aspirantes que posúan título acreditativo de nivel de coñecemento de lingua galega, Celga 4 ou equivalente, quedarán exentos de realizar este exercicio.

O exercicio calificarase de Apto ou Non Apto.

TEMARIO ENCARGADO/A DE MEDIO AMBIENTE E OUTRAS ACTIVIDADES:

1.- A Constitución Española de 1978 e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

2.- O municipio: Elementos, organización e funcionamento.

3.- O acto administrativo: O procedemento administrativo.

4.- Orzamento local: Concepto, elaboración e aprobación.

5.- O Concello de Muxía: Situación, lugares de interese...

6.- Persoal ao servizo dos EELL: Dereitos e deberes.

7.- A atención ó público: normas básicas de tratamento ó administrado.

8.- O punto limpo: Concepto, organización e funcionamento.

9.- O servizo de recollida domiciliaria de lixo: Organización e funcionamento.

10.- Ordenanza reguladora da taxa por recollida de lixo, sumidoiros e auga.

11.- O abastecemento de auga a domicilio:Prestacións do servizo. Requisitos sanitarios.

12- Lei 3/2007 de Prevención de Incendios forestais de Galicia.

13.- Organización do sistema de prevención e defensa contra incendios en Galicia.

14.-Plan de prevención contra incendios forestais en Galicia. Plan municipal.

15.- Normativa galega sobre distancias de plantacións forestais a terras de cultivo, vivendas en instalacións.

16.- Áreas de interese ambiental do Concello de Muxía. (Rede Natura 2000).

17- Educación ambiental e desenvolvemento sostible: O papel dos municipios nas Axendas 21.

18.- A xestión cultural nos concellos. Actividades e proxectos.

19.- A educación ó cidadán en medio ambiente.

20.- Prevención de riesgos laborais. Dereitos e obrigas

BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN POR CONCURSO-OPOSICIÓN DUN/UNHA ENCARGADO/A DE ACTIVIDADES CULTURAIS.

Titulación esixida: ESO

Selección:

Usarase como sistema selectivo o concurso-oposición, sendo a fase de concurso previa á de oposición. En ningún caso a puntuación conseguida na fase de concurso será aplicada para superar os exercicios da fase de oposición.

A) Fase de concurso:

Serán valoradas as materias seguintes:

1.-Formación:

- Por titulación superior á requerida:
  - 0.10 puntos (diplomatura)
  - 0.20 puntos (título superior)
- Por poseer carta de artesán/a: 0.50 puntos.
- Realización de cursos relacionados coa materia obxecto do posto:
  - De entre 10 e 19 h.: 0.10 puntos.
  - De entre 20 e 29 h.: 0.20 puntos.
  - De entre 30 e 49 h.: 0.30 puntos
  - Máis de 50 h.: 0.50 puntos.

O deste apartado non excederá de 1 punto.

2.- Experencia:

- Por impartir cursos ou talleres en materia relacionada có posto de traballo, nas AAPP ou escolas oficias:
  - Ata 100 h.: 0.5 puntos.
  - De 101 a 200 h.: 0.75 puntos.
  - Máis de 200 h.: 1 punto.

A máxima puntuación neste apartado será de 3.25 puntos.

3.- Por coñecemento de galego:

- Por título de linguaxe administrativo superior: 0.75 puntos.
- Por título de linguaxe administrativomedio: 0.50 puntos.
- Por título de perfeccionamento, a súa validación ou Celga 4: 0.25 puntos.

Só será obxecto de avaliación o curso de maior nivel acreditado polo/a aspirante mediante título oficial, certificación de homologación ou equivalente.

4.- Realización e/ou participación (con obra propia) en exposicións ou mostras:

- Organizada pola AAPP: ata 2 puntos.

- Organizada por otras entidades: ata 1 punto.

Máximo de puntuación neste apartado: 3 puntos.

A puntuación máxima da fase de concurso non excederá de 8 puntos.

B) Fase de oposición:

A fase de oposición constará dos seguintes exercicios, obrigatorios e eliminatorios:

. Primeiro exercicio: Responder a un cuestionario de 25 preguntas curtas sobre as materias contidas no programa de convocatoria, elaborados polo Tribunal inmediatamente antes do comezo das probas. O tempo para a súa realización será de 2 horas.

Este exercicio calificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario alcanzar a puntuación de 5 puntos para consideralo superado.

. Segundo exercicio: Desenvolvemento dun ou varios supostos prácticos, por escrito, relacionados co posto de traballo e co temario da oposición.

Valorarase de o a 10 puntos, sendo preciso obter 5 puntos para entender superado o exercicio.

A puntuación desta fase será a suma dos dous exercicios (máximo 20 puntos).

. Terceiro exercicio: Consistirá na traducción directo e/ou inversa dun ou varios textos en castelán ou galego, en tempo de 30 minutos.

Os aspirantes que posúan título acreditativo de nivel de coñecemento de lingua galega, Celga 4 ou equivalente, quedarán exentos de realizar este exercicio.

O exercicio calificarase de Apto ou Non Apto.

ANEXO

1.- A Constitución Española de 1978 e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

2.- O municipio: Elementos, organización e funcionamento.

3.- O acto administrativo: O procedemento administrativo.

4.- Orzamento local: Concepto, elaboración e aprobación.

5.- Persoal ao servizo da EELL: Dereitos e deberes.

6.- Procedemento administrativo: Nocións básicas.

7.- A atención ó público: regras básicas de tratamento ó cidadán.

8.- O Concello de Muxía: situacións, lugares de interese, caracteres.

9.- Edificios públicos de Concello de Muxía: utilización e características.

10.- Competencias municipais en materia cultural.

11.- Programación cultural municipal: planificación e desarrollo.

12.- A organización dun acto cultural.

13.- Cultura e poboacción: a atracción do cidadán/a hacia a cultura

14.- A actividade pública de fomento de cultura.

15.- O asociacionismo cultural.

16.- O voluntariado cultural.

17.- Muxía e o Camiño de Santiago.

18.- Artesanía da Costa da Morte.

19.- Cultura e Turismo.

20.- Prevención de riesgos laborais. Dereitos e obrigas

BASES ESPECIFICAS PARA SELECCION POR OPOSICION LIBRE DUN POSTO DE CONSERXE DE EDIFICIOS PUBLICOS.

Requisitos específicos:

Titulación: Graduado en ESO ou titulación equivalente.

O proceso de selección será por oposición libre e conterá os seguintes exercicios:

1.- Consistirá en contestar por escrito, a un cuestionario de 20 preguntas tipo test ou/e cortas, correspondentes aos temas recollidas no Temario anexo a esta convocatoria. O tempo dispoñible para esto é de 40 minutos.

O exercicio será calificado de 0 a 10 puntos debendo de obterse un mínimo de 5 puntos para superar o exercicio.

2.- Realización dunha ou máis probas por escrito e/ou prácticas relacionadas co traballo dun conserxe de Edificios Púlicos e co temario da oposición.

O exercicio calificarase de 0 a 10 punto e é preciso obter 5 puntos para entendelo superado.

3.- Proba de galego: Consistirá na traducción directo e/ou inversa dun ou varios textos en castelán ou galego, nun tempo de 30 minutos.

Os aspirantes que posúan título acreditativo de nivel de coñecemento de lingua galega, Celga 4 ou equivalente, quedarán exentos de realizar este exercicio.

O exercicio calificarase de Apto ou Non Apto.

TEMARIO CONSERXE

Tema 1.- A Constitución Española.

Tema 2.- A organización territorial do Estado. (Titulo VIII da Constitución)

Tema 3.- Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 4.- A Administración Local.

Tema 5.- O Municipio: concepto e elementos.

Tema 6. A organización e funcionamento municipais.

Tema 7.- Competencias muncipais. Servicios mínimos de prestación obrigatoria nun municipio.

Tema 8.- Competencias locais en materia de educación.

Tema 9.- O orzamento municial: Definición, elaboración.

Tema 10.- Procedemento administrativo Local: Nocións básicas

Tema 11- Funcións de conserxe de Edificios públicos. Pequenas reparación de electricidade e fontanería e outras.

Tema 12.- O persoal o servizo das Entidades Locais. Clases.

Tema 13. Dereitos e Deberes do persoal laboral local.

Tema 14.- A atencion ó público.

Tema 15.- Regras básicas de tratamento ó cidadán.

Tema 16.- O término municipal de Muxía. Situación, lugars de interese, vías de comunicación.

Tema 17.- Edificios públicos do Concello de Muxía: situación e características.

Tema 18.- Situacións de emerxencia nun edificio público. Actuacións a realizar.

Tema 19.- Nocións básicas sobre primeiros auxilios e prevención riesgos laborais.

Tema 20.- Cálculo matermático básico.

BASES ESPECIFICAS PARA CUBRIR POR CONCURSO-OPOSICION OS SEGUINTES POSTOS DE PERSOAL LABORAL DESTE CONCELLO.

-Limpiadora T/completo

-Limpiadora T/parcial

(A creación e cobertura dos postos de limpiadora citados corresponden á esixencia de regulación derivada da consideración pola inspección de traballo da Coruña , como relación laboral a desempeñada por persoal suxeito ao réxime de autónomos dos referidos postos.)

Requisitos:

Titulación: Estudios primarios.

Selección:

Mediante sistema de concurso-oposición.

A) Fase de concurso:

Os méritos desta fase están destinados a valorar a carreira profesional do candidato/a, a súa aptitude e capacidade para realizar as funcións propias do posto ofertado.

Valorarase:

1) Servizos:

- Servizos prestados como limpador/a de edificios públicos na administración local, a razón de 0,15 puntos/ano con un máximo de 3 puntos.

- Servizos prestados como limpador/a de edificios públicos en outras administracións; a razón de 0,05 puntos/ano, ata un máximo de 1 punto.

O máximo de puntuación do concurso será de 4 puntos.

B) Fase de oposición:

1.- De carácter obrigatorio e eliminatorio: Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas elaborado polo tribunal, relacionadas co temario anexo a esta convocatoria.

Puntuarase de 0 a 10 puntos, e será necesario obter 5 puntos para entender superado o exercicio.

2.- De carácter obrigatorio: Proba de galego. Calificarase de apto e non apto.

Consistirá na traducción dun texto do castelán ó galego nun tempo máximo de 15 minutos. Os/as aspirantes con Celga 4 ou equivalente quedarán exentos da realización deste exercicio.

A puntuación total do/a aspirante será a suma da puntuación obtida nas fases da oposición e concurso.

TEMARIO:

1.- A Constitución Española.

2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia.

3.- O Municipio: Organización, funcionamento e competencias.

4.- O persoal laboral na administración local.

5.- Os servizos municipais:

6.- Edificios públicos no Concello de Muxía.

7.- Funcións do persoal de limpeza de edificios públicos.

8.- Nocións sobre seguridade no traballo.

9.- Cálculo matemático básico.

10.- O termo municipal de Muxía, situación, lugares de interese.

BASES ESPECIFICAS PARA SELECCION POR CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE DUN OPERARIO DE SERVIZOS MULTIPLES (PERSOAL LABORAL).

Requisitos específicos:

Titulación: Graduado Escolar ou titulación equivalente.

Carnet de conducir: clase: B1, C1, C, D1, D, BTP

A) Fase de concurso:

1.- Serán valorables os méritos seguintes:

- Servizos prestados como operario de servizos múltiples, auxiliar de servizos públicos ou similar na Administración Local: 0,5 puntos/6 meses.

- Servizos prestados nos mesmos postos o apartado anterior noutras AAPP: 0,20 puntos/6 meses.

Máxima puntuación neste apartado: 5 puntos.

Non se puntuará período inferior a 6 meses completos.

2.- Formación:

Serán valorados cursos en materias relacionadas coas funcións dun operario de servizos múltiples ou similar da forma seguinte:

De 100 ou máis horas: 0,75 puntos.

De 40 a 99 horas: 0,50 puntos.

De 20 a 39 horas: 0.25 puntos.

Máximo de puntuación neste apartado: 2.5 puntos.

3.- Por coñecemento do galego:

- Por posuir título de perfecionamento, a súa validación ou Celga 4: 0,15 puntos.

- Por posuir título de iniciación ou Celga 2: 0,10 puntos.

- Por posuir título de linguaxe administrativo medio:0.25 e por linguaxe administrativo superior:0.50

Máxima puntuación na fase de concurso: 8 puntos.

B) Fase de oposición:

A selección consistirá na realización dos seguintes exercicios:

1) De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 25 preguntas con respuestas alternativas elaborado previamente polo tribunal relacionados co temario anexo I desta convocatoria.

A proba puntuaráse de 0 a 10 puntos sendo preciso obter 5 puntos para superala.

2) De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha ou máis probas prácticas nas que os aspirantes deberán demostrar as súas habilidades profesionais na realización da proba relacionada coas funcións propias do posto de operario: tareas de limpeza viaria, condución de vehículos, albanilería, sumidoiros, etc.

A proba puntuaráse de 0 a 10 puntos sendo preciso obter 5 puntos para superala.

3) De carácter obrigatoria e non eliminatoria: Proba de galego. Calificarase de apto e non apto. Estarán exentos de efectuala os/as aspirantes que posean Celga 4 ou equivalente.

Anexo I (Programa)

1.-A Constitución Española

2.-O Estatuto de Autonomía de Galicia

3.-O Municipio, organización, funcionamento e competencias.

4.-O persoal laboral na Administración Local. Dereitos e deberes.

5.-Os servizos municipais. Enumeración.

6.-Os servizos de obras municipais. Pautas de mantemento de vías e instalacións.

7.-Firmes e pavimentos: beirados, beirarúas e cerramentos. Execución e detalles construtivos.

8.- A ETAP e o Punto Limpo.

9.-O servizo de sumidoiros. Pautas de mantemento. Esquema de instalación da rede de saneamento. Compoñentes. Tipos e detalles construtivos.

10.- O servizo de recollida de lixo. Funcionamento.

11.-Rede de abastecemento de auga. Esquema de instalación. Compoñentes. Tipos e detalles constructivos.

12.-O término municipal de Muxía. Parroquias e lugares. Accesos, vías.

13.-Nocións sobre seguridade no traballo dun operario de servizos múltiples.

14.-Cálculo matemático básico.

2010/12449

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUROS

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal de tráfico do Concello de Muros

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal de tráfico do Concello de Muros

Ao abeiro do disposto no parágrafo no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza municipal de tráfico do Concello de Muros, unha vez que se elevou a definitivo o acordo de aprobación inicial, e que é do seguinte teor literal:

"ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO DO CONCELLO DE MUROS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As entidades locais gozan de autonomía para a xestión dos intereses que lles son propios. A Lei reguladora das bases de réxime local e o seu texto refundido establecen que a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas será competencia das entidades locais, as cales a exercen dentro do límite establecido pola lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

A manifestación desta competencia, en materia de circulación, reflíctese na elaboración dunha ordenanza que regule os aspectos relacionados coa ela dentro do municipio.

O feito da circulación viaria é hoxe en día consubstancial ao ser humano, sendo a actividade que máis se prodiga e a que máis vincula a poboación xa sexa na súa faceta condutora ou meramente peonil, razón pola que require unha lexislación concreta e adecuada ás súas especiais circunstancias.

A capacidade normativa das administracións locais debe enfocarse cara á regulación das facetas específicas que constitúen a idiosincrasia do municipio, atendendo á variedade e pluralidade do seu tecido social, co fin de mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns.

Este concello regula mediante a presente ordenanza diversas cuestións en materia de tráfico co fin de exercer as competencias atribuídas aos municipios polo artigo 7 do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e normativa concordante e complementar así a lexislación estatal e autonómica neste ámbito.

TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Competencia

A presente ordenanza dítase en exercicio das competencias atribuídas aos municipios en materia de ordenación do tráfico de persoas e vehículos nas vías urbanas pola Lei de bases do réxime local e a Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Naquelas materias non reguladas expresamente nesta ordenanza aplicaranse directa e subsidiariamente os preceptos da Lei de seguridade viaria e os regulamentos ou outras normas que a desenvolvan ou poidan desenvolvela nun futuro.

Artigo 2. Obxecto

É obxecto da presente ordenanza:

1) A regulación dos usos das vías urbanas e travesías, de acordo coas fórmulas de cooperación ou delegación con outras administracións, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcadoiros entre todos os usuarios; compatibilizar a necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como fomentar a seguridade viaria e a prevención de accidentes.

2) O establecemento de medidas de limitación do estacionamento, co fin de garantir a rotación dos aparcadoiros, prestando especial atención ás necesidades das persoas que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos e favorecer así a súa integración social.

1) Establecer os importes das sancións pecuniarias correspondentes ás distintas infraccións, respectando os límites legais na normativa con rango de lei.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

1.As normas contidas nesta ordenanza obrigarán aos titulares e usuarios das vías e terreos públicos urbanos e os interurbanos cuxa competencia fose cedida ao concello, que sexan aptos para a circulación ou que, sen ter tal aptitude, sexan de uso común e, en defecto doutras normas, aos titulares das vías e terreos privados que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de usuarios.

Mediante esta ordenanza regúlase o uso das vías urbanas do termo municipal para a circulación de persoas e vehículos e será de obrigado cumprimento para todos aqueles que fan uso destas.

2. Enténdese por usuarios da vía a peóns, condutores, ciclistas e calquera outra persoa que realice sobre a vía ou a utilice para o desenvolvemento de actividades de natureza diversa, que precisarán para o seu exercicio de autorización municipal.

TÍTULO PRIMEIRO: A CIRCULACIÓN URBANA

CAPÍTULO PRIMEIRO: NORMAS XERAIS

Artigo 4. Usuarios, condutores e titulares de vehículos

1.Os usuarios das vías están obrigados a comportarse de forma que non entorpezan indebidamente a circulación nin causen perigo, prexuízos ou molestias innecesarias ás persoas, ou danos aos bens.

2. Os condutores deben utilizar o vehículo coa dilixencia, precaución e non distracción necesarias para evitar todo dano, propio ou alleo, coidando de non pór en perigo, tanto a si mesmos como os demais ocupantes do vehículo e ao resto de usuarios da vía.

O condutor deberá verificar que as placas de matrícula do vehículo non presentan obstáculos que impidan ou dificulten a súa lectura e identificación.

3. Os titulares e, no seu caso, os arrendatarios dos vehículos teñen o deber de actuar coa máxima dilixencia para evitar os riscos que comporta a súa utilización, manténdoos nas condicións legal e regulamentariamente establecidas, someténdoos aos recoñecementos e inspeccións que correspondan e impedindo que sexan conducidos por quen nunca obtiveran o permiso ou a licenza de condución correspondente.

Artigo 5. Normas de comportamento dos peóns

1. Os peóns transitarán polas beirarrúas, as plataformas ou os paseos, preferentemente pola súa dereita, de forma que non obstrúan ou dificulten a circulación por elas doutros viandantes, gozando sempre de preferencia as persoas de mobilidade reducida. Nas vías urbanas sen beirarrúas ou con beirarrúas que non permitan o paso simultáneo de dúas persoas, pero que estean abertas ao tráfico de vehículos, os peóns han de extremar as precaucións e circular preto das fachadas dos edificios, polo lugar máis afastado do centro da calzada.

2. Os peóns utilizarán os pasos sinalizados para cruzar as calzadas e, nos lugares que carezan destes, farano polos extremos das mazás, perpendicularmente á calzada, asegurándose antes da non proximidade dalgún vehículo.

3. Ao chegar a unha praza ou rotonda, os peóns deberán rodeala, salvo que estea habilitado un paso para cruzala.

4. Nos pasos de peóns regulados por semáforo, os peóns deberán respectar os seus sinais ou fases que lles afecten, así como calquera outro tipo de sinalización específica da vía pública.

5. Os peóns deberán respectar os sinais dos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico, e seguir as súas indicacións.

Artigo 6. Zonas peonís

1. O concello poderá establecer illas ou zonas peonís nas que, como norma xeral, será prioritaria a circulación de peóns, e restrinxirase total ou parcialmente a circulación e o estacionamento de vehículos excepto nas zonas especialmente autorizadas.

2. As illas ou zonas peonís disporán da sinalización correspondente á entrada e á saída. Nos sinais indicaranse as limitacións e os horarios, se procede, sen prexuízo de que se poidan utilizar outros elementos móbiles ou telemáticos que impidan a entrada e a circulación de vehículos na rúa ou zona afectada.

3. A prohibición de circulación e de estacionamento nas illas ou zonas peonís poderá establecerse con carácter permanente ou referirse unicamente a unhas determinadas horas do día ou a uns determinados días, e poderá afectar a todas ou só algunhas das vías da zona delimitada.

4. As limitacións de circulación e de estacionamento que se establezan nas illas ou zonas peonís non afectarán os seguintes vehículos:

a. Os do servizo de prevención e extinción de incendios, dos Corpos e Forzas de Seguridade, ambulancias e transporte sanitario e a aqueles outros vehículos de servizos públicos de limpeza, reparación ou similares, para a prestación do servizo correspondente.

b. Os que trasladen enfermos ou persoas discapacitadas con domicilio ou atención dentro da área.

c. Os que accedan ou saian de garaxes e estacionamentos autorizados, durante o horario que fixe a licenza correspondente.

d. Os vehículos comerciais ou industriais terán acceso durante o tempo imprescindible para cargar ou descargar, dentro do horario establecido. As tarefas de carga e descarga realizaranse nos espazos indicados para o efecto.

e. Os vehículos destinados a operacións de mudanzas de mobles e aparellos terán acceso á zona e permiso para estacionar nas condicións e horarios establecidos, para cada caso, na autorización municipal correspondente, segundo dispón o artigo 38.4 desta ordenanza.

f. Os vehículos destinados ao transporte escolar, nos itinerarios e paradas fixados para o efecto pola autoridade municipal, de conformidade co establecido no artigo 24 desta ordenanza.

5. O concello poderá ordenar a utilización de distintivos para identificar os vehículos autorizados a circular nas zonas restrinxidas, que deberán colocarse en lugar visible, preferentemente no parabrisas.

Artigo 7. Zonas de prioridade investida e regulación de tráfico en circunstancias especiais

1. A Administración municipal poderá establecer zonas nas cales as condicións de circulación de vehículos queden restrinxidas a favor da circulación e uso da calzada por parte dos peóns.

2. Cando circunstancias especiais así o requiran, a Autoridade municipal, por medio da Policía local, poderá tomar as medidas que sexan oportunas para a adecuada regulación do tráfico, tales como:

a) A restrición ou prohibición da circulación de vehículos en xeral ou dunha categoría en particular por determinadas zonas de poboación.

b) A canalización do tráfico por determinadas vías.

c) A reordenación, restrición ou prohibición da parada ou o estacionamento en determinadas vías.

Artigo 8. Control do vehículo e outras obrigacións do condutor

1. Os condutores deberán estar en todo momento en condicións de controlar os seus vehículos ou animais. Ao aproximarse a outros usuarios da vía, deberán adoptar as precaucións necesarias para a súa seguridade, especialmente cando se trate de nenos, anciáns, invidentes ou outras persoas manifestamente impedidas.

2. O condutor dun vehículo está obrigado a manter a súa propia liberdade de movementos, o campo necesario de visión e a atención permanente á condución, que garantan a súa propia seguridade, a do resto dos ocupantes do vehículo e a dos demais usuarios da vía. Para estes efectos, deberá coidar especialmente de manter a posición adecuada e que a manteña o resto dos pasaxeiros e a adecuada colocación dos obxectos ou animais transportados, de forma que non haxa interferencia entre o condutor e calquera deles.

3. Considérase incompatible coa obrigatoria atención permanente á condución o uso polo condutor, co vehículo en movemento, de dispositivos tales como pantallas con acceso a internet, monitores de televisión e reprodutores de vídeo ou DVD. Exceptúanse, para estes efectos, o uso de monitores que estean á vista do condutor e cuxa utilización sexa necesaria para a visión de acceso ou baixada de pasaxeiros ou para a visión en vehículos con cámara de manobras traseiras, así como o uso de dispositivo GPS.

4. Queda prohibido conducir e utilizar cascos ou auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son, así como outros dispositivos que diminúan a obrigatoria atención permanente á condución, excepto durante o correspondente ensino e a realización das probas de aptitude en circuíto aberto para a obtención do permiso de condución de motocicletas de dúas rodas, cando así o esixa o Regulamento Xeral de Condutores.

5. Prohíbese, durante a condución, a utilización de dispositivos de telefonía móbil, navegadores e calquera outro medio ou sistema de comunicación, excepto cando o desenvolvemento da comunicación teña lugar sen empregar as mans nin usar cascos, auriculares, ou instrumentos similares.

Quedan exentos da devandita prohibición os axentes da autoridade, os condutores de vehículos especiais e de acompañamento destes, de furgóns de transporte de fondos e de escolta debidamente acreditados, no exercicio das funcións que teñan encomendadas.

6. Prohíbese conducir vehículos que teñan instalados inhibidores de radar ou calquera outros mecanismos encamiñados a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico.

7. Prohíbese levar abertas as portas do vehículo, abrilas antes da súa completa inmobilización e abrilas ou apearse deste sen asegurarse previamente de que iso non implica perigo ou entorpecemento para outros usuarios, especialmente cando se refire a condutores de bicicletas.

8.Queda prohibido circular con menores de doce anos situados nos asentos dianteiros do vehículo salvo que utilicen dispositivos homologados para o efecto. Así mesmo, queda prohibido circular con menores de doce anos como pasaxeiros de ciclomotores ou motocicletas con ou sen sidecar, por calquera clase de vía. Excepcionalmente permítese esta circulación a partir dos sete anos, sempre que os condutores sexan os pais ou as nais, titores ou persoa maior de idade autorizada por eles, utilicen casco homologado e se cumpran as condicións específicas de seguridade establecidas regulamentariamente.

Artigo 9. Circulación de motocicletas e ciclomotores

As motocicletas e os ciclomotores non poden circular polas beirarrúas, plataformas, paseos nin carril bici.

Artigo 10. Circulación de bicicletas

1. As bicicletas deberán estar dotadas dos elementos reflectores debidamente homologados que regulamentariamente se determinen e que deberán posuír estes vehículos conforme a dita normativa. Cando sexa obrigatorio o uso de iluminación, os condutores de bicicletas deberán, ademais, levar colocada algunha peza reflectora, se circulan por vía interurbana.

2. As bicicletas circularán polos carrís especialmente reservados, respectando a preferencia de paso dos peóns que os crucen. De circular pola calzada por non haber viario reservado, efectuarano preferiblemente polo carril da dereita, salvo que teñan que realizar un xiro próximo á esquerda.

3. Excepto en momentos de aglomeración, as bicicletas, poderán circular polos parques públicos, as zonas peonís, os paseos, as beirarrúas suficientemente amplas e as zonas de prioridade investida sen carril bici, nas seguintes condicións:

1. Respectarán a preferencia dos peóns.

2. Adecuasen a velocidade á dos peóns sen superar o 10 Km/h.

3. Absteranse de zigzaguear ou realizar calquera outra manobra que poida afectar á seguridade dos peóns.

4. Cando os ciclistas circulen en grupo polas vías urbanas deberán respectar individualmente a sinalización semafórica que lles afecte.

5. As bicicletas non poderán circular por vías urbanas nas que se permita unha velocidade superior ao 50 Km/h e carezan de beiravía.

Artigo 11. Velocidade dos vehículos que circulen por núcleo urbano

1. O límite máximo autorizado de velocidade a que poderán circular os vehículos por vías urbanas será de 50 Km/h, salvo para os vehículos que transporten mercadorías perigosas, que circularán como máximo a 40 km/h, sen prexuízo de que a autoridade municipal, vistas as súas características peculiares, poida establecer en certas vías e/ou zonas límites inferiores ou superiores.

Nas zonas peonís, en rúas dun só carril ou de gran aglomeración de persoas, os vehículos non poderán exceder a velocidade de 30 Km/h.

2. Todo condutor estará obrigado a respectar os límites de velocidade establecidos. Co fin de adecuar a velocidade do vehículo de maneira que sempre poida deter a marcha deste dentro dos límites do seu campo de visión e ante calquera obstáculo, deberá ter en conta, ademais:

1. As propias condicións físicas e psíquicas.

2. As características e estado da vía, do vehículo e da súa carga.

3. As condicións meteorolóxicas, ambientais e de circulación.

4. En xeral, todas aquelas circunstancias en cada momento concorrentes.

3. Poderase circular por baixo dos límites mínimos de velocidade nos casos de transportes e vehículos especiais, ou cando as circunstancias do tráfico impidan o mantemento dunha velocidade superior á mínima sen risco para a circulación, así como nos supostos de protección ou acompañamento a outros vehículos, nas condicións que regulamentariamente se establezan.

Artigo 12. Actividades que afecten á seguridade da circulación

1. A realización de obras, instalacións, colocación de colectores, mobiliario urbano ou calquera outro elemento ou obxecto de forma permanente ou provisional nas vías obxecto desta ordenanza necesitará a previa autorización municipal e rexeranse polo disposto nesta norma e nas leis de aplicación xeral. As mesmas normas serán aplicables á interrupción

CON	1	1	5C		65	5	k				Conducir un vehículo cun permiso ou licenza que non lle habilita para eso (detallar tipo de vehículos que se conduce e o tipo de permiso que posúe)	MG	500	250	4
CON	3	1	5A		65	4	ll				Conducir o vehículo reseñado cunha licenza ou permiso de condución incumprindo as condicións restritivas ou mencións especiais que figuran nela (especifíquese o incumprimento)	G	200	100	0
CON	3	2	5A		65	3					Non exhibirlle ao axente da autoridade a autorización administrativa para conducir o vehículo reseñado	L	10	5	0
CON	10	_	5A		65	3					Non comunicar o cambio de domicilio o titular do permiso ou licenza de condución reseñados dentro do prazo reglamentario	L	80	40	0
CON	12	4	5A		65	4	ll				Conducir o vehículo reseñado coa autorización administrativa para conducir caducada	G	200	100	0
CON	25	1	5A		65	5	k				Conducir un vehículo que transporta materias perigosas sen ter obtido a autorización especial correspondente.	MG	500	250	0

VELOCIDADE

Norma	Art	Apart	Opc	Caso	LSV			Feito denunciado	Calif	Multa	Importe reducido	Puntos
					Art	Apart	Opc					
CIR	50	1	5A	1	65	4	a	Circular a entre 31 e 50 km/h estando a velocidade limitada a 30 Km/h.	G	100	50	0
CIR	50	1	5A	2	65	4	a	Circular a entre 51 e 60 km/h estando a velocidade limitada a 30 Km/h.	G	300	150	2
CIR	50	1	5A	3	65	4	a	Circular a entre 61 e 70 km/h estando a velocidade limitada a 30 Km/h.	G	400	200	4
CIR	50	1	5A	4	65	4	a	Circular a entre 71 e 80 km/h estando a velocidade limitada a 30 Km/h.	G	500	250	6
CIR	50	1	5B	5	65	5	a	Circular a máis de 81 km/h estando a velocidade limitada a 30 Km/h.	MG	600	300	6
CIR	50	1	5A	6	65	4	a	Circular a entre 41 e 60 km/h estando a velocidade limitada a 40 Km/h.	G	100	50	0
CIR	50	1	5A	7	65	4	a	Circular a entre 61 e 71 km/h estando a velocidade limitada a 40 Km/h.	G	300	150	2
CIR	50	1	5A	8	65	4	a	Circular a entre 71 e 80 km/h estando a velocidade limitada a 40 Km/h.	G	400	200	4
CIR	50	1	5A	9	65	4	a	Circular a entre 81 e 90 km/h estando a velocidade limitada a 40 Km/h.	G	500	250	6
CIR	50	1	5B	10	65	5	a	Circular a velocidades superiores a 91 km/h estando a velocidade limitada a 40 Km/h.	MG	600	300	6
CIR	50	1	5A	11	65	4	a	Circular a entre 51 e 70 km/h estando a velocidade limitada a 50 Km/h.	G	100	50	0
CIR	50	1	5A	12	65	4	a	Circular a entre 71 e 80 km/h estando a velocidade limitada a 50 Km/h.	G	300	150	2
CIR	50	1	5A	13	65	4	a	Circular a entre 81 e 90 km/h estando a velocidade limitada a 50 Km/h.	G	400	200	4
CIR	50	1	5A	14	65	4	a	Circular a entre 91 e 100 km/h estando a velocidade limitada a 50 Km/h.	G	500	250	6
CIR	50	1	5B	15	65	5	a	Circular a velocidade superior a 101 km/h estando a velocidade limitada a 50 Km/h.	MG	600	300	6
CIR	50	1	5A	16	65	4	a	Circular a entre 61 e 90 km/h estando a velocidade limitada a 60 Km/h.	G	100	50	0
CIR	50	1	5A	17	65	4	a	Circular a entre 91 110 km/h estando a velocidade limitada a 60 Km/h.	G	300	150	2
CIR	50	1	5A	18	65	4	a	Circular a entre 111 e 120 km/h estando a velocidade limitada a 60 Km/h.	G	400	200	4
CIR	50	1	5A	19	65	4	a	Circular a entre 121 e 130 km/h estando a velocidade limitada a 60 Km/h.	G	500	250	6
CIR	50	1	5B	20	65	5	a	Circular a velocidades superiores 131 km/h estando a velocidade limitada a 60 Km/h.	MG	600	300	6
CIR	50	1	5A	21	65	4	a	Circular a entre 71 e 100 km/h estando a velocidade limitada a 70 Km/h.	G	100	50	0
CIR	50	1	5A	22	65	4	a	Circular a entre 101 e 120 km/h estando a velocidade limitada a 70 Km/h.	G	300	150	2
CIR	50	1	5A	23	65	4	a	Circular a entre 121 e 130 km/h estando a velocidade limitada a 70 Km/h.	G	400	200	4
CIR	50	1	5A	24	65	4	a	Circular a entre 131 e 140 km/h estando a velocidade limitada a 70 Km/h.	G	500	250	6
CIR	50	1	5B	25	65	5	a	Circular a velocidades superiores a 141 km/h estando a velocidade limitada a 70 Km/h.	MG	600	300	6
CIR	50	1	5A	26	65	4	a	Circular a entre 81 e 110 km/h estando a velocidade limitada a 80 Km/h.	G	100	50	0
CIR	50	1	5A	27	65	4	a	Circular a entre 111 e 130 km/h estando a velocidade limitada a 80 Km/h.	G	300	150	2
CIR	50	1	5A	28	65	4	a	Circular a entre 131 e 140 km/h estando a velocidade limitada a 80 Km/h.	G	400	200	4
CIR	50	1	5A	29	65	4	a	Circular a entre 141 e 150 km/h estando a velocidade limitada a 80 Km/h.	G	500	250	6
CIR	50	1	5B	30	65	5	a	Circular a velocidades superiores a 151km/h estando a velocidade limitada a 80 Km/h.	MG	600	300	6
CIR	50	1	5A	31	65	4	a	Circular a entre 91 e 120 km/h estando a velocidade limitada a 90 Km/h.	G	100	50	0
CIR	50	1	5A	32	65	4	a	Circular a entre 121 e 140 km/h estando a velocidade limitada a 90 Km/h.	G	300	150	2
CIR	50	1	5A	33	65	4	a	Circular a entre 141 e 150 km/h estando a velocidade limitada a 90 Km/h.	G	400	200	4
CIR	50	1	5A	34	65	4	a	Circular a entre 151 e 160 km/h estando a velocidade limitada a 90 Km/h.	G	500	250	6
CIR	50	1	5B	35	65	5	a	Circular a velocidades superiores a 161km/h estando a velocidade limitada a 90 Km/h.	MG	600	300	6
CIR	50	1	5A	36	65	4	a	Circular a entre 101 e 130 km/h estando a velocidade limitada a 100 Km/h.	G	100	50	0
CIR	50	1	5A	37	65	4	a	Circular a entre 131 e 150 km/h estando a velocidade limitada a 100 Km/h.	G	300	150	2
CIR	50	1	5A	38	65	4	a	Circular a 151 e 160 km/h estando a velocidade limitada a 100 Km/h.	G	400	200	4
CIR	50	1	5A	39	65	4	a	Circular a entre 161 e 170 km/h estando a velocidade limitada a 100 Km/h.	G	500	250	6
CIR	50	1	5B	40	65	5	a	Circular a velocidades superiores a 171km/h estando a velocidade limitada a 100 Km/h.	MG	600	300	6

Contra o presente acordo poderá interpoñerse polos interesados recurso contencioso- administrativo, ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso- Administrativa.

Muros, 18 de agosto de 2010.

O ALCALDE,

Asdo. Domingos Dosil Cubelo.

2010/12450

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Departamento de Obras e Urbanismo

Aprobación definitiva da Modificación Puntual do P.X.O.M. de modificación e ampliación do viario entre Xuvia e Castro

ANUNCIO

Con data 2 de agosto de 2010, o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras ditou a orde de aprobación definitiva da Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación municipal de modificación e ampliación do viario entre Xuvia e Castro (DP-5401), redactada pola arquitecta Dna. Carolina Cajide Barbeito e promovida polo Concello de Narón, que foi publicada no DOG núm. 156, de data 16 de agosto de 2010.

A continuación publícase a normativa urbanística correspondente á dita modificación puntual, en cumprimento do previsto no art. 92.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

De acordo co disposto no art. 85.11 da citada lei, contra esa orde non cabe recurso en vía administrativa; non obstante, contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ó desta publicación, según o disposto nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

"3.–normativa e tramitación.

3.1.–NORMATIVA

3.1.1.–Disposicións Xerais

3.1.1.1.–Marco legal

A presente Modificación Puntual redáctase de conformidade coa Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e o actual Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2002 do Concello de Narón.

3.1.1.2.–Ámbito de aplicación

Constitúen o ámbito de aplicación da presente Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Narón vixente no Municipio de Narón, respecto á modificación afectada pola estrada DP-5401, os terreos sinalados nos planos de información I 15 a e I 15 b, que abarcan unha superficie total de 29.492 m^2 clasificados como Solo Urbano, Solo Urbanizable, Solo Rústico Apto para Urbanizar, Solo de Núcleo Rural e Solo Rústico.

Os terreos afectados polas modificacións no Castro de Sequeiro e a Mámoa de Sequeiro aparecen reflectidas en tódolos planos de información.

3.1.1.3.–Contido

En todos aqueles conceptos e determinacións non recollidos explicitamente na Modificación Puntual, serán de aplicación as disposicións xerais do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Narón e as disposicións de carácter vinculante da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

3.1.1.4.–Aplicación da Normativa Xeral

A presente Modificación Puntual contén tódalas precisións necesarias, tendo en conta o obxecto das mesmas, establecidas na vixente Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

3.1.2.–Texto da Normativa do Plan Xeral que se modifica

TITULO III

CAPITULO 3. Solo rústico protexido

Engádese a categoría de Solo Rústico de Especial Protección de Infraestructuras

Ámbito de aplicación

O réxime xeral de solo rústico de protección de infraestructuras, sen prexuízo do establecido na súa específica lexislación reguladora, ten por obxecto preservar os terrenos ocupados por infraestructuras e a súas zonas de afección, así como os que sexan necesarios para a implantación doutras infraestructuras novas.

- Clasifícase nesta ordenanza o solo comprendido entre as liñas límite de edificación en solo rústico derivadas da Lei 4/94 de Estradas de Galicia, da Lei 25/1988 de estradas e das estradas da rede de Sistema Xeral establecida no PXOM.

Condicións de uso

A tramitación da licenza será, según o uso, a regulada no PXOM.

Usos permitidos por licenza municipal previa autorización do organismo titular da infraestructura:

- Actividades de ocio, tales como a práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestructura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terrenos polos que discorren.
- Edificacións necesarias para o funcionamiento das infraestructuras e servizos técnicos que non superen os 50 metros cadrados edificados.
- Instalacións necesarias para a execución e funcionamiento da correspondente infraestructura.
- Excepcionalmente, poderá outorgarse licenza, sen necesidade de autorización autonómica previa, para a execución de pequenas construcións e instalacións ó servizo e funcionamento das infraestructuras e das obras públicas, sempre que quede xustificada a proporcionalidade da construción ou instalación coa natureza, extensión e destino actual da finca na que se localice e non se superen os 25 metros cadrados de superficie total edificada nin a altura máxima dunha planta nin 3,50 m. En todo caso, a tipoloxía da edificación e os materiais de construción serán conforme ó artigo 42 da Lei 9/2002.
- Peches ou valados de fincas nas condicións establecidas no PXOM para o Solo Rústico.

Usos autorizables pola Comunidad Autónoma

- Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragados, defensa de ríos e rectificación de cauces, abancalamentos, desmontes, recheos e outras análogas.
- Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como, en todo caso, as de subministro de carburante.
- Edificacións necesarias que superen os 50 metros cadrados edificados para o funcionamento das infraestructuras e servizos técnicos nomeados no artigo 33.2º f) da LOUG.

Usos prohibidos

- Tódolos restantes, especialmente os usos residenciais e industriais.

Condicións da edificación

As condicións das edificacións regularanse polo establecido no artigo 42 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións derivadas da lei 15/2004, de 29 de decembro.

Protección de Castros e outros bens de natureza histórico-artística.

TITULO VII

CAPITULO 4. Listado xacementos e bens arqueolóxicos a protexer

A ficha do Castro de Sequeiro non se modifica por manter a área de protección integral; a nova delimitación da área de cautela aparece reflectida nos planos de ordenación da presente Modificación Puntual O 02a e O 02b.

Inclúese o seguinte elemento ó catálogo:

Nº de ficha	Denominación	Localización	Parroquia	Nivel de protección	Correspondencia nomenclatura Patrimonio (codxac)	Observacións
P.A. 20	Mámoa de Sequeiro	Sequeiro	Narón	Grao II	GA-15054036	

E a seguinte ficha no catálogo de patrimonio arqueolóxico.

P.X.O.M. DE NARÓN. CATÁLOGO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO	FICHA Nº PA.20

DENOMINACIÓN: Mámoa de Sequeiro



LOCALIZACIÓN: Sequeiro. Narón, San Xulián	CÓDIGO XACEMENTO: GA 15054036

DESCRICIÓN XERAL :

Pequeno túmulo arrasado con dimensións duns 11 metros no eixo N-S e de 15 metros no eixo E-O. Apenas levanta uns 40-50 cm na zona E-SE que é a que está máis marcada debido ó tránsito de maquinaria de recollida de madeira e uns 20-30 cm no resto do seu perímetro. Non se observan restos de coraza pétrea, nin marcas ou vestixios de ningún ortostato así como tampoco restos dun burato de violación.

PROTECCIÓN ARQUEOLÓXICA: Grao II

3.1.3.–Réxime de autorizacións dos Organismos titulares das estradas de Sistema Xeral

Será necesario, previa á concesión da licenza municipal, autorización do organismo titular da estrada de sistema xeral para as obras que estean dentro da zona de dominio público, zona de servidume e/ou zona de afección, tal como establece a normativa de obrigado cumprimento.

3.1.4.–Planos que se modifican

Modifícanse os planos con referencias:

O-2	Estructura Xeral e Orgánica do Territorio	E: 1/10.000
C	Clasificación do solo do Termo Municipal	E: 1/5.000
F	Clasificación do solo do Termo Municipal	E: 1/5.000
1.2 C	Cualificación do solo: Usos pormenorizados	E: 1/2.000
1.3 C	Aliñacións e Rede Viaria	E: 1/2.000
1.6 C	Espazos libres, zonas verdes e equipamentos	E: 1/2.000

do presente Plan Xeral de Ordenación Municipal, de maneira que a zona afectada quedaría modificada trala definición do novo vial e a modificación e incorporación da delimitación de protección de dous xacementos arqueolóxicos, según se reflicte nos seguintes planos da presente Modificación Puntual:

O 01	Estructura Xeral e Orgánica do Territorio según Modificación Puntual	E: 1/10.000
O 02a	Clasificación do solo do Termo Municipal según Modificación Puntual	E: 1/5.000
O 02b	Clasificación do solo do Termo Municipal según Modificación Puntual	E: 1/5.000
O 03	Cualificación do solo: Usos pormenorizados según Modificación Puntual	E: 1/2.000
O 04	Aliñacións e Rede Viaria según Modificación Puntual	E: 1/2.000
O 05	Espazos libres, zonas verdes e equipamentos según Modificación Puntual	E: 1/2.000

3.1.5.–Requisitos derivados dos informes sectoriais ó proxecto de obra da ampliación e modificación do viario

3.1.5.1.–Requisitos derivados do informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura e Deporte)

A aprobación da presente modificación puntual da traza do novo viario, non implica a aprobación dos proxectos de obra do viario, que deberán ser informados polo órgano competente da Consellería de Cultura e Deporte, co obxecto de cautelar as obras do entorno inmediato dos tres elementos arquitectónicos que se atopan ó borde da DP-5401 e que son os seguintes:

- Parroquia de San Xiao de Narón:

  EC 66: Igrexa parroquial de San Xiao

  EC 68: Edificio de vivienda

- Parroquia de Santa Rita de Xuvia:

  EC 118: Casa Román

O proxecto de obra incluirá a documentación suficiente que permita a avaliación do impacto das obras sobre os bens.

3.1.5.2.–Requisitos derivados do informe de FEVE

En base ó informe emitido con data de 5 de agosto de 2008 pola Dirección Xerencia de Xestión do Patrimonio será necesario que se tomen en conta as seguintes consideracións:

- No posterior desenvolvemento terase presente en todo momento o disposto no Capítulo II do Título II da Lei 39/2003 de 17 de novembro do Sector Ferroviario (art. 12 a 18) e o Capítulo II do Título I do seu Regulamento R.D. 2387/2004, de 30 de decembro (art. 24 a 40) titulados ambos “Limitacións á Propiedade” e que tratan das normas a respectar dentro das receptivas zonas de influencia do ferrocarril (zona de dominio público, zona de protección e liña límite de edificación).
- É necesaria autorización de FEVE para calquera obra futura a executar na zona de influencia do ferrocarril afectada pola Modificación Puntual (Pk 7/984 da Liña de FEVE Ferrol-Xixón). Esta autorización tramitarase con carácter previo no seu momento ante a Inspección xeral de FEVE, competente nestas materias (Praza dos Ferroviarios S/N, Estación conxunta de FEVE-RENFE, en Oviedo), sendo precisamente neste momento a partir do que se procederá por parte da Xerencia de Xestión do Patrimonio a regularizar, mediante o establecemento do correspondiente canon económico, a ocupación dos terreos que resulten afectados.

3.1.5.3.–Requisitos derivados do informe de Augas de Galicia (Consellería de Medio Ambiente)

En base ó informe emitido con data de 5 de decembro de 2008 pola Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico será necesario que se tomen en conta as consideracións que aparecen no ANEXO B da presente Modificación Puntual.

3.1.5.4.–Requisitos derivados do informe da Dirección Xeral de Obras Públicas (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes)

En base ó informe emitido con data de 19 de febreiro de 2008 pola Dirección Xeral de Obras Públicas será necesario que se tomen en conta as seguintes consideracións ó Proxecto Constructivo do viario:

- Introducirase a correcta definición xeométrica, tanto en planta como en alzado, da conexión prevista entre a DP-5401 e a AC-862 así como a correcta sinalización tanto horizontal como vertical.
- O Servizo Provincial de Estradas de A Coruña, deberá informar favorablemente o citado Proxecto."

Narón, 16 de agosto de 2010.

O alcalde acctal,

Asdo. Guillermo Sánchez Fojo.

2010/11827

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Aprobacion definitiva da Ordenanza Xeral Municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial

ANUNCIO

Aprobación definitiva da Ordenanza Xeral Municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial do Concello de Pontedeume

O Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de xuño de 2010, aprobou inicialmente a Ordenanza Xeral Municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, modificando o acordo adoptado polo pleno do concello o 25.03.2010.

O expediente e a Ordenanza estiveron expostos ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia nº 125 do 5 de xullo de 2010, polo prazo de 30 días, desde o 6 de xullo ata o 9 de agosto de 2010, ambos os dous incluídos, sen que durante o devandito prazo se producira ningunha reclamación.

Rematado o prazo de información pública, sen que se producira ningunha reclamación, faise pública a automática aprobación definitiva do devandito expediente, así como o texto íntegro da Ordenanza, de acordo co disposto polo Pleno da Corporación, e en cumprimento do preceptuado nos artigos 49.c) e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Pontedeume, 23 de agosto de 2010.

O alcalde,

Gabriel Torrente Piñeiro.

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS
TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN
Artigo 1.Competencia
Artigo 2.Obxecto
Artigo 3.Ámbito de aplicación
TÍTULO PRIMEIRO: A CIRCULACIÓN URBANA
CAPÍTULO PRIMEIRO: NORMAS XERAIS
Artigo 4.Usuarios, condutores e titulares de vehículos
Artigo 5.Normas de comportamento dos peóns
Artigo 6.Zonas peonís
Artigo 7.Zonas de prioridade investida e regulación de tráfico en circunstancias especiais
Artigo 8.Control do vehículo e outras obrigacións do condutor
Artigo 9.Circulación de motocicletas e ciclomotores
Artigo 10.Circulación de bicicletas
Artigo 11.Velocidade dos vehículos que circulen por núcleo urbano
Artigo 12.Actividades que afecten á seguridade da circulación
Artigo 13.Emisión de perturbacións e contaminantes
CAPÍTULO SEGUNDO: SINALIZACIÓN
Artigo 14.Sinalización
Artigo 15.Alteración
Artigo 17.Orde de prioridade
Artigo 18.Modificación temporal
CAPÍTULO TERCEIRO: A PARADA E O ESTACIONAMENTO
Sección 1ª. A parada
Artigo 19.Parada
Artigo 20.Lugar de parada

Artigo 21.Modo de parada
Artigo 22.Parada de taxis
Artigo 23.Parada de autobuses
Artigo 25.Prohibicións
Sección 2ª. O estacionamento
Artigo 26.Estacionamento
Artigo 27.Modo de estacionamento
Artigo 28.Tipos de estacionamento. Estacionamento con limitación temporal
Artigo 29.Parte de estacionamento
Artigo 30.Maneira de estacionar
Artigo 31.Servizo colectivo
Artigo 32.Estacionamento limitado
Artigo 33.Prohibicións
Sección 3ª. Dos cartóns de estacionamento para minusválidos
Artigo 34.Cartón de minusválidos
TÍTULO SEGUNDO: DAS ACTIVIDADES NA VÍA PÚBLICA
CAPÍTULO PRIMEIRO: OBRAS
Artigo 35: Dos colectores e da carga e descarga en obras
CAPÍTULO SEGUNDO: OBSTÁCULOS NA VÍA PÚBLICA
Artigo 36. Elementos móbiles e fixos
Artigo 37.Retirada de obstáculos
CAPÍTULO TERCEIRO: CARGA E DESCARGA
Artigo 38.Carga e descarga
Artigo 39. Vehículos dedicados
Artigo 40. Cartón de carga e descarga
Artigo 41. Manobra de carga e descarga
Artigo 42.Disposicións sobre carga e descarga
Artigo 43.Vehículos pesados
Artigo 44.Material descargado
Artigo 45.Precaucións
Artigo 46. Execución
Artigo 47. Prohibición
Artigo 48. Tempo máximo
Artigo 49. Exhibición de hora de inicio
TÍTULO TERCEIRO: UTILIZACIÓN PRIVATIVA DA VÍA PÚBLICA
CAPÍTULO PRIMEIRO: DAS AUTORIZACIÓNS PARA ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS (VAOS)
Artigo 50.Vaos
Artigo 51. Obrigacións do titular do vao
Artigo 52. Autorización
Artigo 53.Documentación
Artigo 54. Tipos de vaos
Artigo 55. Sinalización
Artigo 56.Responsabilidade polo uso
Artigo 57. Suspensión de autorización
Artigo 58. Revogación
Artigo 59.Baixa ou anulación do vao
CAPÍTULO SEGUNDO: DAS RESERVAS DE ESPAZO EN VÍA PÚBLICA
Artigo 60.Concepto
Artigo 61.Sinalización da reserva de espazo
TÍTULO CUARTO: MEDIDAS CAUTELARES
CAPÍTULO PRIMEIRO: INMOBILIZACIÓN DO VEHÍCULO
Artigo 62. Supostos

CAPÍTULO SEGUNDO: RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA
Artigo 63.Retirada de vehículos
Artigo 64. Perigo para a circulación
Artigo 65. Perturbación da circulación
Artigo 66. Obstaculización dun servizo público
Artigo 67. Perda ou deterioración do patrimonio público
Artigo 68. Tratamento residual do vehículo
Artigo 69. Estacionamento en zona de horario limitado
Artigo 70. Outros supostos de retirada
Artigo 71.Gastos
Artigo 72.Suspensión da retirada dun vehículo
Artigo 73. Retirada de obxectos da vía pública
TÍTULO QUINTO: DA RESPONSABILIDADE
Artigo 74.Persoas responsables
TÍTULO SEXTO: PROCEDEMENTO SANCIONADOR
Artigo 75.Órgano competente
Artigo 76.Valor probatorio das denuncias dos axentes
Artigo 77.Denuncias dos vixiantes de estacionamento limitado e cidadáns
Artigo 78. Procedemento administrativo
Artigo 79. Alegacións, escritos e recursos
Artigo 80.Prescrición e caducidade
Artigo 81.Contía das multas
Artigo 82.Redución e residencia
Artigo 83.Pago das multas
Artigo 84. Responsables subsidiarios do pago de multas
DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª.O SERVIZO DE ESTACIONAMENTO CON LIMITACIÓN TEMPORAL
1.Obxecto
2.Tipoloxía de usos e usuarios
3.Título habilitante
4.Cartón de residentes
5.Vehículos excluídos
6.Sinalización
7.Obtención do título habilitante
8.Horario e lugares
9.Taxa
10.Título habilitante pospagado
11.Infraccións
DISPOSICIÓN ADICIONAL 2ª: Clasificación das vías do Concello de Pontedeume
DISPOSICIÓN FINAL
ANEXO I: CADRO DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As entidades locais gozan de autonomía para a xestión dos intereses que lles son propios. A Lei reguladora das bases de réxime local e o seu texto refundido establecen que a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas será competencia das entidades locais, as cales a exercen dentro do límite establecido pola lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

A manifestación desta competencia, en materia de circulación, reflíctese na elaboración dunha ordenanza que regule os aspectos relacionados coa ela dentro do municipio.

O feito da circulación viaria é hoxe en día consubstancial ao ser humano, sendo a actividade que máis se prodiga e a que máis vincula a poboación xa sexa na súa faceta condutora ou meramente peonil, razón pola que require unha lexislación concreta e adecuada ás súas especiais circunstancias.

A capacidade normativa das administracións locais debe enfocarse cara á regulación das facetas específicas que constitúen a idiosincrasia do municipio, atendendo á variedade e pluralidade do seu tecido social, co fin de mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns.

Este concello regula mediante a presente ordenanza diversas cuestións en materia de tráfico co fin de exercer as competencias atribuídas aos municipios polo artigo 7 do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e normativa concordante e complementar así a lexislación estatal e autonómica neste ámbito.

TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1.Competencia

A presente ordenanza dítase en exercicio das competencias atribuídas aos municipios en materia de ordenación do tráfico de persoas e vehículos nas vías urbanas pola Lei de bases do réxime local e a Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Naquelas materias non reguladas expresamente nesta ordenanza aplicaranse directa e subsidiariamente os preceptos da Lei de seguridade viaria e os regulamentos ou outras normas que a desenvolvan ou poidan desenvolvela nun futuro.

Artigo 2.Obxecto

É obxecto da presente ordenanza:

1) A regulación dos usos das vías urbanas e travesías, de acordo coas fórmulas de cooperación ou delegación con outras administracións, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcadoiros entre todos os usuarios; compatibilizar a necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como fomentar a seguridade viaria e a prevención de accidentes.

2) O establecemento de medidas de limitación do estacionamento, co fin de garantir a rotación dos aparcadoiros, prestando especial atención ás necesidades das persoas que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos e favorecer así a súa integración social.

1) Establecer os importes das sancións pecuniarias correspondentes ás distintas infraccións, respectando os límites legais na normativa con rango de lei.

Artigo 3.Ámbito de aplicación

1.As normas contidas nesta ordenanza obrigarán aos titulares e usuarios das vías e terreos públicos urbanos e os interurbanos cuxa competencia fose cedida ao concello, que sexan aptos para a circulación ou que, sen ter tal aptitude, sexan de uso común e, en defecto doutras normas, aos titulares das vías e terreos privados que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de usuarios.

Mediante esta ordenanza regúlase o uso das vías urbanas do termo municipal para a circulación de persoas e vehículos e será de obrigado cumprimento para todos aqueles que fan uso destas.

2. Enténdese por usuarios da vía a peóns, condutores, ciclistas e calquera outra persoa que realice sobre a vía ou a utilice para o desenvolvemento de actividades de natureza diversa, que precisarán para o seu exercicio de autorización municipal.

TÍTULO PRIMEIRO: A CIRCULACIÓN URBANA

CAPÍTULO PRIMEIRO: NORMAS XERAIS

Artigo 4.Usuarios, condutores e titulares de vehículos

1.Os usuarios das vías están obrigados a comportarse de forma que non entorpezan indebidamente a circulación nin causen perigo, prexuízos ou molestias innecesarias ás persoas, ou danos aos bens.

2. Os condutores deben utilizar o vehículo coa dilixencia, precaución e non distracción necesarias para evitar todo dano, propio ou alleo, coidando de non pór en perigo, tanto a si mesmos como os demais ocupantes do vehículo e ao resto de usuarios da vía.

O condutor deberá verificar que as placas de matrícula do vehículo non presentan obstáculos que impidan ou dificulten a súa lectura e identificación.

3. Os titulares e, no seu caso, os arrendatarios dos vehículos teñen o deber de actuar coa máxima dilixencia para evitar os riscos que comporta a súa utilización, manténdoos nas condicións legal e regulamentariamente establecidas, someténdoos aos recoñecementos e inspeccións que correspondan e impedindo que sexan conducidos por quen nunca obtiveran o permiso ou a licenza de condución correspondente.

Artigo 5.Normas de comportamento dos peóns

1. Os peóns transitarán polas beirarrúas, as plataformas ou os paseos, preferentemente pola súa dereita, de forma que non obstrúan ou dificulten a circulación por elas doutros viandantes, gozando sempre de preferencia as persoas de mobilidade reducida. Nas vías urbanas sen beirarrúas ou con beirarrúas que non permitan o paso simultáneo de dúas persoas, pero que estean abertas ao tráfico de vehículos, os peóns han de extremar as precaucións e circular preto das fachadas dos edificios, polo lugar máis afastado do centro da calzada.

2. Os peóns utilizarán os pasos sinalizados para cruzar as calzadas e, nos lugares que carezan destes, farano polos extremos das mazás, perpendicularmente á calzada, asegurándose antes da non proximidade dalgún vehículo.

3. Ao chegar a unha praza ou rotonda, os peóns deberán rodeala, salvo que estea habilitado un paso para cruzala.

4. Nos pasos de peóns regulados por semáforo, os peóns deberán respectar os seus sinais ou fases que lles afecten, así como calquera outro tipo de sinalización específica da vía pública.

5. Os peóns deberán respectar os sinais dos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico, e seguir as súas indicacións.

Artigo 6.Zonas peonís

1. O concello poderá establecer illas ou zonas peonís nas que, como norma xeral, será prioritaria a circulación de peóns, e restrinxirase total ou parcialmente a circulación e o estacionamento de vehículos excepto nas zonas especialmente autorizadas.

2. As illas ou zonas peonís disporán da sinalización correspondente á entrada e á saída. Nos sinais indicaranse as limitacións e os horarios, se procede, sen prexuízo de que se poidan utilizar outros elementos móbiles ou telemáticos que impidan a entrada e a circulación de vehículos na rúa ou zona afectada.

3. A prohibición de circulación e de estacionamento nas illas ou zonas peonís poderá establecerse con carácter permanente ou referirse unicamente a unhas determinadas horas do día ou a uns determinados días, e poderá afectar a todas ou só algunhas das vías da zona delimitada.

4. As limitacións de circulación e de estacionamento que se establezan nas illas ou zonas peonís non afectarán os seguintes vehículos:

a. Os do servizo de prevención e extinción de incendios, dos Corpos e Forzas de Seguridade, ambulancias e transporte sanitario e a aqueles outros vehículos de servizos públicos de limpeza, reparación ou similares, para a prestación do servizo correspondente.

b. Os que trasladen enfermos ou persoas discapacitadas con domicilio ou atención dentro da área.

c. Os que accedan ou saian de garaxes e estacionamentos autorizados, durante o horario que fixe a licenza correspondente.

d. Os vehículos comerciais ou industriais terán acceso durante o tempo imprescindible para cargar ou descargar, dentro do horario establecido. As tarefas de carga e descarga realizaranse nos espazos indicados para o efecto.

e. Os vehículos destinados a operacións de mudanzas de mobles e aparellos terán acceso á zona e permiso para estacionar nas condicións e horarios establecidos, para cada caso, na autorización municipal correspondente, segundo dispón o artigo 38.4 desta ordenanza.

f. Os vehículos destinados ao transporte escolar, nos itinerarios e paradas fixados para o efecto pola autoridade municipal, de conformidade co establecido no artigo 24 desta ordenanza.

5. O concello poderá ordenar a utilización de distintivos para identificar os vehículos autorizados a circular nas zonas restrinxidas, que deberán colocarse en lugar visible, preferentemente no parabrisas.

Artigo 7.Zonas de prioridade investida e regulación de tráfico en circunstancias especiais

1.A Administración municipal poderá establecer zonas nas cales as condicións de circulación de vehículos queden restrinxidas a favor da circulación e uso da calzada por parte dos peóns.

2.Cando circunstancias especiais así o requiran, a Autoridade municipal, por medio da Policía local, poderá tomar as medidas que sexan oportunas para a adecuada regulación do tráfico, tales como:

a) A restrición ou prohibición da circulación de vehículos en xeral ou dunha categoría en particular por determinadas zonas de poboación.

b) A canalización do tráfico por determinadas vías.

c) A reordenación, restrición ou prohibición da parada ou o estacionamento en determinadas vías.

Artigo 8.Control do vehículo e outras obrigacións do condutor

1. Os condutores deberán estar en todo momento en condicións de controlar os seus vehículos ou animais. Ao aproximarse a outros usuarios da vía, deberán adoptar as precaucións necesarias para a súa seguridade, especialmente cando se trate de nenos, anciáns, invidentes ou outras persoas manifestamente impedidas.

2. O condutor dun vehículo está obrigado a manter a súa propia liberdade de movementos, o campo necesario de visión e a atención permanente á condución, que garantan a súa propia seguridade, a do resto dos ocupantes do vehículo e a dos demais usuarios da vía. Para estes efectos, deberá coidar especialmente de manter a posición adecuada e que a manteña o resto dos pasaxeiros e a adecuada colocación dos obxectos ou animais transportados, de forma que non haxa interferencia entre o condutor e calquera deles.

3. Considérase incompatible coa obrigatoria atención permanente á condución o uso polo condutor, co vehículo en movemento, de dispositivos tales como pantallas con acceso a internet, monitores de televisión e reprodutores de vídeo ou DVD. Exceptúanse, para estes efectos, o uso de monitores que estean á vista do condutor e cuxa utilización sexa necesaria para a visión de acceso ou baixada de pasaxeiros ou para a visión en vehículos con cámara de manobras traseiras, así como o uso de dispositivo GPS.

4. Queda prohibido conducir e utilizar cascos ou auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son, así como outros dispositivos que diminúan a obrigatoria atención permanente á condución, excepto durante o correspondente ensino e a realización das probas de aptitude en circuíto aberto para a obtención do permiso de condución de motocicletas de dúas rodas, cando así o esixa o Regulamento Xeral de Condutores.

5. Prohíbese, durante a condución, a utilización de dispositivos de telefonía móbil, navegadores e calquera outro medio ou sistema de comunicación, excepto cando o desenvolvemento da comunicación teña lugar sen empregar as mans nin usar cascos, auriculares, ou instrumentos similares.

Quedan exentos da devandita prohibición os axentes da autoridade, os condutores de vehículos especiais e de acompañamento destes, de furgóns de transporte de fondos e de escolta debidamente acreditados, no exercicio das funcións que teñan encomendadas.

6. Prohíbese conducir vehículos que teñan instalados inhibidores de radar ou calquera outros mecanismos encamiñados a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico.

7. Prohíbese levar abertas as portas do vehículo, abrilas antes da súa completa inmobilización e abrilas ou apearse deste sen asegurarse previamente de que iso non implica perigo ou entorpecemento para outros usuarios, especialmente cando se refire a condutores de bicicletas.

8.Queda prohibido circular con menores de doce anos situados nos asentos dianteiros do vehículo salvo que utilicen dispositivos homologados para o efecto. Así mesmo, queda prohibido circular con menores de doce anos como pasaxeiros de ciclomotores ou motocicletas con ou sen sidecar, por calquera clase de vía. Excepcionalmente permítese esta circulación a partir dos sete anos, sempre que os condutores sexan os pais ou as nais, titores ou persoa maior de idade autorizada por eles, utilicen casco homologado e se cumpran as condicións específicas de seguridade establecidas regulamentariamente.

Artigo 9.Circulación de motocicletas e ciclomotores

As motocicletas e os ciclomotores non poden circular polas beirarrúas, plataformas, paseos nin carril bici.

Artigo 10.Circulación de bicicletas

1. As bicicletas deberán estar dotadas dos elementos reflectores debidamente homologados que regulamentariamente se determinen e que deberán posuír estes vehículos conforme a dita normativa. Cando sexa obrigatorio o uso de iluminación, os condutores de bicicletas deberán, ademais, levar colocada algunha peza reflectora, se circulan por vía interurbana.

2. As bicicletas circularán polos carrís especialmente reservados, respectando a preferencia de paso dos peóns que os crucen. De circular pola calzada por non haber viario reservado, efectuarano preferiblemente polo carril da dereita, salvo que teñan que realizar un xiro próximo á esquerda.

3. Excepto en momentos de aglomeración, as bicicletas, poderán circular polos parques públicos, as zonas peonís, os paseos, as beirarrúas suficientemente amplas e as zonas de prioridade investida sen carril bici, nas seguintes condicións:

1. Respectarán a preferencia dos peóns.

2. Adecuasen a velocidade á dos peóns sen superar o 10 Km/h.

3. Absteranse de zigzaguear ou realizar calquera outra manobra que poida afectar á seguridade dos peóns.

4. Cando os ciclistas circulen en grupo polas vías urbanas deberán respectar individualmente a sinalización semafórica que lles afecte.

5. As bicicletas non poderán circular por vías urbanas nas que se permita unha velocidade superior ao 50 Km/h e carezan de beiravía.

Artigo 11.Velocidade dos vehículos que circulen por núcleo urbano

1. O límite máximo autorizado de velocidade a que poderán circular os vehículos por vías urbanas será de 20 Km/h, salvo para os vehículos que transporten mercadorías perigosas, que circularán como máximo a 10, sen prexuízo de que a autoridade municipal, vistas as súas características peculiares, poida establecer en certas vías e/ou zonas límites inferiores ou superiores.

Nas zonas peonís, en rúas dun só carril ou de gran aglomeración de persoas, os vehículos non poderán exceder a velocidade de 10 Km/h.

2. Todo condutor estará obrigado a respectar os límites de velocidade establecidos. Co fin de adecuar a velocidade do vehículo de maneira que sempre poida deter a marcha deste dentro dos límites do seu campo de visión e ante calquera obstáculo, deberá ter en conta, ademais:

1. As propias condicións físicas e psíquicas.

2. As características e estado da vía, do vehículo e da súa carga.

3. As condicións meteorolóxicas, ambientais e de circulación.

4. En xeral, todas aquelas circunstancias en cada momento concorrentes.

3. Poderase circular por baixo dos límites mínimos de velocidade nos casos de transportes e vehículos especiais, ou cando as circunstancias do tráfico impidan o mantemento dunha velocidade superior á mínima sen risco para a circulación, así como nos supostos de protección ou acompañamento a outros vehículos, nas condicións que regulamentariamente se establezan.

Artigo 12.Actividades que afecten á seguridade da circulación

1. A realización de obras, instalacións, colocación de colectores, mobiliario urbano ou calquera outro elemento ou obxecto de forma permanente ou provisional nas vías obxecto desta ordenanza necesitará a previa autorización municipal e rexeranse polo disposto nesta norma e nas leis de aplicación xeral. As mesmas normas serán aplicables á interrupción das obras, en razón das circunstancias ou características especiais do tráfico que poderá levar a efecto a pedimento da autoridade municipal.

2. Prohíbese arroxar, depositar ou abandonar sobre a vía substancias ou materiais que poidan entorpecer a libre circulación, parada ou estacionamento, facelo perigoso ou deteriorar aquela ou as súas instalacións, ou producir nela ou nas súas inmediacións efectos que modifiquen as condicións apropiadas para circular, parar ou estacionar. Así mesmo, prohíbese arroxar á vía ou nas súas inmediacións calquera obxecto que poida dar lugar á produción de incendios, ou accidentes ou que obstaculicen a libre circulación.

Os vehículos, especialmente cando se incorporen á vía pública procedentes de obras, desterres ou leiras de labranza adoptarán as medidas necesarias para manter as vías limpas de terra, barro ou outros materiais, obxectos e aparellos.

3.Quen crearan sobre a vía algún obstáculo ou perigo deberán facelo desaparecer canto antes, adoptando namentres as medidas necesarias para que poida ser advertido aos demais usuarios e para que non se dificulte a circulación.

4. Prohíbese ocupar unha vía de dominio público por causa de actividades ou instalacións sen autorización municipal.

5.Prohíbese expresamente a limpeza, lavado ou reparación de vehículos na vía pública.

Artigo 13.Emisión de perturbacións e contaminantes

1. Non poderán circular polas vías obxecto desta ordenanza os vehículos con niveis de emisión de ruído superiores aos regulamentariamente establecidos; así como tampouco emitindo gases ou fumes en valores superiores aos límites establecidos e nos supostos de ser obxecto dunha reforma de importancia non autorizada.

Todos os condutores de vehículos quedan obrigados a colaborar nas probas regulamentarias de detección que permitan comprobar as posibles deficiencias e reformas indicadas.

2. Tanto nas vía públicas urbanas como nas interurbanas prohíbese a circulación de vehículos a motor e ciclomotores co chamado escape libre, sen o preceptivo silenciador das explosións.

Prohíbese, así mesmo, a circulación dos vehículos mencionados cando os gases expulsados polos motores, en lugar de atravesar un silenciador eficaz, saian desde o motor a través dun incompleto, inadecuado, deteriorado ou a través de tubos resoadores e a dos de motor de combustión interna que circulen sen estar dotados dun dispositivo que evite a proxección descendente ao exterior de combustible non queimado ou lancen fumes que poidan dificultar a visibilidade aos condutores doutros vehículos ou resulten nocivos.

Os axentes da autoridade poderán inmobilizar o vehículo no caso de que supere os niveis de gases, fumes e ruídos permitidos regulamentariamente, segundo o tipo de vehículo, conforme o artigo 84.1 h) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

3. Queda prohibida a emisión dos contaminantes a que se refire o apartado 1 producida por vehículos a motor por riba das limitacións dispostas nas normas reguladoras dos vehículos.

4. Igualmente queda prohibida a dita emisión por outros focos emisores de contaminantes distintos dos producidos por vehículos a motor, calquera que fose a súa natureza, por riba dos niveis que o goberno estableza con carácter xeral.

Quedan prohibidos, en concreto, os vertedoiros de lixos e residuos dentro da zona de afección das estradas, en todo caso, e fóra dela cando exista perigo de que o fume producido pola incineración dos lixos ou incendios ocasionais poida alcanzar a estrada.

CAPÍTULO SEGUNDO: SINALIZACIÓN

Artigo 14.Sinalización

1. A sinalización das vías urbanas correspóndelle á autoridade municipal. A Alcaldía ou o Concellería delegada ordenarán a colocación, retirada e substitución dos sinais que en cada caso proceda, así como a autorización de sinais temporais por motivo de obras ou outras circunstancias.

2. Todos os usuarios das vías obxecto desta ordenanza estarán obrigados a obedecer os sinais da circulación que establezan unha obrigación ou unha prohibición e a adaptar o seu comportamento á mensaxe do resto dos sinais regulamentarios que se atopen nas vías polas que circulen.

Para estes efectos, cando o sinal impoña unha obrigación de detención, non poderá renovar a súa marcha o condutor do vehículo así detido ata cumprir a finalidade que o sinal establece.

Artigo 15.Alteración

1. A instalación, retirada, traslado ou modificación da sinalización requirirá a previa autorización municipal. A autorización determinará a localización, modelo e dimensións dos sinais que se han implantar.

2. Prohíbese modificar o contido dos sinais ou colocar sobre eles ou á beira destes, placas, carteis, marquesiñas, anuncios, marcas ou outros obxectos que poidan inducir a confusión, reducir a súa visibilidade ou eficacia, cegar os usuarios da vía ou distraer a súa atención.

3. O concello retirará inmediatamente de toda aquela sinalización que non estea debidamente autorizada ou non cumpra as normas en vigor, e isto tanto no concernente aos sinais non regulamentarios coma se é incorrecta a forma, colocación ou deseño do sinal.

Artigo 16.Sinalización de entradas

1. Os sinais de tráfico preceptivos instalados nas entradas dos núcleos de poboación, rexerán para todo o núcleo, salvo sinalización específica para un tramo de rúa ou zona.

2. Os sinais instalados nas entradas das zonas peonís e demais áreas de circulación restrinxida ou de estacionamento limitado, rexen en xeral para a totalidade do viario interior do perímetro.

Artigo 17.Orde de prioridade

1. A orde de prioridade entre os distintos tipos de sinais é o seguinte:

1. Sinais e ordes dos axentes encargados da vixilancia do tráfico.
2. Sinalización circunstancial que modifique o réxime de utilización normal da vía pública.
3. Semáforos.
4. Sinais verticais de circulación.
5. Marcas viarias.

2. No caso de que as prescricións indicadas por diferentes sinais parezan estar en contradición entre si, prevalecerá a prioritaria, segundo a orde a que se refire o apartado anterior, ou a máis restritiva se se tratar de sinais do mesmo tipo.

Artigo 18.Modificación temporal

A autoridade municipal, en casos de emerxencia ou ben pola celebración de actos deportivos, culturais ou de calquera outra natureza, susceptibles de producir grandes concentracións de persoas ou vehículos, poderá modificar temporalmente

a ordenación do tráfico existente e adoptar, no seu caso, todas as medidas preventivas necesarias para garantir a seguridade das persoas e vehículos e unha maior fluidez na circulación.

CAPÍTULO TERCEIRO: A PARADA E O ESTACIONAMENTO

Sección 1ª. A parada

Artigo 19.Parada

Enténdese por parada toda inmobilización dun vehículo durante un tempo inferior a dous minutos, sen que o condutor poida abandonalo.

Non se considerará parada a detención accidental ou momentánea por necesidade da circulación nin a ordenada polos axentes da Policía local ou por circunstancias de urxencia que sexan imprevisibles e inaprazables.

Artigo 20.Lugar de parada

1. A parada deberá efectuarse de tal maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía, coidando especialmente a súa colocación.

En todo caso, a parada terá que facerse situando o vehículo o máis preto posible do bordo dereito segundo o sentido da marcha, aínda que en vías dun só sentido de circulación, se a sinalización non o impide, tamén poderá realizarse situando o vehículo o máis preto posible do bordo esquerdo, adoptándose as medidas necesarias para evitar o entorpecemento da circulación.

2. Os pasaxeiros terán que baixar polo lado correspondente á beirarrúa. A persoa condutora, se ten que baixar, poderá facelo polo outro lado, sempre que previamente se asegure que pode facelo sen ningún tipo de perigo.

Artigo 21.Modo de parada

1. En todas as zonas e vías públicas, a parada efectuarase nos puntos onde se produzan menos dificultades na circulación. Exceptúanse os casos nos que os pasaxeiros sexan persoas enfermas ou impedidas, ou se trate de vehículos dos servizos públicos de urxencia que estean de servizo, os das Forzas e Corpos de Seguridade ou de camións do servizo de limpeza ou recollida de lixos.

2. Nas paradas en rúas urbanizadas sen beirarrúa, deixarase unha distancia mínima dun metro desde a fachada máis próxima.

Artigo 22.Parada de taxis

O auto-taxi e vehículos de gran turismo pararán na forma e lugares que determine a ordenanza reguladora do servizo e, na súa falta, con suxeición estrita ás normas que con carácter xeral se establecen na presente ordenanza para as paradas.

Artigo 23.Parada de autobuses

1.Os autobuses, tanto de liñas urbanas como interurbanas, unicamente poderán deixar e tomar viaxeiros nas paradas expresamente determinadas ou sinalizadas pola Autoridade municipal.

2.Os condutores de autobuses estarán obrigados a situar o vehículo dentro da zona delimitada para o efecto, o máis preto posible do bordo da calzada, sen chegar en ningún caso a obstaculizar a circulación.

Artigo 24.Itinerarios

A autoridade municipal poderá requirir aos titulares de centros docentes que teñan servizo de transporte escolar para que propoñan itinerarios para a recollida de alumnos. Unha vez aprobados estes, a antedita autoridade poderá fixar paradas dentro de cada ruta, quedando prohibida a recollida de alumnos fóra das devanditas paradas.

Artigo 25.Prohibicións

Ademais dos supostos contemplados no artigo 94 do Regulamento xeral de circulación, aprobado por Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, prohíbese a parada nos casos e lugares seguintes:

a. Onde o prohiban os sinais correspondentes.

b. En dobre fila, salvo que aínda quede libre un carril en rúas de sentido único de circulación e dúas en rúas en dous sentidos, sempre que o tráfico non sexa moi intenso e non haxa espazo libre nunha distancia de corenta metros.

c. Sobre os refuxios, illotes, medianas, zonas de protección e demais elementos canalizadores do tráfico.

d. Cando se obstaculice a utilización normal do paso de entrada ou saída de vehículos e persoas. Así como cando se atope sinalizado o acceso de vehículos co correspondente vao.

e. Sobre as beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ao paso de peóns e zonas sinalizadas para uso exclusivo de diminuídos físicos.

f. A menos de cinco metros dunha esquina, cruzamento, intersección ou bifurcación, salvo que a parada se poida realizar en chafráns ou fóra destes sen constituír obstáculo ou causar perigo para a circulación.

g. Nas pontes, pasos a nivel, túneles, e debaixo dos pasos elevados, salvo sinalización en contrario.

h. Nos lugares onde a detención impida a visión da sinalización aos usuarios aos que vaia dirixida ou obrigue a facer manobras.

i. Na proximidade de curvas ou cambios de rasantes, cando a visibilidade sexa insuficiente para que os demais vehículos poidan pasar sen perigo ao que estea detido.

j. Nos espazos sinalizados como reservados para vehículos de servizo público, organismos oficiais e servizos de urxencia.

k. Nos carrís, paradas ou pasos reservados para determinados vehículos, como autobuses de transporte público de pasaxeiros, taxis ou bicicletas.

l. Nos rebaixados da beirarrúa para o paso de persoas de mobilidade reducida.

m. Cando se obstaculicen os accesos e saídas de emerxencia debidamente sinalizadas pertencentes a colexios, edificios, locais ou recintos destinados a espectáculos ou actos públicos, nas horas da súa celebración.

n. No medio da calzada, aínda no suposto caso de que a súa anchura o permita, salvo que estea expresamente autorizado.

ñ) Nas vías públicas declaradas de atención preferente por resolución municipal, salvo que a parada se poida realizar nos chafráns.

o Cando se impida a outros vehículos un xiro autorizado.

p Cando produzan obstrución ou perturbación grave na circulación de peóns ou vehículos.

Sección 2ª. O estacionamento

Artigo 26.Estacionamento

Enténdese por estacionamento toda inmobilización dun vehículo cuxa duración exceda de dous minutos, sempre que non estea motivada por imperativo da circulación, polo cumprimento de calquera requisito .

Artigo 27.Modo de estacionamento

1. O estacionamento deberá efectuarse de tal maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía coidando especialmente a súa colocación situándoo o máis preto posible do bordo da calzada segundo o sentido da marcha e evitar que poida porse en movemento en ausencia do condutor. Para tal obxecto os condutores terán que tomar as precaucións adecuadas e suficientes e serán responsables das infraccións que se poidan chegar a producir como consecuencia dun cambio de situación do vehículo ao pórse en marcha espontaneamente ou pola acción de terceiros, salvo que neste último caso exista violencia manifesta.

2. O estacionamento efectuarase de forma que permita aos demais usuarios a mellor utilización do restante espazo libre.

Artigo 28.Tipos de estacionamento. Estacionamento con limitación temporal

1. O estacionamento pode ser:

a.En fila ou cordón, aquel en que os vehículos están situados uns detrás doutros e de forma paralela ao bordo da beirarrúa.

b.En batería, aquel en que os vehículos están situados uns ao costado doutros e de forma perpendicular ao bordo da beirarrúa.

c.En semibatería, aquel en que os vehículos están situados uns ao costado doutros e oblicuamente ao bordo da beirarrúa.

Como norma xeral o estacionamento farase sempre en fila. A excepción a esta norma, terase que sinalizar expresamente.

2. Nos estacionamentos con sinalización no pavimento, os vehículos deberán colocarse dentro do perímetro marcado.

3.A autoridade municipal poderá ordenar e regular o estacionamento con limitación temporal en zonas delimitadas para tal fin. A regulación deste servizo de estacionamento, así como as rúas do municipio afectadas por este recóllense na Disposición adicional 1ª da presente ordenanza.

Artigo 29.Parte de estacionamento

1.Nas vías de dobre sentido de circulación, o estacionamento cando non estivese prohibido, efectuarase no lado dereito do sentido da marcha.

2.Nas vías dun só sentido de circulación e sempre que non exista sinal en contrario o estacionamento efectuarase no sentido da marcha e en ambos os lados da calzada sempre que se deixe unha anchura para a circulación non inferior a tres metros.

Artigo 30.Maneira de estacionar

1.Os condutores deberán estacionar os vehículos tan preto do bordo como sexa posible, deixando un espazo de entre vinte e dez centímetros entre o bordo da beirarrúa e a superficie exterior das rodas do vehículo, para permitir a limpeza desta parte da calzada.

2.Os vehículos de dúas rodas deberán respectar, ademais as seguintes normas de estacionamento:

a)Estacionarán en batería cun ángulo tal que, en ningún caso, ocupen máis de 1,5 metros ao longo da calzada nos lugares de libre aparcadoiro, sen prexuízo de que se existisen espazos reservados para este tipo de vehículos a menos de 100 metros deberán utilizalos inescusablemente.

b)Non poderán estacionar entre dous vehículos de forma que impidan o normal acceso a estes ou obstaculicen as manobras de estacionamento. Tampouco poderá estacionarse se se dificulta a incorporación destes vehículos á circulación.

c)Non poderán encadear ou atar estes vehículos entre si ou a calquera outro elemento non destinado para tal fin, tales como árbores, farois, postes de sinalización, bancos e demais mobiliario urbano, ou de forma que o estacionamento ocasione molestias aos demais usuarios da vía. Sen prexuízo da sanción que se poida impor pola infracción cometida, a Policía local poderá adoptar as medidas necesarias para a retirada do vehículo estacionado nestas condicións. Os gastos que se deriven da retirada do vehículo correrán por conta do responsable da infracción.

Artigo 31.Servizo colectivo

1. A autoridade municipal poderá fixar zonas na vía pública para estacionamento ou para utilización como terminais de liña de autobuses tanto de servizo urbano como interurbano, de non existir para estes últimos estación de autobuses.

2. Os vehículos destinados ao transporte de viaxeiros ou de mercadorías de calquera natureza non poderán estacionar nas vías públicas a partir da hora que a autoridade municipal determine mediante a correspondente resolución municipal.

3. Os vehículos destinados ao transporte de viaxeiros ou de mercadorías con masa máxima autorizada (MMA) superior a 3.500 Kg, así como calquera outro tipo de vehículos que polo seu volume oculten a fachada dos edificios ou poidan facilitar a escalada ao interior destes, non poderán estacionar nas vías públicas urbanas salvo nos lugares expresamente autorizados polo concello.

Artigo 32.Estacionamento limitado

1.O concello poderá establecer medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcadoiros.

Artigo 33.Prohibicións

Ademais dos supostos contemplados no artigo 94 do Regulamento xeral de circulación, queda prohibido o estacionamento nos casos e lugares seguintes:

a.Onde o prohiban os sinais correspondentes.

b.Nun mesmo lugar da vía pública durante máis de 30 días consecutivos.

c.Nas zonas sinalizadas como de reserva para carga e descarga de mercadorías, nos días e horas en que estea en vigor a reserva, agás se se trata de vehículos de persoas con mobilidade reducida, debidamente identificados e polo tempo máximo de 60 minutos.

d.Nas zonas reservadas para estacionamento de vehículos de servizo público e organismos oficiais, servizos de urxencia ou policía.

e.Cando o vehículo estacionado deixe para a circulación rodada unha anchura libre inferior á dun carril de tres metros.

f.Nas rúas de dobre sentido de circulación nas cales a anchura da calzada só permita o paso de dúas columnas de vehículos.

g.Cando se obstaculice a utilización normal dos pasos rebaixados para persoas de mobilidade reducida.

h.En condicións que dificulten a saída doutros vehículos estacionados regulamentariamente.

i.Nos lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria, sen colocar o distintivo que o autoriza na parte interna do parabrisas, de maneira que sexa totalmente visible e lexible desde o exterior.

j.Nos lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación temporal, cando colocando o distintivo que o autoriza se manteña estacionado o vehículo en exceso sobre o tempo máximo permitido pola ordenanza reguladora desta clase de estacionamento.

k.Diante dos lugares reservados para colectores do servizo municipal de limpeza, impedindo o acceso a eles ou a súa retirada.

l.Nas vías públicas, os remolques, separados do vehículo motor.

m.De forma distinta a como se indica nas marcas e liñas de estacionamento ou fóra dos límites do perímetro marcado.

n.En dobre fila, en calquera suposto.

ñ) Vehículos en exposición, exhibindo carteis para a súa venda en vía pública. Considerarase que está na devandita situación, cando permaneza con carteis anunciadores e durante un tempo superior a 24 horas nas vías públicas do termo.

o.Na calzada, de maneira diferente á determinada no artigo 28 desta ordenanza.

p.Nos lugares debidamente sinalizados temporalmente con tal prohibición, debido a actos públicos, obras ou outras causas.

q.Onde estea prohibida a parada.

r.Nos vaos, sinalizados como tales mediante placa de licenza municipal, ocupándoos total ou parcialmente.

Sección 3ª. Dos cartóns de estacionamento para minusválidos

Artigo 34.Cartón de minusválidos

1. O concello, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 7 da Lei de seguridade viaria, e en virtude do disposto no artigo 60 da Lei 13/1982 do 7 de abril, adoptará as medidas necesarias para a concesión do cartón de aparcadoiro para persoas discapacitadas con problemas graves de mobilidade e para a efectividade dos dereitos que desta se derivan, tendo en conta a Recomendación do Consello da Unión Europea sobre a creación dun cartón de estacionamento para diminuídos físicos e a lexislación sectorial da Comunidade Autónoma.

2. O concello expedirá o cartón de aparcadoiro especial para persoas con mobilidade reducida segundo o modelo determinado regulamentariamente e terá validez para todo o territorio nacional. O citado cartón permitiralle ao titular de vehículo autorizado estacionar nos lugares especialmente reservados para persoas con mobilidade reducida, salvo nos que estean destinados a un vehículo determinado ou nos debidamente sinalizados para estacionamento regulado con limitación temporal, carga e descarga e entrada e saída de vehículos.

3.Os cartóns expedidos con anterioridade á entrada en vigor desta disposición normativa poderán seguir usándose ata a súa substitución.

TÍTULO SEGUNDO: DAS ACTIVIDADES NA VÍA PÚBLICA

CAPÍTULO PRIMEIRO: OBRAS

Artigo 35: Dos colectores e da carga e descarga en obras

1.Nas obras de construción ou remodelación de edificacións, o concello poderá autorizar:

a) Vaos provisionais, a condición de que se dispoña dun espazo no interior do soar ou inmoble, susceptible de ser utilizado para realizar labores de carga e descarga.

b) Reservas de espazo provisionais na vía pública, cando carezan de espazos interiores suficientes, para realizar actividades de carga e descarga ou colocación de colectores para materiais de construción ou retirada de cascallos e similares.

2.A colocación de colectores por obras na vía pública, requirirá autorización previa do concello. A colocación destes realizarase de acordo coas condicións que estableza o documento de autorización.

3.Cando por razóns de interese público se deban realizar obras, operacións de limpeza ou acontecementos de índole diversa, limitarase o uso ou goce da licenza ou autorización concedida, cando así se requira.

CAPÍTULO SEGUNDO: OBSTÁCULOS NA VÍA PÚBLICA

Artigo 36. Elementos móbiles e fixos

1.Queda prohibida a colocación de elementos móbiles ou fixos na vía pública, entre outros, postes, morróns, arcos, soportes para colocar testos ou similares, calquera que sexa a súa finalidade, sen obter a previa autorización municipal.

2.A ocupación da vía pública por colectores de lixo, de limpeza viaria ou de reciclaxe, entre outros, realizarase naqueles puntos determinados pola autoridade municipal, procurándose a súa colocación nas zonas non destinadas a circulación de vehículos ou viandantes, así como tampouco en pasos de peóns, nin naqueles espazos reservados para o servizo de determinados usuarios. Cando se considere conveniente pola autoridade competente, cercarase o lugar de colocación mediante elementos fixos, que eviten sexa alterada a súa localización.

3.Queda prohibido cambiar de localización os colectores, ciclomotores ou motocicletas, co obxecto de aparcar vehículos no lugar destes.

4.Non poderán colocarse obstáculos sobre a vía pública para reservarse o uso desta .

Artigo 37.Retirada de obstáculos

1.A autoridade municipal poderá ordenar a retirada de obstáculos na vía pública cando:

a) Non se obtivese a correspondente autorización.

b) Entrañen perigo para os usuarios da vía.

c)A súa colocación deveña inxustificada.

d)Transcorrera o tempo autorizado ou non se cumpriran as condicións fixadas na autorización.

e) Estímese conveniente atendendo ao interese xeral.

2.Os seus responsables virán obrigados á retirada dos obstáculos colocados cando así sexan debidamente requiridos para iso e, de non facelo no prazo concedido, serán desmontados polos servizos técnicos municipais, repercutindo á conta daqueles os gastos que se produciron.

CAPÍTULO TERCEIRO: CARGA E DESCARGA

Artigo 38.Carga e descarga

1. A autoridade municipal poderá establecer e sinalizar zonas para a realización das operacións de carga e descarga. En tal suposto, queda prohibido efectuar as devanditas operacións dentro dun radio de acción de cincuenta metros a partir da zona reservada.

2. Poderá facer uso das reservas de estacionamento para carga e descarga calquera vehículo, sempre que estea destinado ao transporte de mercadorías ou que, sen estalo, o condutor permaneza no seu interior, que estea a realizar operacións de carga e descarga, mentres duren as operacións e sen superar o tempo máximo de trinta minutos.

3. O concello, atendendo a circunstancias de situación, proximidade a zonas de estacionamento regulado e con limitación temporal, ou frecuencia de uso, poderá establecer regulacións específicas para a realización de operacións de carga e descarga.

4. A carga e descarga en situacións ou para servizos especiais (amoblamento, mudanzas, operacións esporádicas e excepcionais) que afecte á circulación ou ao estacionamento, deberá ser obxecto de autorización polo concello, na que, unha vez concedida, farase constar lugar, data e horario autorizado, así como as precaucións que se han adoptar. Como requisito previo poderá ser esixida a exacción das taxas determinadas na correspondente ordenanza fiscal.

5. Nas autorizacións de reserva da vía pública para carga e descarga que se concedan farase constar a finalidade, situación, extensión, datas e horarios así como a masa máxima autorizada (MMA) dos vehículos.

Artigo 39. Vehículos dedicados

1. Os labores de carga e descarga realizaranse en vehículos dedicados ao transporte de mercadorías, ou aqueles que estean debidamente autorizados para iso, dentro das zonas reservadas para ese efecto e durante o horario establecido e reflectido nas sinalizacións correspondentes.

2. O peso dos vehículos de transporte que realicen operacións de carga e descarga axustaranse ao disposto pola vixente ordenanza. No entanto, a Alcaldía poderá limitar en función da capacidade de determinadas vías.

Artigo 40. Cartón de carga e descarga

1. O concello poderá habilitar un cartón para vehículos autorizados ao transporte que polas súas características (menos de 2.000 Kg.) non teñan posibilidade de obter o cartón correspondente. Os vehículos haberán de ter características comerciais e/ou de transporte mixto, de dous asentos. A súa actividade, en todo ou en parte, terá que desenvolverse no termo municipal.

2. Para concer o cartón mencionado no apartado anterior deberán achegarse os seguintes documentos:

1) Alta no imposto sobre actividades económicas, se non figurase no censo municipal do imposto.

2) Permiso de circulación do vehículo.

3) Inspección técnica do vehículo (ITV) en vigor.

4) Carta de pago do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, se se aboa noutro municipio.

5) Seguro en vigor do vehículo.

Artigo 41. Manobra de carga e descarga

1. A carga e descarga de mercadorías realizarase preferentemente no interior dos locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións adecuadas, cando as características de acceso dos viarios o permita. Cando isto non sexa posible, realizarase nas zonas da vía pública reservadas para este fin, dentro do horario reflectido na sinalización correspondente.

2. A carga e descarga na vía pública fóra das zonas reservadas unicamente permitirase nos días, horas e lugares que autoricen especialmente o concello.

3. Queda expresamente prohibida a carga e descarga nos lugares e supostos seguintes:

a)Na vía pública, cando exista lugar habilitado para iso dentro dos establecementos.

b)Superando o tempo máximo autorizado.

c)Depositando mercadorías nas vías, beirarrúas, beiravías e zonas peonís.

d)Fóra do horario habilitado pola autoridade municipal para tal fin.

e)Dentro dun radio de acción de cincuenta metros a partir dunha zona sinalizada para a realización das operacións de carga e descarga.

Artigo 42.Disposicións sobre carga e descarga

A Alcaldía poderá ditar disposicións que regulen as seguintes materias:

a) Delimitación e sinalización das zonas de carga e descarga.

b) Restricións de peso e dimensións dos vehículos para determinadas vías.

c) Horario permitido para realizar as operacións de carga e descarga, en relación coa problemática propia das diferentes vías e barrios.

d) Servizos especiais para realizar operacións de carga e descarga, con expresión de días, horas e lugares.

e) Autorizacións especiais para:

1) Camións de 12,5 toneladas ou máis.

2) Vehículos que transporten mercadorías perigosas.

3) Outras.

Artigo 43.Vehículos pesados

Os camións de transporte superior a 12,5 toneladas poderán cargar e descargar exclusivamente en:

a) Intercambiadores de mercadorías ou lugar destinado polo concello para iso.

b) No interior de locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións adecuadas, e utilizando traxectos previamente autorizados pola autoridade municipal.

Precisarase autorización especial para aqueles casos específicos nos que non poidan acollerse ao anterior.

Artigo 44.Material descargado

As mercadorías, os materiais ou as cousas que sexan obxecto da carga e descarga non se deixarán na vía pública, senón que se trasladarán directamente do inmoble ao vehículo ou viceversa, salvo en casos excepcionais que deberán

ser expresamente autorizados e contar coa preceptiva licenza para a ocupación da vía pública, atendendo en todo caso ás condicións que determina a presente ordenanza sobre realización e balizamento de obras na vía pública.

Artigo 45.Precaucións

As operacións de carga e descarga terán que realizarse coas debidas precaucións para evitar ruídos innecesarios e coa obrigación de deixar limpa a vía pública.

As carretillas de carga utilizadas para a distribución da carga aos establecementos deberán dispor de rodas de material que evite os danos no pavimento.

Artigo 46. Execución

As mercadorías cargaranse e descargaranse polo lado do vehículo máis próximo á beirarrúa, utilizando os medios necesarios e persoal suficiente para axilizar a operación, procurando non dificultar a circulación, tanto de peóns como de vehículos.

No caso de existir perigo para peóns ou vehículos mentres se realice a carga e descarga, deberase sinalizar debidamente.

Artigo 47. Prohibición

Non poderán permanecer estacionados nas zonas habilitadas para carga e descarga vehículos que non estean a realizar a dita actividade.

Artigo 48. Tempo máximo

As operacións de carga e descarga deberán efectuarse con persoal suficiente para terminalas o máis rapidamente posible, sendo o límite de tempo autorizado para cada operación, con carácter xeral, de trinta minutos. Excepcionalmente a autoridadde municipal poderá autorizar un período maior de tempo, previa solicitude debidamente xustificada e para unha operación en concreto.

Artigo 49. Exhibición de hora de inicio

1. Para facilitar o control do tempo máximo na realización de cada operación de carga e descarga que se estableza segundo o disposto no artigo anterior, será obrigatoria a exhibición da hora de inicio da operación, que se colocará no parabrisas de tal forma que quede totalmente visible. Para ese efecto, o concello poderá instalar máquinas expendedoras de tiques coa hora de inicio de estacionamento nas zonas de carga e descarga. No caso de non existir as ditas máquinas, a hora de inicio do aparcadoiro colocaraa o usuario.

2. Transcorrido o tempo autorizado de trinta minutos non poderá estar estacionado en zona de carga e descarga ningún vehículo cerrado sen condutor que non realice operacións desta natureza. Considerarase para todos os efectos como non autorizado, podendo incluso ser retirado polo guindastre, con independencia das sancións que correspondan.

TÍTULO TERCEIRO: UTILIZACIÓN PRIVATIVA DA VÍA PÚBLICA

CAPÍTULO PRIMEIRO: DAS AUTORIZACIÓNS PARA ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS (VAOS)

Artigo 50.Vaos

1.Está suxeito a autorización municipal o acceso de vehículos ao interior de inmobles cando sexa necesario cruzar beirarrúas ou outros bens de dominio e uso público ou que supoña un uso privativo ou unha especial restrición do uso que corresponda a todos os cidadáns respecto de todos estes bens ou impida o estacionamento ou parada doutros vehículos na fronte polo que se realiza o acceso.

2.Queda prohibida a saída de vehículos en chafráns dos edificios, debendo gardar unha distancia mínima de cinco metros á esquina máis próxima.

3. É obrigatorio dispor de cinco metros como mínimo nun plano horizontal dentro do local e antes de saír ao exterior na liña de fachada, salvo excepcións xustificadas.

4.As portas de garaxe non excederán na súa apertura a liña de fachada.

Artigo 51. Obrigacións do titular do vao

Ao titular do vao ou á comunidade de propietarios correspondente, seranlle de aplicación as seguintes obrigacións:

a) A limpeza dos accesos ao inmoble de graxa, aceites ou outros elementos producidos como consecuencia da entrada e saída de vehículos.

b) Colocar os sinais de vao permanente en zona visible da porta de entrada ou saída do inmoble.

c) Á adquisición dos sinais de vao aprobadas polo concello.

d) A aboar os gastos que ocasione a sinalización, así como as obras necesarias, nos termos que establece o artigo 55.2 da presente ordenanza.

Artigo 52. Autorización

1. A autorización de entrada e saída de vehículos será concedida pola Alcaldía ou Concellería delegada competente, a proposta dos servizos municipais correspondentes.

2. A autorización de entrada e saída de vehículos poderá ser solicitada polos propietarios e os posuidores lexítimos dos inmobles aos que se haxa de permitir o acceso, así como polos promotores ou contratistas no suposto de obras.

Artigo 53.Documentación

O expediente de concesión de autorización de entrada e saída de vehículos poderá iniciarse de oficio ou previa petición dos interesados que haberá de acompañarse da seguinte documentación:

1) Plano de situación a escala 1:2.000 da cartografía municipal.

2) Plano da fachada do inmoble con anotacións expresas da entrada solicitada a escala 1:50.

3) Plano de planta e número de prazas existentes por planta.

4) Fotografía da fachada do inmoble.

5) Licenza de obras e primeira ocupación cando neles conste expresamente zona ou reserva de aparcadoiro.

6) Licenza de habilitación do local para garaxe (cando requira obra).

7) Licenza de modificación de uso (cando non requira obra).

8) Licenza de apertura:

a) Cando nela consta expresamente zona de aparcadoiro.

b) Cando, aínda que non conste expresamente, se outorgue para o desenvolvemento de actividade de taller de reparación de vehículos, de venda ou aluguer ou exposición de vehículos, lavado e engraxe de vehículos, inspección de vehículos, estacións de servizo ou outras similares que precisen o acceso de vehículos ao interior do inmoble para o desenvolvemento normal da súa actividade, tales como centros hospitalarios, ambulancias, centros de peritación de danos, etc.

Artigo 54. Tipos de vaos

1. As autorizacións para entradas e saídas de vehículos poden ser dos seguintes tipos:

1) Permanentes:

a) Garaxes privados ou de comunidades de propietarios con máis de tres vehículos e unha superficie mínima de 60 m2.

b) Garaxe público con capacidade superior a dez prazas e talleres con cabida superior a dez vehículos, a condición de que acrediten que prestan servizos permanentes de urxencia.

c) Garaxes destinados a vivenda unifamiliar.

d) Edificios ou instalacións de equipamentos comunitarios de carácter sanitario, hospitais e ambulatorios.

e) Gasolineiras, estacións de servizo, venda de carburantes.

f) Aparcadoiros de promoción pública.

g) Edificios destinados a organismos oficiais, cando a natureza deste o esixe.

2) Laborais:

a) Talleres con capacidade inferior a dez vehículos ou que aínda tendo unha capacidade superior, non xustifiquen que prestan servizo permanente de urxencia.

b) Obras de construción, derriba, reforma e reparación de edificios.

c) Almacéns de actividades comerciais.

d) Concesionarios de automóbiles, compravenda de vehículos usados e aluguer sen condutor.

e) Outras actividades de características análogas.

O horario laboral, establécese con carácter xeral de 8:00 a 20:30 horas, con excepción de domingos e festivos.

3) Nocturnas:

a) Garaxes destinados a comunidades de propietarios ou propietarios individuais nos que a capacidade do local sexa inferior a catro vehículos.

b) Garaxes de comunidade con capacidade do local superior a dez vehículos nos casos en que esta modalidade de autorización sexa solicitada.

O horario en que se autorizarán será de 21:00 a 9:00 horas durante todos os días da semana.

2. O concello poderá iniciar de oficio a concesión de vao naqueles casos en que coñeza o exercicio dun particular do dereito que lle outorga unha licenza municipal para a actividade de garaxe, nese caso, comprobada a existencia do devandito acto administrativo e, previa notificación ao titular da licenza, procederase ao seu outorgamento e alta nos padróns municipais afectados, momento a partir do cal o titular deberá cumprir as obrigacións derivadas das ordenanzas substantiva e fiscal.

Artigo 55. Sinalización

1. As entradas e saídas de vehículos que se autoricen sinalizaranse e delimitarán simultaneamente con dous tipos de sinais:

a) Vertical: placa de prohibición de estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitada polo concello previo aboamento das taxas correspondentes.

A placa deberá instalarse en zona visible da porta de entrada ou saída do inmoble, preferentemente no lateral dereito ou na súa falta, na zona central superior da fachada da porta. Excepcionalmente, naqueles inmobles con accesos de longo percorrido, permitirase que se coloque en barra vertical.

b)Horizontal: franxa amarela de lonxitude correspondente á do ancho da entrada, pintada no bordo ou na calzada xunto ao bordo.

Non se permitirá en ningún caso colocar ramplas ocupando a calzada.

No caso de que o interesado necesite realizar algunha obra de adaptación do vao deberá pedir o correspondente permiso de obra.

2. Os gastos que ocasione a sinalización descrita no apartado anterior, así como as obras necesarias, serán por conta do solicitante, que virá obrigado a manter a sinalización tanto vertical como horizontal nas debidas condicións durante todo o período de vixencia da autorización.

Artigo 56.Responsabilidade polo uso

Os danos ocasionados en beirarrúas con motivo do uso especial que comporta a entrada e saída de vehículos con ocasión da autorización concedida serán responsabilidade dos titulares da devandita autorización, quen virán obrigados á súa reparación, a requirimento da autoridade municipal, dentro do prazo que para o efecto se outorgue. O incumprimento desta obrigación dará lugar á execución forzosa nos termos regulados na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

Artigo 57. Suspensión de autorización

O concello poderá suspender temporalmente, por razóns do tráfico, obras en vía pública ou outras circunstancias extraordinarias, para os efectos da autorización de entrada e saída de vehículos.

Artigo 58. Revogación

As autorizacións poderán ser revogadas polo órgano que as ditou nos seguintes casos:

a) Por ser destinadas a fins distintas para as que foron outorgadas.

b) Por desaparecer as causas ou circunstancias que deron lugar ao seu outorgamento.

c) Por non aboar a cota anual correspondente.

d) Por incumprir as condicións relativas aos horarios ou carecer da sinalización adecuada.

e) Por causas motivadas relativas ao tráfico ou circunstancias da vía pública.

A revogación da autorización dará lugar á obrigación do seu titular de retirar a sinalización, reparar o bordo da beirarrúa ao seu estado inicial e entregar a placa identificativa no concello.

O expediente de revogación iniciarase de oficio ou a instancia de parte.

Artigo 59.Baixa ou anulación do vao

Cando se solicite a baixa ou anulación da autorización de entrada de vehículos que viña gozando por deixar de usar o local como aparcadoiro, deberase suprimir toda a sinalización indicativa da existencia da entrada, reparación do bordo da beirarrúa ao estado inicial e entrega da placa nos servizos municipais correspondentes. Previa comprobación do cumprimento destes requisitos polos servizos municipais correspondentes, concederase a baixa solicitada.

CAPÍTULO SEGUNDO: DAS RESERVAS DE ESPAZO EN VÍA PÚBLICA

Artigo 60.Concepto

1.Enténdese por reserva de espazo en vía pública, a anotación dunha determinada zona de estacionamento na calzada para un aproveitamento privativo por parte dos usuarios autorizados, o cal está suxeito ao previo pago dos dereitos determinados pola ordenanza fiscal correspondente.

2.As reservas de espazo en vía pública, poderán ser permanentes ou de horario limitado, segundo o réxime aplicado aos vaos.

3.Os usuarios autorizados virán obrigados a colocar os cartóns que para o efecto conceda a autoridade municipal, sobre o cadro de mandos dianteiro do vehículo, perfectamente visible na súa parte esquerda.

Artigo 61.Sinalización da reserva de espazo

A zona acoutada como reserva de espazo será sinalizada mediante marcas amarelas en zig-zag e delimitada por cadanseus sinais verticais de prohibición do estacionamento. Estas deberán indicar se se trata de reserva permanente ou de reserva con horario limitado, sinalando neste caso os días e tramo horario reservado.

TÍTULO CUARTO: MEDIDAS CAUTELARES

CAPÍTULO PRIMEIRO: INMOBILIZACIÓN DO VEHÍCULO

Artigo 62. Supostos

1.A Policía local poderá inmobilizar un vehículo cando:

a) O vehículo careza de autorización administrativa para circular, ben por non obtela ou porque sexa obxecto de anulación, declarada a súa perda de vixencia.

b) O vehículo presente deficiencias que constitúan un risco especialmente grave para a seguridade viaria.

c) O condutor ou o pasaxeiro non fagan uso do casco de protección, nos casos en que sexa obrigatorio.

d) Teña lugar a negativa a efectuar as probas para a comprobación do grao de impregnación alcohólica, do consumo de psicotrópicos, estupefacientes, estimulantes ou substancias análogas ou cando estas arroxen un resultado positivo.

e) O vehículo careza de seguro obrigatorio.

f) Se observe un exceso nos tempos de condución ou unha minoración nos tempos de descanso que sexan superiores ao 50 por 100 dos tempos establecidos regulamentariamente, salvo que o condutor sexa substituído por outro.

g) Se produza unha ocupación excesiva do vehículo que supoña aumentar nun 50 por 100 o número de prazas autorizadas, excluída a do condutor.

h) O vehículo supere os niveis de gases, fumes e ruído permitidos regulamentariamente segundo o tipo de vehículo.

i) Existan indicios racionais que poñan de manifesto a posible manipulación nos instrumentos de control.

j) Se detecte que o vehículo está dotado de mecanismos ou sistemas encamiñados a eludir a vixilancia dos axentes de tráfico e dos medios de control a través de captación de imaxes.

k)En calquera outra circunstancia que legalmente se estableza.

A inmobilización levantarase no momento en que cese a causa que a motivou.

Nos supostos previstos no apartado 1, parágrafos h), i) e j), a inmobilización só se levantará no caso de que, trasladado o vehículo a un taller designado polo axente da autoridade, aquel certifique a desaparición do sistema ou manipulación detectada ou xa non se superen os niveis permitidos.

2. No suposto recollido no apartado 1, parágrafo e), estarase ao disposto no Texto refundido da lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación viaria, aprobado por Real decreto lexislativo 8/2004, do 29 de outubro.

3. A inmobilización do vehículo producirase no lugar sinalado polos axentes da autoridade. Para estes efectos, o axente poderá indicar ao condutor do vehículo que continúe circulando ata o lugar designado.

4. Os gastos que se orixinen como consecuencia da inmobilización do vehículo serán por conta do condutor que cometeu a infracción. Na súa falta, serán por conta do condutor habitual ou do arrendatario e, a falta destes, do titular. Os gastos deberán ser aboados como requisito previo a levantar a medida de inmobilización, sen prexuízo do correspondente dereito de defensa e da posibilidade de repercutilos sobre a persoa responsable que dea lugar a que a administración adopte a dita medida.

Nos supostos previstos no apartado 1, parágrafos h), i) e j), os gastos da inspección correrán por conta do denunciado, se se acredita a infracción.

5. Se o vehículo inmobilizado fora utilizado en réxime de arrendamento, a inmobilización do vehículo substituirase pola prohibición de uso do vehículo polo infractor.

6.O pago dos gastos a que fai referencia o apartado 4 deste artigo é independente do pago da multa por infracción á normativa de tráfico que, no seu caso, se tramíite.

7.Paraos efectos de inmobilización, utilizaranse os instrumentos mecánicos adecuados, que se determinen, colocando na parte superior da porta da condutor a advertencia na que se fará constar información sobre o procedemento que se vai seguir.

8.A utilización destes instrumentos, co fin de inmobilizar o vehículo dará lugar ao pagamento dunha taxa segundo estableza a correspondente ordenanza fiscal.

CAPÍTULO SEGUNDO: RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA

Artigo 63.Retirada de vehículos

1. A autoridade encargada da xestión do tráfico poderá proceder, se o obrigado a iso non o fixera, á retirada do vehículo da vía e o seu depósito no lugar que se designe nos seguintes casos:

a) Sempre que constitúa perigo, cause graves perturbacións á circulación de vehículos ou peóns ou deteriore algún servizo ou patrimonio público.

b) En caso de accidente que impida continuar a súa marcha.

c) Cando, procedendo legalmente a inmobilización do vehículo, non houber lugar adecuado para practicala sen obstaculizar a circulación de vehículos ou persoas.

d) Cando, inmobilizado un vehículo de acordo co disposto no artigo 62 desta ordenanza, non cesasen as causas que motivaron a inmobilización.

e) Cando un vehículo permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como zonas de aparcadoiro reservado para o uso de persoas con discapacidade sen colocar o distintivo que o autoriza.

f) Cando un vehículo permaneza estacionado nos carrís ou partes das vías reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios (carril bus, carril taxi, paradas, diminuídos físicos, etc) e nas zonas reservadas á carga e descarga.

g) Cando un vehículo permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria sen colocar o distintivo que o autoriza, ou cando se pase o triplo do tempo aboado conforme ao establecido nesta ordenanza municipal.

h)En calquera outro suposto legalmente previsto.

2. Salvo nos casos de subtracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular, debidamente xustificadas, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada á que se refire o apartado anterior, serán por conta do titular, do arrendatario ou do condutor habitual, segundo o caso, que deberá aboalos como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito de recurso que lle asiste e da posibilidade de repercutilos sobre o responsable do accidente, do abandono do vehículo ou da infracción a que dea lugar a retirada.

3. O concello deberá comunicar a retirada e depósito do vehículo ao titular no prazo de 24 horas nos termos previstos pola lexislación vixente

Artigo 64. Perigo para a circulación

Considerarase que un vehículo está estacionado orixinando unha situación de perigo para o resto de peóns e condutores cando se efectúe:

a) Nas curvas ou cambios de rasantes.

b) Nas intersecciónns de rúas e as súas proximidades, producindo unha diminución da visibilidade.

c) Nos lugares nos que se impida a visibilidade dos sinais de circulación.

d) De maneira que sobresaia do vértice da esquina da beirarrúa, obrigando ao resto de condutores a variar a súa traxectoria, ou dificultando o xiro dos vehículos.

e) Cando se obstaculice a saída de emerxencia dos locais destinados a espectáculos públicos e entretemento durante as horas de apertura destes.

f) Na calzada, fóra dos lugares permitidos.

g)Nas medianas, separadores, illotes ou outros elementos de canalización do tráfico.

h) En zonas do pavimento sinalizadas con franxas brancas.

Artigo 65. Perturbación da circulación

Entenderase que o vehículo está estacionado en lugar perigoso ou que obstaculiza gravemente a circulación cando constitúa un risco ou obstáculo á circulación nos seguintes supostos:

a) Cando a distancia entre o vehículo e o bordo oposto da calzada ou unha marca lonxitudinal sobre ela que indique prohibición de atravesala sexa inferior a tres metros ou, en calquera caso, cando non permita o paso doutros vehículos.

b) Cando se impida incorporarse á circulación a outro vehículo debidamente parado ou estacionado.

c) Cando obstaculice a utilización normal do paso de saída ou acceso a un inmoble de persoas ou animais, ou de vehículos nun vao sinalizado correctamente.

d) Cando se obstaculice a utilización normal dos pasos rebaixados para diminuídos físicos.

e) Cando se efectúe nas medianas, separadores, illotes ou outros elementos de canalización do tráfico.

f) Cando se impida o xiro autorizado polo sinal correspondente.

g) Cando o estacionamento teña lugar nunha zona reservada a carga e descarga, durante as horas de utilización.

h) Cando o estacionamento se efectúe en dobre fila sen condutor.

i) Cando o estacionamento se efectúe nunha parada de transporte público, sinalizada e delimitada.

j) Cando o estacionamento se efectúe en espazos expresamente reservados a servizos de urxencia e seguridade.

k) Cando o estacionamento se efectúe en espazos prohibidos en vía pública cualificada de atención preferente, especificamente sinalizados.

l.Cando o estacionamento se efectúe no medio da calzada.

m) Cando, sen estar incluídos nos parágrafos anteriores, constitúan un perigo ou obstaculicen gravemente o tráfico de peóns, vehículos ou animais.

Artigo 66. Obstaculización dun servizo público

Entenderase que o estacionamento obstaculiza o funcionamento dun servizo público cando teña lugar:

a) Nos carrís, paradas ou zonas reservadas aos vehículos de transporte público.

b) Nas zonas reservadas para a colocación de colectores de residuos ou outro tipo de mobiliario urbano.

c) Nas saídas reservadas a servizos de urxencia e seguridade.

d) Nas zonas de carga e descarga, sen autorización.

Artigo 67. Perda ou deterioración do patrimonio público

Entenderase que o estacionamento orixina perda ou deterioración do patrimonio público cando se efectúe en xardíns, sebes, zonas arboredos, fontes e outras partes da vía destinadas ao ornato e decoro do municipio.

Artigo 68. Tratamento residual do vehículo

1. A administración competente en materia de xestión do tráfico poderá ordenar o traslado do vehículo a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e descontaminación:

a) Cando transcorran máis de dous meses desde que o vehículo fora inmobilizado ou retirado da vía pública e depositado pola administración e o seu titular non formulara alegacións.

b) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matrícula.

c) Cando recollido un vehículo como consecuencia de avaría ou accidente deste nun recinto privado o seu titular non o retirou no prazo de dous meses.

Con anterioridade á orde de traslado do vehículo, a administración requirirá ao seu titular advertíndolle que, de non proceder á súa retirada no prazo dun mes, procederase ao seu traslado ao Centro Autorizado de Tratamento.

2. No suposto previsto no apartado 1, parágrafo c), o propietario ou responsable do lugar ou recinto deberá solicitar da Xefatura Provincial de Tráfico a autorización para o tratamento residual do vehículo. Para estes efectos deberá achegar a documentación que acredite solicitar ao titular do vehículo a retirada do seu recinto.

3. Naqueles casos en que se estime conveniente, a Alcaldía ou autoridade correspondente por delegación, poderán acordar a substitución da destrución do vehículo pola súa adxudicación aos servizos de vixilancia e control do tráfico, segundo a normativa vixente ao devandito efecto.

Artigo 69. Estacionamento en zona de horario limitado

Os vehículos que ocupen unha praza de estacionamento con limitación temporal poderán ser retirados en calquera das circunstancias seguintes:

a) Cando o vehículo non aboe previamente o distintivo de autorización. Presumirase que non se aboou o devandito distintivo cando este non estea colocado de forma visible no parabrisas do vehículo.

b) Cando o tempo de ocupación da praza exceda no triplo do que conste como autorizado no distintivo.

c) Cando se produzan situacións especiais de emerxencia, catástrofe ou perigo inminente, os vehículos que dificulten ou imposibiliten o paso dos vehículos dos servizos de emerxencia por estar correcta ou incorrectamente estacionados, ocupando unha praza de estacionamento con limitación temporal, poderán ser apartados, arrastrados, empuxados ou retirados polos medios que teñan ao seu alcance neses momentos os devanditos servizos de emerxencia. Os titulares e/ou condutores dos vehículos incorrectamente estacionados serán responsables dos danos que se lles poida causar nestas manobras, sen prexuízo, ademais da denuncia da infracción cometida.

Artigo 70. Outros supostos de retirada

Aínda cando están correctamente estacionados, a autoridade municipal poderá retirar os vehículos da vía pública nas situacións seguintes:

a) Cando estean estacionados en lugares nos que estea previsto a realización dun acto público debidamente autorizado.

b) Cando estean estacionados en zonas onde se prevexa a realización de labores de limpeza, reparación ou sinalización da vía pública.

c) Cando se produzan situacións especiais de emerxencia, catástrofe ou perigo inminente, os vehículos que dificulten ou imposibiliten o paso dos vehículos dos servizos de emerxencia por estar correcta ou incorrectamente estacionados poderán ser apartados, arrastrados, empuxados ou retirados polos medios que teñan ao seu alcance neses momentos os devanditos servizos de emerxencia. Os titulares e/ou condutores dos vehículos incorrectamente estacionados serán responsables dos danos que se lles poida causar nestas manobras, sen prexuízo, ademais da denuncia da infracción cometida.

O concello deberá advertir coa antelación suficiente as referidas circunstancias, sempre que iso sexa posible, mediante a colocación dos avisos necesarios.

Unha vez retirados, os vehículos serán conducidos ao lugar de depósito autorizado máis próximo, o que se porá en coñecemento dos seus titulares.

Artigo 71.Gastos

Salvo as excepcións legalmente previstas, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada dun vehículo da vía pública e a súa estancia no depósito serán por conta do titular, do arrendatario ou do condutor habitual, segundo o caso, que terá que pagalos ou garantir o pago como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito de interposición de recurso que lle asiste e da posibilidade de repercurtilos sobre o responsable da situación que dea lugar á retirada. A retirada do vehículo só poderá facela o seu titular ou persoa autorizada.

Artigo 72.Suspensión da retirada dun vehículo

A retirada dun vehículo da vía pública suspenderase inmediatamente, se o condutor comparece antes de que o guindastre inicie a súa marcha co vehículo enganchado e toma as medidas necesarias para facer cesar a situación irregular na que se atopaba, previo aboamento da taxa que, no seu caso, proceda por desprazamento de guindastre e/ou inmobilización.

Artigo 73. Retirada de obxectos da vía pública

Serán retirados inmediatamente da vía pública polo concello todos aqueles obxectos que estean nela e non haxa ningunha persoa que se faga responsable destes, os cales serán trasladados ao lugar de depósito autorizado máis próximo.

De igual forma se actuará no caso de que o obxecto entorpeza o tráfico de peóns ou de vehículos, así como se o seu propietario se negase a retiralo de inmediato.

TÍTULO QUINTO: DA RESPONSABILIDADE

Artigo 74.Persoas responsables

1. Para os únicos efectos da determinación da responsabilidade no ámbito administrativo polas infraccións tipificadas na Lei de seguridade viaria, nas disposicións regulamentarias que a desenvolvan e na presente ordenanza, a responsabilidade das infraccións ao disposto recaerá directamente no autor do feito en que consista a infracción. No entanto:

a) O condutor dunha motocicleta, dun ciclomotor, dun vehículo de tres ou catro rodas non carrozados ou de calquera outro vehículo para o que se esixa o uso de casco por condutor e pasaxeiro será responsable pola non utilización do casco de protección polo pasaxeiro, así como por transportar pasaxeiros que non conten coa idade mínima esixida.

Así mesmo, o condutor do vehículo será responsable pola non utilización dos sistemas de retención infantil, coa excepción prevista no artigo 11.4 cando se trate de condutores profesionais.

b) Cando a autoría dos feitos cometidos corresponda a un menor de dezaoito anos, responderán solidariamente con el os seus pais, titores, acolledores e gardadores legais ou de feito, por esta orde, en razón ao incumprimento da obrigación imposta a estes que comporta un deber de previr a infracción administrativa que se impute aos menores.

A responsabilidade solidaria quedará referida estritamente á pecuniaria derivada da multa imposta.

c) Nos supostos en que non teña lugar a detención do vehículo e este tivese designado un condutor habitual, a responsabilidade pola infracción recaerá neste, salvo no caso de que acreditase que era outro o condutor ou a subtracción do vehículo.

d) Nos supostos en que non teña lugar a detención do vehículo e este non tivese designado un condutor habitual, será responsable o condutor identificado polo titular ou o arrendatario a longo prazo, de acordo coas obrigacións impostas no artigo 9 bis.

e) Nas empresas de arrendamento de vehículos a curto prazo será responsable o arrendatario do vehículo. No caso de que este manifestase non ser o condutor, ou fose persoa xurídica, corresponderanlle as obrigacións que para o titular establece o artigo 9 bis. A mesma responsabilidade alcanzará aos titulares dos talleres mecánicos ou establecementos de compravenda de vehículos polas infraccións cometidas cos vehículos mentres estean alí depositados.

f) O titular, ou o arrendatario a longo prazo, no caso de que constase no Rexistro de Vehículos, será en todo caso responsable das infraccións relativas á documentación do vehículo, aos recoñecementos periódicos e ao seu estado de conservación, cando as deficiencias afecten ás condicións de seguridade do vehículo.

g) O titular ou o arrendatario, no caso de que constase no Rexistro de Vehículos, será responsable das infraccións por estacionamento, salvo nos supostos en que o vehículo designase un condutor habitual ou se indique un condutor responsable do feito.

2. O disposto no presente artigo entenderase para os únicos efectos da determinación da responsabilidade no ámbito administrativo polas infraccións tipificadas na presente lei.

TÍTULO SEXTO: PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 75.Órgano competente

1.Será competencia da Alcaldía a imposición das sancións por infracción ás normas de circulación cometidas en vías urbanas, así como os preceptos contidos na presente ordenanza, podendo delegar esta facultade de acordo coa lexislación vixente.

Artigo 76.Valor probatorio das denuncias dos axentes

As denuncias formuladas polos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico darán fe, salvo proba en contrario, dos feitos denunciados e da identidade de quen os cometeron, así como, no seu caso, da notificación da denuncia, sen prexuízo do deber daqueles de achegar todos os elementos probatorios que sexan posibles sobre o feito denunciado.

Artigo 77.Denuncias dos vixiantes de estacionamento limitado e cidadáns

Os vixiantes das zonas de estacionamento limitado virán obrigados a denunciar as infraccións xerais de estacionamento que observen e as referidas á normativa específica que regula as ditas zonas. O aviso de infracción dos controladores de aparcadoiro, aínda que fosen entregados en man, non constitúen notificación de denuncia, nin teñen o efecto de incoación de expediente, nin de inicio de cómputo de prazos.

Así mesmo, calquera persoa poderá formular denuncia das infraccións aos preceptos da presente ordenanza que puidese observar.

En ambos os casos, a denuncia non terá presunción de veracidade, pero se é ratificada polo denunciante adquirirá a consideración de proba, que será valorada polo órgano instrutor do expediente.

Artigo 78. Procedemento administrativo

1. O procedemento administrativo para a imposición de sancións por infracción dos preceptos recollidos nesta ordenanza rexerase polo que respecto diso establece o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, na súa redacción dada por Lei 18/2009, do 23 de novembro, o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, normativa que, no seu caso, o substitúa e normativa concordante.

2. O órgano encargado da instrución dos expedientes sancionadores será a Unidade de Instrución de Sancións Municipais de Tráfico da Deputación Provincial da Coruña, con domicilio na Rúa Archer Milton Huntington, nº 17, 15071-A Coruña, en virtude de adhesión expresa deste concello ás Bases para a prestación de servizos en materia de sancións de tráfico publicadas no Boletín Oficial da Provincia do 17 de xullo de 2009.

Artigo 79. Alegacións, escritos e recursos

1.Ademais de nos rexistros, oficinas e dependencias previstos no apartado cuarto do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, as alegacións, escritos e recursos que se deriven dos procedementos sancionadores en materia de tráfico poderán presentarse nos rexistros, oficinas e dependencias expresamente designados na correspondente denuncia ou resolución sancionadora.

As alegacións, escritos e recursos que se deriven dos procedementos sancionadores material e territorialmente competencia deste concello poderán presentarse nas oficinas de Rexistro da Deputación Provincial da Coruña e decretaranse á Unidade de Instrución de Sancións Municipais de Tráfico do devandito organismo.

Cando se presenten nos rexistros, oficinas ou dependencias non designados expresamente na denuncia ou resolución sancionadora, estes remitiranos á Unidade de Instrución de Sancións Municipais de Tráfico da Deputación Provincial da Coruña o máis axiña posible.

2.Cando se siga o procedemento sancionador abreviado establecido no artigo 80 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, na súa redacción dada por Lei 18/2009, do 23 de novembro, por realizar o pago voluntario da multa xa sexa no acto de entrega da denuncia ou dentro do prazo de vinte días naturais contados desde o día seguinte ao da súa notificación, terase por concluído o procedemento sancionador con, entre outras, as seguintes consecuencias:

a)Termina o procedemento sen necesidade de ditar resolución expresa o día en que se realice o pago.

b)Esgótase a vía administrativa sendo recorrible unicamente ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa.

c)O prazo para interpor o recurso contencioso-administrativo iniciarase no día seguinte a aquel en que teña lugar o pago.

d)A firmeza da sanción na vía administrativa desde o momento do pago, producindo plenos efectos desde o día seguinte.

3.Contra as resolucións sancionadoras ditadas pola Alcaldía ou, no seu caso, órgano en quen delegue, cando se siga o procedemento sancionador ordinario disposto no artigo 81 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, na súa redacción dada pola Lei 18/2009, do 23 de novembro estarase ao establecido nos seguintes apartados, segundo dispón o artigo 82 da devandita norma:

a) A resolución sancionadora porá fin á vía administrativa e a sanción poderase executar desde o día seguinte a aquel en que se notifique ao interesado, producindo plenos efectos ou, no seu caso, unha vez transcorra o prazo de 30 días naturais.

b) Contra as resolucións sancionadoras, poderá interporse recurso de reposición, con carácter potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

O recurso interporase ante o órgano que ditou a resolución sancionadora, que será o competente para resolvelo.

c) A interposición do recurso de reposición non suspenderá a execución do acto impugnado nin a da sanción. No caso de que o recorrente solicite a suspensión da execución, esta entenderase denegada transcorrido o prazo dun mes desde a solicitude sen que se resolvera.

d) Non se terán en conta na resolución do recurso feitos, documentos e alegacións do recorrente que se puidesen achegar no procedemento orixinario.

e) O recurso de reposición regulado neste artigo entenderase desestimado se non recae resolución expresa no prazo dun mes, quedando expedita a vía contencioso-administrativa.

4.Se o presunto infractor non formula alegacións nin paga con redución no prazo de 20 días naturais, a denuncia correctamente notificada produce efecto de acto resolutorio do procedemento nos supostos establecidos polo artigo 81.5 LSV. A terminación do procedemento pon fin á vía administrativa e a sanción poderase executar desde o día seguinte ao transcurso de trinta días naturais desde a notificación da denuncia, polo que quedará aberta a vía contencioso-aministrativa.

5.Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, os interesados poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente.

Artigo 80.Prescrición e caducidade

1. O prazo de prescrición das infraccións dispostas nesta lei será de tres meses para as infraccións leves e de seis meses para as infraccións graves e moi graves.

O prazo de prescrición comezará a contar a partir do mesmo día en que os feitos se cometesen.

2. A prescrición interrómpese por calquera actuación administrativa da que teña coñecemento o denunciado ou estea encamiñada a pescudar a súa identidade ou domicilio e se practique con outras administracións, institucións ou organismos. Tamén se interrompe pola notificación efectuada de acordo cos artigos 76, 77 e 78 da Lei 18/2009, do 23 de novembro.

O prazo de prescrición renovarase se o procedemento se paraliza durante máis dun mes por causa non imputable ao denunciado.

3. Se non se produciu a resolución sancionadora transcorrido un ano desde a iniciación do procedemento, producirase a súa caducidade e procederase ao arquivo das actuacións, a solicitude de calquera interesado ou de oficio polo órgano competente para ditar resolución.

Cando a paralización do procedemento se producise a causa do coñecemento dos feitos pola xurisdición penal, o prazo de caducidade suspenderase e, unha vez adquira firmeza a resolución xudicial, renovarase o cómputo do prazo de caducidade polo tempo que restaba no momento de acordar a suspensión.

4. O prazo de prescrición das sancións consistentes en multa pecuniaria será de catro anos e, o das demais sancións, será dun ano, computados desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza en vía administrativa a sanción.

O cómputo e a interrupción do prazo de prescrición do dereito da administración para esixir o pago das sancións consistentes en multa pecuniaria rexeranse polo disposto na Lei xeral tributaria.

Artigo 81.Contía das multas

1.As infraccións que puidesen cometerse contra o disposto na presente ordenanza serán sancionadas coas multas dispostas na Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, na súa redacción dada por Lei 18/2009, do 23 de novembro.

No anexo desta ordenanza recóllense, de acordo coa dita norma, aquelas infraccións máis comúns contra as principais normas en materia de tráfico, cando sexan de competencia municipal:

Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (LSV)

Regulamento xeral de circulación (CIR)

A presente ordenanza (OMT)

Así mesmo, recóllese o importe das sancións que lle corresponde a estas.

2. Aquelas infraccións que non están explicitamente previstas no cadro de infraccións e sancións mencionado no anterior apartado estean tipificadas na lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria ou nas súas normas de desenvolvemento e resultasen de competencia municipal polo tipo de vía en que se cometen e pola materia sobre a que versan, serán sancionadas pola autoridade municipal da seguinte forma, salvo que na citada normativa se indique expresamente outra cousa:

a) Infraccións leves: multa de 80 euros.

b) Infraccións graves: multa de 200 euros.

c) Infraccións moi graves: multa de 500 euros.

3.Naqueles supostos nos que o titular dun permiso ou licenza de condución sexa sancionado en firme en vía administrativa pola comisión dalgunha das infraccións que, de conformidade coa lexislación vixente ao devandito efecto, leve aparellada a perda de puntos, comunicarase á Xefatura Provincial de Tráfico, órgano competente para a súa detracción.

4.A competencia para impor a suspensión do permiso ou licenza de condución ou de circulación corresponde, en todo caso, ao xefe provincial de Tráfico.

Artigo 82.Redución e residencia

1.Notificada a denuncia, o denunciado poderá realizar o pago voluntario da multa no acto da súa entrega ou dentro do prazo de vinte días naturais contados desde o día seguinte ao da súa notificación cunha redución do 50 por cento do importe da sanción de multa.

O pago voluntario coa devandita redución implicará a renuncia a formular alegacións. No caso de que se formulen teranse por non presentadas. Terase por concluído o procedemento sancionador sen necesidade de ditar resolución expresa o día en que se realice o pago.

Artigo 83.Pago das multas

1.En virtude de convenio de delegación con data do DD/MM/AA, o pago das multas, tanto ordinario como anticipado, farase efectivo ante o Servizo de Recadación da Deputación Provincial da Coruña, a través das entidades bancarias colaboradoras del, a través da Oficina Virtual Tributaria na enderezo web www.dicoruna.es ou nas redes de caixeiros habilitadas para o pago, así como en calquera outros lugares e medios de pago que habilite o devandito organismo para o pago dos ingresos de dereito público.

2.As multas que non se aboen durante o procedemento deberanse facer efectivas dentro dos quince días naturais seguintes á data da firmeza da sanción.

3. Vencido o prazo de ingreso establecido no apartado anterior sen que se satisfixera a multa, a súa exacción levarase a cabo polo procedemento de prema. Para ese efecto, será título executivo a providencia de constrinximento notificada ao debedor, expedida polo órgano competente da administración xestora.

Artigo 84. Responsables subsidiarios do pago de multas

1. Os titulares dos vehículos cos que se cometeu unha infracción serán responsables subsidiarios no caso de falta de pagamento da multa imposta ao condutor, salvo nos seguintes supostos:

a) Roubo, furto ou calquera outro uso no que quede acreditado que o vehículo foi utilizado en contra da súa vontade.

b) Cando o titular sexa unha empresa de aluguer sen condutor.

c) Cando o vehículo teña designado un arrendatario a longo prazo no momento de cometerse a infracción. Neste caso, a responsabilidade recaerá neste.

d) Cando o vehículo teña designado un condutor habitual no momento de cometerse a infracción. Neste caso, a responsabilidade recaerá neste.

2. A declaración de responsabilidade subsidiaria e as súas consecuencias, incluída a posibilidade de adoptar medidas cautelares, rexeranse polo disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación.

3. O responsable que satisfixera a multa ten dereito de reembolso contra o infractor pola totalidade do que satisfixera

DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª.O SERVIZO DE ESTACIONAMENTO CON LIMITACIÓN TEMPORAL

1.Obxecto

O servizo de ordenación e regulación de estacionamento con limitación temporal é un servizo público municipal que pretende a regulación dos espazos dispoñibles de aparcadoiro en superficies, fixando os tempos máximos de permanencia para lograr unha rotación de vehículos que permita optimizar o uso dun ben escaso cal é o de dominio público dedicado a tal fin.

2.Tipoloxía de usos e usuarios

1. Establécense os seguintes réximes de uso dos espazos reservados para o estacionamento con limitación temporal:

a)Xeral: mediante o aboamento das tarifas establecidas na ordenanza fiscal correspondente, os usuarios poderán estacionar nas zonas delimitadas para tal fin, cun límite máximo permitido de dúas horas, ao termo deste tempo deberá cambiar o seu vehículo de rúa ou situalo a máis de cincuenta metros de distancia.

b)Xeral de curta duración: as rúas delimitadas para este fin rexeranse polos mesmos criterios do apartado anterior, salvo o tempo máximo de estacionamento, que será dunha hora.

c)De residentes: teñen a condición de residentes, para estes efectos, as persoas físicas, excluíndose as xurídicas en todo caso, usuarias do servizo que segundo o Padrón Municipal de Habitantes teñan o seu domicilio e que de feito residan

dentro do perímetro do sector que para este réxime se estableza nesta ordenanza, e sexan titulares ou condutores habituais do vehículo para o que se solicita o distintivo. Os residentes perden tal condición nos demais sectores distintos ao seu.

3.Título habilitante

1. O título habilitante nos réximes xerais será o comprobante de pago e do tempo de estacionamento, e será prepagado nas máquinas expendedoras mediante moedas, cartón mecánico ou moedeiro.

No réxime de residentes, o título habilitante será o cartón expedido polo concello.

O condutor do vehículo deberá colocar o título habilitante na parte interna do parabrisas, de maneira que sexa totalmente visible e lexible desde o exterior.

2. Nos réximes xerais, as tarifas serán de trinta minutos como mínimo e dúas horas como máximo, aínda que se admite un "exceso" de trinta minutos pospagado, de acordo ao disposto no punto 10.

Por razóns de política de tráfico, a autoridade municipal poderá establecer zonas nas que os residentes teñan o mesmo tratamento que o non residentes ou nas que se lles limite o tempo de estacionamento.

4.Cartón de residentes

Os residentes terán dereito á obtención dun cartón que os acredite como tales, con vixencia ata o 31 de decembro de cada ano, para o que deberán presentar a oportuna instancia no Rexistro Xeral do concello no prazo que se publicará paro efecto, deberá acompañar a seguinte documentación:

1.Fotocopia do DNI do titular do vehículo. Nos casos de aluguer de vehículos a longo prazo (renting), deberá achegarse o DNI do arrendador e, ademais, copia do contrato de arrendamento.

2.Fotocopia do permiso de circulación do vehículo.

3.Fotocopia de último recibo pago do seguro do vehículo.

4.Fotocopia da ficha técnica e da Inspección Técnica de Vehículos.

As persoas interesadas en obter este cartón deberán estar ao corrente do pago do último recibo percibido do imposto de vehículos de tracción mecánica e non ter pendente en vía executiva multas de tráfico do concello.

Unha vez feitas as debidas comprobacións, expedirase o cartón polas dependencias municipais que se designen par o efecto, previo aboamento da cota establecida na correspondente ordenanza fiscal.

O concello poderá esixir calquera outra proba documental ou realizar de oficio cantas comprobacións considere necesarias para contrastar a veracidade dos datos achegados polas persoas interesadas para a obtención do cartón.

Cada persoa só poderá ser titular dun único cartón de residente.

O titular do cartón de residente é responsable da utilización deste. En caso de perda, poderá obter unha nova, previa declaración xurada de perda.

No suposto de variación das condicións expresadas na solicitude, como cambio de domicilio ou cambio de vehículo, a persoa interesada deberá solicitar novo distintivo e, previas as comprobacións oportunas, o concello emitirao, o solicitante deberá entregar nas oficinas municipais o cartón de estacionamento que tiña con anterioridade.

Se das comprobacións practicadas resultase que o titular dun cartón de estacionamento de residente realizou un uso fraudulento del ou que os datos achegados para a obtención da autorización foron falseados, iniciarase un expediente para a retirada da autorización, sen prexuízo da incoación do correspondente expediente sancionador. Se das actuacións practicadas desprendéronse indicios de ilícito penal, remitiranse as actuacións ao órgano competente.

A anulación da autorización por esta causa non dará dereito ao reembolso da cota aboada para a súa obtención.

5.Vehículos excluídos

Quedan excluídos da limitación da duración do estacionamento e non suxeitos ao pago da taxa os vehículos seguintes:

a.As motocicletas, ciclos, ciclomotores e bicicletas.

b.Os estacionados en zonas reservadas para a súa categoría ou actividade.

c.O auto-taxi, cando o seu condutor estea presente.

d.Os de propiedade de organismos do Estado, Comunidades Autónomas, Provincias e Municipios debidamente identificados, durante a prestación dos servizos da súa competencia.

e.Os de representacións diplomáticas acreditadas en España, externamente identificados con matrícula diplomática e a condición de reciprocidade.

f.Os destinados á asistencia sanitaria que pertenzan á Seguridade Social, Servizo Galego de Saúde ou Cruz Vermella Española, e as ambulancias.

g.Os de titularidade de persoas con mobilidade reducida, cando estean en posesión e exhiban a autorización especial expedida para o efecto.

h.Os utilizados polo persoal municipal, aínda sendo de propiedade privada, en acto de servizo, debidamente autorizados.

i.Os residentes quedan excluídos da limitación da duración do estacionamento, pero suxeitos ao pago da taxa establecida na ordenanza fiscal correspondente, cando o estacionamento se produza no sector da súa residencia autorizado polo distintivo que para ese efecto posúan.

6.Sinalización

A delimitación e sinalización das distintas zonas de estacionamento con limitación temporal realizarase como segue:

a.Réxime xeral: sinais verticais específicos e horizontais de cor azul.

b.Réxime xeral de curta duración: sinais verticais específicos e horizontais de cor azul, con indicación expresa de que o tempo límite máximo de estacionamento é dunha hora.

c.Réxime de residentes: sinais verticais específicos e horizontais de cor verde.

7.Obtención do título habilitante

Para os efectos de obtención de título habilitante para estacionamento con limitación temporal dos réximes xerais, instalaranse na vía pública máquinas expendedoras en número suficiente.

A Alcaldía, cando se dean circunstancias que así o aconsellen en atención aos intereses municipais, poderá implantar outros sistemas de control de horario.

8.Horario e lugares

O servizo de estacionamento con limitación temporal estará en actividade en días laborables e nas rúas indicadas nesta ordenanza, co seguinte horario:

1.De luns a venres: De 10.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas.

2.Sábados: De 10.00 a 14.00 horas.

Por resolución do Pleno municipal poderá modificarse ou ampliarse o citado horario.

9.Taxa

O réxime de tarifas e as súas modificacións, as disposicións relativas a suxeitos obrigados e exentos do pago, etc. rexeranse polo disposto na ordenanza fiscal correspondente.

10.Título habilitante pospagado

Se o vehículo non excedeu en trinta minutos o tempo de estacionamento permitido indicado no título habilitante, o usuario poderá obter un segundo tique de exceso “” no que constará a súa hora de expedición. Este prazo de exceso nunca poderá superar o límite máximo de estacionamento de dúas horas en réxime xeral e de unha hora en réxime xeral de curta duración, previstos nesta ordenanza.

11.Infraccións

Considéranse infraccións do servizo de ordenación e regulación do estacionamento con limitación temporal, durante o horario de actividade deste:

a) O estacionamento sen título habilitante ou con título habilitante non válido.

b) O estacionamento con título habilitante por tempo superior ao sinalado nel, coa excepción establecida en anteriores apartados.

c) O estacionamento sen cartón de residente nas zonas de estacionamento reservadas para tal fin.

d) O estacionamento con cartón de residente en sector distinto ao da súa residencia.

e) O estacionamento por máis de dúas horas nunha mesma rúa da zona xeral, sen respectar a previsión do apartado 2.1 a), e máis dunha hora en sector de réxime xeral de curta duración, durante as horas de actividade do servizo.

DISPOSICION ADICIONAL 2ª

Clasificación das vías do Concello de Pontedeume

Para os efectos desta ordenanza as rúas do núcleo urbano de Pontedeume dividense en:

- Núcleo histórico: Rúa dos Ferreiros, Rúa Real, Praza Real, Rúa de Santiago, Rúa da Inmaculada, Travesía da rúa Real, Travesía da rúa dos Ferreiros, Rúa do Mancebo, Rúa do Cantón, Rúa da Pescadería, Rúa Couceiro Freijomil, Praza do Pan, Praza de España, Rúa do Chafarís, Rúa de San Miguel, Rúa San Agustín, Rúa Corredoira das Virtudes, Rúa das Virtudes, Praza das Angustias, Praza de San Roque, Avda. de Raxoi, Rúa da Igrexa, Rúa Tafona, Rúa Alcacer, e Praza do Conde.

- Núcleo urbano: entenderase por tal o núcleo formado pola parroquia de Pontedeume

- Vías principais:

- Avda. da Coruña, travesía urbana da estrada N-651 dende o punto quilométrico 20.200 (1º semáforo) ata o Punto quilométrico 19,750 (colexio de Atocha)

- Avda. Ricardo Sánchez - travesía urbana da estrada AC-144 dende o punto quilométrico 0 ata o punto quilométrico 0.800 (centro de saude)

- Avda. Saavedra Meneses,

- Avda. do Torreón,

- Avda. de Lombardero,

- Avda. de Ferrol,

- Avda. Dr. Villanueva – travesía urbana da estrada CP-4803 dende o punto quilométrico 10.800 ata a intersección co a N-651

- Praza do Conde.

Atendendo á súa capacidade e á ordenación do tráfico, as vías urbanas do Concello de Pontedeume clasificanse en:

- Vías urbans con horario de carga e descarga.

- Vías urbans con sentido único de circulación.

- Vías urbans de circulación prohibida ou restrinxida (peonís).

- Vías de libre circulación.

Non poderán circular polas rúas do núcleo histórico do Concello os vehículos cunha m.m.a. superior a 3.500 kg. Para o suposto de que debido a obras de construcción de edificios, reparacións, mudanzas ou similares se tivesen que empregar vehículos cunha m.m.a. superior á sinalada, as empresas correspondentes deberán solicitar por escrito a pertinente autorización do Concello coa obriga expresa de facerse cargo dos danos que se poidan orixinar na vía pública ou nos seus elementos.

Exceptuanse do disposto no parágrafo anterior, os vehículos de m.m.a. superior á sinalada, pertencentes ás forzas e corpos de seguridade, forzas armadas, vehículos de emerxencias, así coma, por motivos de seguridade, os vehículos blindados adicados ó transporte de fondos ás entidades bancarias.

1.1.- Vías urbans con horario de carga e descarga (de luns a venres).

Son vías nas que hai que compaxinala fluidez do tráfico de peóns e o servicio de comercios. Permítese o estacionamento exclusivamente de vehículos destinados ó transporte de mercadorías para a realización das tarefas de carga e descarga, de luns a venres, dende as 8:00 horas ata as 12:00 horas, nas rúas clasificadas como de circulación prohibida ou restrinxida (peonís). Fora de estas horas estará prohibida a circulacion e o estacionamento. A entrada e saida para a realización das tarefas de carga e descarga efectuarase sempre pola rua Couceiro Freixomil Exceptuaranse deste horario o transporte de medicamentos a farmacias, hospitais ou similares, así como, por motivos de seguridade, o transporte de diñeiro a entidades bancarias ou comerciais por empresas debidamente autorizadas a este tipo de transporte así coma os vehiculos con autorización expresa da Alcaldia que logo de efectuar unha solicitude a o Concello aleguen causas excepcionais. As solicitudes iran sempre acompañadas dun certificado médico que acredite o grao de dependencia e un certificado de empadronamento ou residencia onde conste que reside nestas ruas.

Os sábados con motivo do feirón semanal permitirase a carga e descarga de mercadorías entre as 07:00 e as 10:00 e entre as 18:00 e as 21:00.

1.2.- Vías urbanas con sentido único de circulación. Son as seguintes:

- Rúa Corredoira das Virtudes (sentido da alameda á rúa Empedrado).

- Rúa Tafona (dende a rúa Empedrado cara a rúa Fontenova).

- Rúa San Agustín, segundo tramo (dende a praza das Angustias ata a Avda. Raxoi).

- Rúa Camiño Estreito (dende a Avda. da Coruña cara á Avda. de Ricardo Sánchez).

- Rúa Club Firrete (descendente, dende a estrada N-651 cara a rúa Camiño Estreito)

- Rúa Rio Eume (1º tramo, da praza Mestre Álvaro Vazquez Penedo cara a confluencia coa travesía Río Eume)

- Rúa Rio Eume (2º tramo, da Avda. Ricardo Sánchez cara á confluencia coa travesía Rio Eume)

- Travesía Rio Eume (sentido cara á praza Mestre Álvaro Vazquez Penedo)

- Rúa da Fontenova (baixada cara á rúa do Picho)

- Rúa do Picho (dirección dende a rúa Fontenova ata a rúa Porto, permitíndose a subida ata as vivendas Salgado Torres aos residentes).

- Rúa Porto: dende a Avda. Doutor Villanueva a rúa San Miguel.

- Rúa Fene: dende a Avda. Lombardero a rúa San Miguel.

- Provisionalmente a Rúa Galera ascendente, dende a Av. da Mariña ata a Avda de Ferrol que unha vez realizadas as obras do porto pasará a ser de dobre sentido da circulación

- Rúa San Miguel: dende a rúa Picho á praza do Conde.

- Rúa Betanzos: dende a rúa Fene á praza do Conde.

- Rúa Irmandiños: sentido descendente hacia a av. de Ferrol.

- Rua Av. da Mariña : dende Avda. do Torreon á rúa Galera

-Provisionalmente a Rúa Ría de Ares queda de dobre sentido de circulación e a RúaValeriano Villanueva, dirección única hacia a Rúa Ría de Ares, en tanto non se remate a urbanización da zona, xa que a finalización de esas obras implicará a prolongación da Rua Valeriano Villanueva hacia a estrada CP 4803.

1.3.-Vías urbanas de circulación prohibida ou restrinxida (peonís). Son as seguintes:

- Rúa Real.

- Praza Real.

- Rúa de Santiago.

- Rúa da Inmaculada.

- Travesía da rúa Real.

- Rúa Ferreiros.

- Travesía da rúa dos Ferreiros.

- Rúa do Mancebo.

- Rúa do Cantón.

- Rúa da Pescadería.

- Rúa Couceiro Freijomil (entre a rúa da Pescadería e a praza Real).

- Praza do Pan.

- Praza de España (permitirase a súa utilización coma parada dos vehículos de auto-taxi).

- Rúa San Agustín, primeiro tramo (dende a Avda. da Coruña ata a Avda. Raxoi).

- Rúa do Chafarís.

- Rúa de San Miguel (entre a Rúa Alcacer e Rúa Pescadería).

. Nas rúas que se sinalan, e no seu caso, excepcionalmente, permítese exclusivamente a entrada a garaxes, despois da obtención dun pase concedido polo Concello. Igualmente, e nos mesmos casos, autorízanse paradas diante de locais e semellantes.

Queda prohibida a circulación de vehículos polas rúas peonís fora dos horarios sinalados, agás ciclos e bicicletas. Esta prohibición tamén rexerá, nos mesmos termos, no paseo marítimo.

DISPOSICIÓN FINAL

1.A presente ordenanza derroga o resto de normas do mesmo rango deste concello, que se opoñan, contradigan ou non desenvolvan debidamente o seu contido.

2.Esta ordenanza, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 24/06/2010 entrará en vigor logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir da devandita data.

ANEXO I: CADRO DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

No presente anexo recóllense aquelas infraccións máis comúns contra o Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, na súa redacción dada pola Lei 18/2009, do 23 de novembro (LSV), contra o Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado (CIR) e contra a presente ordenanza (OMT), así como o importe das sancións que lle corresponde a estas.

NOMENCLATURA EMPREGADA:

ART: Artigo.

APART: Apartado do artigo.

OPC: Opción dentro do apartado do artigo.

INF: Cualificación da infracción:

L: Leve

G: Grave

MG: Moi Grave

Norma	Art	Apart	Opc	Caso	LSV			OMT			Feito denunciado	Calif	Multa	Importe reducido	Puntos
					Art	Apart	Opc	Art	Apart	Opc					
CIR	2	1	5A								Comportarse indebidamente na circulación. (Detallar o comportamento e/ou o tipo de perigo causado.	L	80	40	0
CIR	3	1	5A		65	5	e				Conducir de forma manifestamente temeraria. (Detallar a conduta).	MG	500	250	6
CIR	3	1	5B		65	4	m				Conducir de forma neglixente creando risco para outros usuarios da vía. (Detallar a conduta e o risco creado).	G	200	100	0
CIR	3	1	5C		65	4	m				Conducir sen a dilixencia, precaución e non distración necesarios para evitar todo dano propio ou alleo. (Detallar a conduta).	G	200	100	0
CIR	4	2	5A		65	4	n				Guindar, depositar ou abandoar sobre a vía obxectos ou materias que fagan perigosa a libre circulación, parada o u estacionamento ou deteriore aquela ou as súas instalacións (Detallar o obxecto ou materia que causa o perigo ou deterioro)	G	200	100	4
CIR	4	2	5B								Guindar, depositar ou abandoar sobre a vía obxectos ou materias que poidan entorpecer a libre circulación, parada o u estacionamento, (Detallar o obxecto ou materia que causa o entorpecemento)	L	80	40	0
CIR	4	3	5A								Instalar na vía ou terreos algún aparato, instalación ou construción, ainda que sexa con carácter provisional ou temporal, que poida entorpecer a circulación (Detallar o aparato, instalación ou construción)	L	80	40	0
CIR	4	3	5B								Realizar rodaxes, enquisas ou ensaios, con ou sen carácter provisional, que poidan entorpecer a circulación	L	80	40	0
CIR	5	1	5A								Non facer desaparecer o antes posible un obstáculo ou perigo sobre a vía por quen o creara. (Detallar o obstáculo creado).	L	80	40	0
CIR	5	1	5B								Non adpotar as medidas necesarias para advertir aos demáis usuarios a existencia dun obstáculo ou perigo creado na vía polo propio denunciado.	L	80	40	0
CIR	5	3	5A								Non sinalizar de forma eficaz o obstáculo ou perigo creado. (Detallar a sinalización empregada ou a súa falta).	L	80	40	0
CIR	5	6	5A								Deter, parar ou estacionar un vehículo de servizo de urxencia, asistencia mecánica ou de conservación de carreteras en lugar distinto do fixado polos axentes da autoridade responsables do tráfico .	L	80	40	0
CIR	6	1	5A		65	4	n				Guindar ou depositar na vía ou nas súas inmediacións obxectos que poidan dar lugar á produción de incendios.(Detallar o obxecto).	G	200	100	4
CIR	6	1	5B		65	4	n				Guindar á vía ou nas súas inmediacións calquera obxecto que poida producir accidentes de circulación.	G	200	100	4
CIR	7	1			65	4	o				Non colaborar nas probas establecidas para a detección de emisións de ruídos ou contaminantes, etc.	G	200	100	0
CIR	7	4			65	4	o				Producir fume con ocasión de queima de vertedoiros de lixo e residuos afectando á vía.	G	200	100	0
CIR	9	1	5A								Transportar no vehículo reseñado un número de persoas superior ao das prazas autorizadas, sen que o exceso de ocupación supere nun 50% as ditas prazas.	L	80	40	0
CIR	9	1	5B		65	4	u				Transportar no vehículo un número de persoas excedendo en máis dun 50% o máximo de prazas autorizadas, excluído o condutor.	G	200	100	0
CIR	10	1	5A								Transportar persoas en emprazamentos distintos aos destinados e acondicionados para elas no vehículo	L	80	40	0
CIR	10	2	5A								Viaxar persoas nun vehículo destinado ao transporte de mercadorías ou cousas no lugar reservado á carga.	L	80	40	0

Norma	Art	Apart	Opc	Caso	LSV			OMT			Feito denunciado	Calif	Multa	Importe reducido	Puntos
					Art	Apart	Opc	Art	Apart	Opc					
CIR	12	1	5A								Circular dúas persoas nun ciclo en condicións distintas ás regulamentarias. (Detallar o incumprimento).	L	80	40	0
CIR	12	2	5B		65	4	i				Circular con menores de 12 anos como pasaxeiro de motocicletas ou ciclomotores en condicións distintas ás regulamentarias.	G	200	100	0
CIR	12	4	5A								Circular cunha motocicleta, vehículo de tres rodas, ciclomotor, ciclo ou bicicleta, arrastrando un remolque en condicións distintas ás regulamentarias. (Detallar o incumprimento).	L	80	40	0
CIR	14	1A	5A		65	4	r				Circular cun vehículo cuxa carga pode arrastrar, caer total ou parcialmemte, desprazarse de maneira perigosa ou comprometer a estabilidade do vehículo, sen dispor dos accesorios que garanten a adecuada protección ou acondicionamento da carga transportada.	G	200	100	0
CIR	14	1C	5B								Circular cun vehículo cuxa carga produce po, ruído ou molestias aos demais usuarios.	L	80	40	
CIR	14	1D	5C								Circular cun vehículo cuxa carga oculta os dispositivos de sinalización, iluminación, placas de matrícula, etc.	L	80	40	0
CIR	14	2	5A								Circular cun vehículo sen cubrir total e eficazmente a carga transportada.	L	80	40	0
CIR	15	1	5A								Circular cun vehículo cuxa carga sobresae da proxección en planta nos termos regulamentariamente previstos.	L	80	40	0
CIR	15	5	5A								Circular cun vehículo transportando unha carga que sobresae da súa proxección en planta, sen adoptar as mebidas precaucións para evitar todo dano ou perigo aos demais usuarios da vía.	L	80	40	0
CIR	15	6	5A								Non sinalizar regulamentariamente a carga que sobresae lonxitudinalmente do vehículo.	L	80	40	0
CIR	15	6	5B								Circular cun vehículo, entre a posta e saída do sol ou baixo condicións meteorolóxicas ou ambientais que dimunúen sensiblemente a visibilidade, sen sinalizar a carga do xeito establecido regulamentariamente (indicar as condicións existentes)	L	80	40	0
CIR	15	7	5A								Non sinalizar regulamentariamente a carga que sobresae lateralmente do gálibo do vehículo.	L	80	40	0
CIR	16		5A								Realizar operacións de carga e descarga na vía pública, puidendo facelo fóra da dita vía,	L	80	40	
CIR	18	1	5A								Conducir o vehículo sen manter a propia liberdade de movementos. (Detallar os feitos).	L	80	40	0
CIR	18	1	5B								Conducir o vehículo descrito sen manter o campo de visión necesario para a condución. (Detallar os feitos).	L	80	40	0
CIR	18	1	5C								Conducir un vehículo sen manter a atención permanente na condución. (Detallar os feitos).	L	80	40	0
CIR	18	1	5D								Conducir un vehículo sen manter a posición adecuada e que a manteñan o resto de pasaxeiros (Detallar os feitos).	L	80	40	0
CIR	18	1	5E								Conducir un vehículo sen coidar a adecuada colocación dalgún animal ou obxecto para que non interfira na condución. (Detallar os feitos).	L	80	40	0
CIR	18	1	5F		65	4	f				Circular cun vehículo utilizando o condutor dispositivos que disminúan a obrigatoria atención permanente á condución. (Detallar o dispositivo).	G	200	100	3
CIR	18	2	5A		65	4	f				Conducir utilizando cascos ou auriculares conectados a aparatos reprodutores de sons.	G	200	100	3
CIR	18	2	5B		65	4	g				Conducir utilizando manualmente dispositivos de telefonía móbil, navegadores ou calquera outro sistema de comunicación	G	200	100	3
CIR	19	1	5A		65	4	o				Conducir un vehículo cuxa superficie acristalada non lle permite ao seu condutor a visibilidade diáfana da vía pola colocación de láminas, adhesivos, cortiniñas, cristais tinxidos ou outros elementos non autorizados.	G	200	100	0
CIR	19	2	5A		65	4	o				Colocar nun vehículo vidros tintados ou coloreados non homologados	G	200	100	0
CIR	20	1	5A		65	5	c				Circular cunha taxa de alcohol en aire expirado superior a 0,25 mg/l, que é a regulamentariamente establecida sobrepasando os 0,50 mg/l (para condutores en xeral, probas sempre con etilómetros homologados)	MG	500	250	6
CIR	20	1	5B		65	5	c				Circular cunha taxa de alcohol no sangue superior a 0,50 gramos por mil c.c., que é a regulamentariamente establecida, sobrepasando 1,00 gr./l (para condutores en xeral).	MG	500	250	6
CIR	20	1	5C		65	5	c				Circular cunha taxa de alcohol en aire expirado superior a 0,15 mg/l, que é a regulamentariamente establecida sobrepasando os 0,30 mg/l (para condutores profesionales, de servicio de urxencia, noveis, mercadorías perigosas ou transportes especiais)	MG	500	250	6
CIR	20	1	5D		65	5	c				Circular cunha taxa de alcohol no sangue superior a 0,30 gramos por 1000 c.c., que é a regulamentariamente establecida sobrepasando os 0,60 gr./l (para condutores profesionais, de servicio de urxencia, noveis, mercadorías perigosas ou transportes especiais)	MG	500	250	6
CIR	20	1	5E		65	5	c				Circular cunha taxa de alcohol en aire expirado superior a 0,25 mg/l, que é a regulamentariamente establecida (para condutores en xeral en probas con etilómetros homologados)	MG	500	250	4

Norma	Art	Apart	Opc	Caso	LSV			OMT			Feito denunciado	Calif	Multa	Importe reducido	Puntos
					Art	Apart	Opc	Art	Apart	Opc					
CIR	20	1	5F		65	5	c				Circular cunha taxa de alcohol no sangue superior a 0,50 gramos por 1000 c.c., que é a regulamentariamente establecida (para condutores en xeral).	MG	500	250	4
CIR	20	1	5G		65	5	c				Circular cunha taxa de alcohol en aire expirado superior a 0,15 mg/l, que é a regulamentariamente establecida para condutores profesionais, de servicio de urxencia, noveis, mercadorías perigosas ou transportes especiais.	MG	500	250	4
CIR	20	1	5H		65	5	c				Circular cunha taxa de alcohol no sangue superior a 0,30 gramos por 1000 c.c., que é a regulamentariamente establecida para condutores profesionais, de servicio de urxencia, noveis, mercadorías perigosas ou transportes especiais.	MG	500	250	4
CIR	21	1	5A		65	5	d				Negarse a someterse ás probas de detección do grao de alcoholemia. (Detallar se presenta ou non síntomas evidentes de estar baixo a influencia do alcohol).	MG	500	250	6
CIR	21	1	5B		65	5	d				No someterse ás probas de detección das posibles intoxicaccións por alcohol estando implicado nun accidente de circulación.	MG	500	250	6
CIR	27	1	5A		65	5	c				Conducir baixo os efectos de estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes e outras substancias similares. (Detallar as condicións e os síntomas do denunciado)	MG	500	250	6
CIR	28	1b	5A		65	5	d				Negarse a someterse ás probas para a detección de estupefacientes, psicotrópicos e substancias similares. (Detallar se presenta ou non síntomas evidentes de estar baixo a influencia deste tipo de substancias).	MG	500	250	6
CIR	29	1	5A		65	4	c				Npn circular por unha vía o máis preto posible ao bordo dereito da calzada deixando completamente libre a metade da clazada que corresponda aos que poidan circular no sentido contrario.	G	200	100	0
CIR	29	1	5B		65	4	c				Circular por unha vía de dobre sentido de circulación sen arrimarse o máis preto posible ao bordo dereito da calzada para manter a separación lateral suficiente que permita cruzarse con seguridade con outro vehículo.	G	200	100	0
CIR	29	1	5C		65	4	c				Non circular pola vía nun cambio de rasante ou curva de reducida visibilidade deixando completamente libre a metade da calzada que corresponda aos que poidan circular en sentido contrario	G	200	100	0
CIR	29	2	5A		65	5	f				Circular pola esquerda nunha vía de dobre sentido da circulación, en sentido contrario ao establecido sen estar realizando manobra de adiantamento.	MG	500	250	6
CIR	30	1	5A		65	4	c				Circular pola beiravía, non existindo razóns de emerxencia, cun vehículo automóbil.	G	200	100	0
CIR	30	1	5B		65	4	c				Circular pola beiravía, non existindo razóns de emerxencia, cun vehículo especial con MMA superior a 3.500 kg	G	200	100	0
CIR	30	1A	5C		65	5	f				Circular polo carril da esquerda en sentido contrario ao estipulado, nunha calzada de dobre sentido de circulación e dous carrís separados ou non por marcas viarias	MG	500	250	6
CIR	30	1B	5D		65	5	f				Circular polo carril situado máis á esquerda en sentido contrario ao estipulado, nunha calzada de dobre sentido de circulación e tres carrís separados por marcas viarias	MG	500	250	6
CIR	30	1B	5E		65	4	c				Utilizar o carril central dunha calzada con dobre sentido de circulación e tres carrís separados por marcas lonxitudinais discontinuas, sen deberse a un adiantamento nin a un cambio de dirección á esquerda	G	200	100	0
CIR	36	1	5A		65	4	c				Non circular pola beiravía transitable da súa dereita, cun vehículo obrigado a facelo. (Detallar o tipo de vehículo).	G	200	100	0
CIR	36	2	5A		65	4	z				Circular en posición paralela con vehículos prohibidos expresamente para isto.	G	200	100	0
CIR	37	1	5A		65	5	l				Circular sen autorización contravindo a ordenación determinada pola autoridade competente por razóns de fluidez ou seguridade do tráfico	MG	500	250	0
CIR	37	1	5B		65	4	c				Circular por unha vía cerrada ao tráfico ou por un dos seus tramos, vulnerando a prohibición total ou parcial de acceso ao devandito tramo ou vía por parte da Autoridade competente, por razóns de fluidez ou seguridade na circulación.	G	200	100	0
VEH	11	2	5A		65	4	o				Circular cun vehículo que carece do regulamentario número de espellos retrovisores	G	200	100	0
VEH	11	12	5A		65	4	o				Circular co vehículo reseñado que non leva instalado limitador de velocidade	G	200	100	0
VEH	11	13	5B		65	5	II				Circular cun automóbil sen levar instalados cintos de seguridade ou outros sistemas de retención homologados, estando obrigado a eso	MG	500	250	0
VEH	11	16	5A		65	4	o				Circular co vehículo reseñado carecendo de dispositivo que evite o empotramiento doutros vehículos en caso de alcance	G	200	100	0
VEH	11	19	5A		65	4	o				Circular co vehículo reseñado co escape libre, sen silenciador de explosións ou con este ineficaz	G	200	100	0
VEH	11	19	5B		65	4	o				Circular co vehículo reseñado de combustión interna, lanzando fumes que poidan dificultarlles a visibilidade aos condutores doutros vehículos ou resultar nocivos	G	200	100	0
VEH	12	_	5A		65	4	o				Circular co vehículo reseñado incumprindo as condicións regulamentarias (especifíquese o incumprimento)	G	200	100	0

Norma	Art	Apart	Opc	Caso	LSV			OMT			Feito denunciado	Calif	Multa	Importe reducido	Puntos
					Art	Apart	Opc	Art	Apart	Opc					
VEH	12	4.2	5A		65	4	o				Non levar instalada a protección regulamentaria da carga no vehículo reseñado	G	200	100	0
VEH	12	5.1	5A		65	4	o				Circular co vehículo reseñado cuxos pneumáticos non presentan debuxo nas ranuras principais da banda de rodamento	G	200	100	0
VEH	12	_	5A		65	4	o				Circular co vehículo reseñado incumprindo as condicións regulamentarias (especifíquese o incumprimento)	G	200	100	0
VEH	14	1	5A		65	4	o				Circular cun vehículo cuxa lonxitude, anchura ou altura, incluída a carga, excede dos límites regulamentarios (indicar a dimensión antirregulamentaria e a carga do vehículo obxecto de denuncia)	G	200	100	0
VEH	14	2	5B		65	4	o				Circular cun vehículo cuxa carga indivisible rebasa a lonxitude, anchura ou altura regulamentarias sen autorización complementaria (indicar a dimensión antirregulamentaria e a carga do vehículo obxecto de denuncia)	G	200	100	0
VEH	14	2	5C		65	5	I				Circular sen autorización especial co vehículo reseñado cuxas dimensións, incluída a carga, exceden dos límites regulamentarios (detallar medida en anchura, altura ou lonxitude)	MG	500	250	0
VEH	14	2	5D		65	5	I				Circular co vehículo reseñado incumprindo as condicións establecidas na autorización especial (detallar brevemente a condición incumprida)	MG	500	250	0
VEH	15	4	5A		65	4	o				Circular co vehículo reseñado levando instaladas luces non regulamentarias	G	200	100	0
VEH	15	5	5A		65	4	o				Circular co vehículo reseñado levando instaladas máis luces cás regulamentarias	G	200	100	0
VEH	15	5	5B		65	4	o				Circular co vehículo reseñado levando instalados dispositivos reflectantes non autorizados	G	200	100	0
VEH	15	5	5C		65	4	o				Circular co vehículo reseñado levando instalados dispositivos luminosos non autorizados	G	200	100	0
VEH	16	_	5A		65	4	o				Circular co vehículo reseñado sen estar provisto dos dispositivos de iluminación e sinalización óptica obrigatorias (especifíquese o incumprimento)	G	200	100	0
VEH	18	1	5A		65	4	o				Instalar dispositivos de sinais especiais sen autorización da Xefatura Provincial de Tráfico correspondente	G	200	100	0
VEH	18	1	5B		65	3					Non levar instalado no vehículo o sinal regulamentario correspondente (deberá indicarse o sinal omitido)	L	80	40	0
VEH	19	1	5A		65	4	o				Non levar no vehículo reseñado os dispositivos portátiles de presinalización de perigo	G	200	100	0
VEH	21	1	5A		65	4	o				Circular co ciclomotor reseñado cuxas condicións técnicas, partes ou pezas, non se axustan ás prescricións técnicas fixadas regulamentariamente (especifíquese o incumprimento)	G	200	100	0
VEH	21	1	5B		65	4	o				Circular co ciclomotor reseñado que carece de espello retrovisor	G	200	100	0
VEH	21	2	5A		65	4	o				Circular co ciclomotor reseñado sen estar provisto da iluminación e sinalización óptica obrigatorias (especifíquese o incumprimento)	G	200	100	0
VEH	26	1	5A		65	3					Non exhibirlle ao axente da autoridade a documentación regulamentaria do vehículo reseñado	L	10	5	0
VEH	30	2	5B		65	3					Non comunicar o cambio de domicilio o titular do vehículo reseñado no prazo regulamentario	L	80	40	0
VEH	32	1	5A		65	3					Non ter efectuado o titular do vehículo reseñado a notificación de transferencia no prazo regulamentario	L	80	40	0
VEH	32	3	5A		65	3					Non ter solicitado o adquirente do vehículo reseñado a renovación do permiso de circulación dentro do prazo regulamentario	L	80	40	0
VEH	32	3	5B		65	5	I				Circular co vehículo reseñado dado de baixa temporal	MG	500	250	0
VEH	33	1	5A		65	3					Non ter solicitado o titular do vehículo reseñado a baixa temporal, no prazo regulamentario, unha vez entregado a un establecemento de compravenda de vehículos	L	80	40	0
VEH	34	1	5A		65	5	I				Circular co vehículo reseñado que causou baixa no rexistro de vehículos	MG	500	250	0
VEH	42	1	5A		65	5	I				Circular sen ter obtido o permiso temporal correspondente do vehículo reseñado	MG	500	250	0
VEH	42	1	5F		65	5	I				Circular co permiso temporal correspondente caducado	MG	500	250	0
VEH	45	1	5A		65	3					Non levar o correspondente boletín de circulación ou levalo cos datos incompletos ou inexactos, acompañando a un permiso temporal para vehículos no matriculados (Placa “S”)	L	80	40	0
VEH	46	2	5A		65	3					Conducir un vehículo non matriculado con permiso temporal para uso de empresas, por un condutor que non reúne as condicións esixidas (Placa “S”)	L	80	40	0
VEH	46	3	5A		65	3					Transportar carga útil nun vehículo con permiso temporal para empresas ou entidades relacionadas cos vehículos (Placas “S” e”V”)	L	80	40	0
VEH	48	4	5A		65	3					Non levar o correspondente boletín de circulación ou levalo cos datos incompletos ou inexactos acompañando a un permiso temporal para vehículos previamente matriculados (Placa “V”)	L	80	40	0
VEH	48	4	5B		65	3					Conducir un vehículo con permiso temporal para uso de empresa, previamente matriculado, por un condutor que non reúne as condicións esixidas (Placa “V”)	L	80	40	0

Norma	Art	Apart	Opc	Caso	LSV			OMT			Feito denunciado	Calif	Multa	Importe reducido	Puntos
					Art	Apart	Opc	Art	Apart	Opc					
CON	1	1	5A		65	5	k				Conducir o vehículo reseñado carecendo de autorización administrativa para conducir correspondente (detallar tipo de vehículo que se conduce)	MG	500	250	0
CON	1	1	5B		65	5	k				Conducir o vehículo reseñado carecendo de autorización administrativa de condución válida en España, sendo titular dun permiso estranxeiro equivalente susceptible de ser canxeado.	MG	500	250	0
CON	1	1	5C		65	5	k				Conducir un vehículo cun permiso ou licenza que non lle habilita para eso (detallar tipo de vehículos que se conduce e o tipo de permiso que posúe)	MG	500	250	4
CON	3	1	5A		65	4	II				Conducir o vehículo reseñado cunha licenza ou permiso de condución incumprindo as condicións restritivas ou mencións especiais que figuran nela (especifíquese o incumprimento)	G	200	100	0
CON	3	2	5A		65	3					Non exhibirlle ao axente da autoridade a autorización administrativa para conducir o vehículo reseñado	L	10	5	0
CON	10	_	5A		65	3					Non comunicar o cambio de domicilio o titular do permiso ou licenza de condución reseñados dentro do prazo reglamentario	L	80	40	0
CON	12	4	5A		65	4	II				Conducir o vehículo reseñado coa autorización administrativa para conducir caducada	G	200	100	0
CON	25	1	5A		65	5	k				Conducir un vehículo que transporta materias perigosas sen ter obtido a autorización especial correspondente.	MG	500	250	0

2010/12498

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Recadación

Notificación por domicilio descoñecido

ANUNCIO

Intentada a notificación da liquidación definitiva, que se relaciona a continuación, en concepto de Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, ó interesado que así mesmo se cita, no último enderezo coñecido, e non sendo posible practica-la mesma, de conformidade co disposto no art. 59.5 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, procédese a súa notificación a través da publicación do presente anuncio, estando a disposición do interesado o expediente no departamento de Recadación do Concello de Rianxo.

Nº liq.	Suxeito pasivo	N.I.F	Concepto/Exerc/Obx. Trib.	Localidade	Importe
457/10	AMOR FERREIRO JOSE RAMON	76327331Z	IBI URBANA 2009-2010	15920-RIANXO	125,20€
461/10	LOPEZ VARELA SILVERIO	52453985R	IBI URBANA 2009-2010	15920-RIANXO	204,84€
463/10	ORDOÑEZ VICENTE MANUEL ALFONSO	33296095F	IBI URBANA 2009-2010	15920-RIANXO	257,89€

Ingreso: O importe da liquidación deberá ingresalo nas contas ordinarias que o Concello ten abertas nas oficinas colaboradoras.

a) Se a notificación desta liquidación se recibiu entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data da recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior, ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación desta liquidación se recibiu entre os días 16 e último de cada mes, dende a data da recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior, ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se, transcorridos os prazos anteriores, non se realizase o ingreso, procederase ó seu cobramento pola vía de constrinximento, cas recargas e xuros de demora legalmente esixibles.

O que se publica a efectos da súa notificación.

Rianxo, a 19 de agosto de 2010.

O Alcalde-Presidente,

Asdo.: Pedro Piñeiro Hermida.

2010/12364

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ROIS

Convocatoria pública e bases operario de xardinería e servizos múltiples categoría peón

CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL

LABORAL TEMPORAL

Decreto de Alcaldía-Presidencia do Concello de Rois pola que se resolve efectuar convocatoria pública para a contratación de persoal laboral temporal.

No uso das facultades contempladas no artigo 41.14.c do Real Decreto 2.568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a decretar:

Primeiro.- Efectuar convocatoria pública para contratar en réxime laboral temporal un/unha OPERARIO DE XARDINERIA E SERVIZOS MULTIPLES, CATEGORIA PEON.

Segundo.- Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria as cales establecense no Anexo que acompaña esta resolución.

En Rois, a 20 de agosto de 2010.

O ALCALDE	A SECRETARIA
Don Ramón Tojo Lens	Dona Angela María Viqueira Allo

ANEXO

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA OPERARIO DE XARDINERIA E SERVIZOS MULTIPLES, CATEGORIA PEON NO CONCELLO DE ROIS

OBXECTO:

O obxecto da presente convocatoria é a contratación dunha persoa como operario/a de xardinería e servizos múltiples, categoría peón, por un período dun ano a xornada completa, na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado para que preste os seus servizos no Concello de Rois. A financiación do devandito contrato terá lugar a cargo do orzamento municipal.

A correspondente convocatoria serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.

1.- DURACIÓN DO CONTRATO: UN ANO.

2.- NUMERO DE PRAZAS QUE SE CUBRIRÁN. UNHA

3.- HORARIO DE TRABALLO. 40 HORAS SEMANAIS

4.-SALARIO. 1.060 € brutos/mes.

5.-FUNCIONS:

-Axudar a oficiais de oficios varios en tarefas simples predominantemente de índole físico.

-Mantemento de camiños.

-Conservación e mantemento de servizos urbanos municipais.

-Colocación e retirada de infraestruturas e aparatos que sexan requiridos polo Concello.

-Empregar para a realización de tarefas propias do seu posto maquinaria ou vehículos de manexo simple, incluídos aqueles para os que se precise estar en posesión de algún tipo de autorización administrativa.

-Reparto de documentación, difusión de bandos no termo municipal e aquelas que lle encomende un posto de nivel xerárquico superior.

6.-RÉXIME XURÍDICO: A relación entre as persoas seleccionadas e o concello rexerase pola normativa laboral e pola normativa reguladora da administración local.

7.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

· Ter nacionalidade española ou cidadanía da UE.

· Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

· Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder de idade máxima de xubilación.

· Non estar sometido a expediente disciplinario en calquera administración pública.

· Non estar incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na lei 53/84, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

· Estar en posesión do carné de conducir B1.

8.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS. As instancias para tomar parte na presente convocatoria dirixiranse a alcaldía-presidencia, de acordo co modelo que figura nas dependencias do concello.

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da corporación e de conformidade cos medios previstos no artigo 38 da lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, no prazo de 10 días naturais a partir do seguinte ó da publicación da convocatoria na no boletín oficial de a Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.

Á instancia achegarase copia compulsada do DNI.

9.- SELECCIÓN. A selección dos aspirantes comporase de dúas fases: un concurso de méritos e unha entrevista persoal.

FASE DE CONCURSO: (puntuación máxima de 60 puntos).

- Experiencia como peón no Concello de Rois (ata un máximo de 30puntos). Puntuarase por cada mes traballado a tempo completo 0,5 puntos; a efectos de puntuación só se valorará o mes completo. No caso de traballo a tempo parcial, computarase en función das obras efectivamente traballadas.

- Experiencia como peón en calquera Concello (ata un máximo de 15puntos). Puntuarase por cada mes traballado a tempo completo 0,5 puntos; a efectos de puntuación só se valorará o mes completo. No caso de traballo a tempo parcial, computarase en función das obras efectivamente traballadas.

- Experiencia como peón en calquera Administración Pública (ata un máximo de 15puntos). Puntuarase por cada mes traballado a tempo completo 0,5 puntos; a efectos de puntuación só se valorará o mes completo. No caso de traballo a tempo parcial, computarase en función das obras efectivamente traballadas.

Os méritos alegados polos aspirantes deberán acreditarse do seguinte xeito, dentro do prazo de presentación de instancias:

- Para experiencia, os contratos de traballo debidamente rexistrados no INEM e un informe de vida laboral.

En todo caso os méritos deberán ser acreditados mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas.

FASE DE ENTREVISTA PERSOAL: Celebrarase na Casa do Concello e consistirá na formulación de preguntas relacionadas ca experiencia e tarefas a realizar. Puntuación máxima de 40 puntos.

10.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES: Expirado o prazo de presentación de instancias, o alcalde dictará resolución no prazo máximo dunha semana, que se publicará no taboleiro de edictos da corporación, indicando a listaxe provisional de aspirantes de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión.

Os aspirantes disporán dun prazo de dez días naturais, contados a partires do día seguinte a publicación da resolución para poder subsanar o defecto. No suposto de non presentarse reclamacións as listas provisionais elevaranse a definitivas.

A resolución que aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos, fixará a composición do tribunal, lugar, data e hora do inicio das probas e porá fin a vía administrativa.

No caso de que por circunstancias excepcionais houbese que modificar o lugar de celebración das probas, publicarase no taboleiro de anuncios.

11.-TRIBUNAL CALIFICADOR:

O órgano de selección será colexiado e, como mínimo, constará dun presidente, tres vogais e un secretario,que serán designados por resolución da alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, a cal será esixible a todos e cando un deles individualmente considerados, ben polos coñecementos profesionais que posúan da materia de que se trate o polos seus coñecementos específicos sobre selección e persoal, e entenderase, asimesmo, a paridade entre muller e home. Deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida par o

acceso á praza convocada. O persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o resto de persoal eventual non poderán formar parte dos mesmos. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non pudendo ostentarse en representación ou por delegación de nadei.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte de estes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realicen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación de esta convocatoria. Os aspirante poderán recusalos de acordo co disposto no artigo 29 do mesmo texto legal.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da mitade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Poderá dispoñer da incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou adecuado, que actuaran con voz pero sen voto. Asimesmo resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir en aplicación das presentes bases.

Rexerase no que respecta a súa constitución e formación de vontade, pola Lei 30/1992, estando facultado para interpretar as presentes bases, así como para resolver tódalas dúbidas e os problemas que se puideran plantexar.

12.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA: Finalizada a selección o tribunal fará público no taboleiro a relación final dos que superen o proceso selectivo indicando o pertinente orde de prelación a os efectos da constitución da pertinente bolsa de traballo

13.- CONTRATACIÓN: O tribunal elevara á alcaldía proposta de contrato a favor do aspirante de maior puntuación .

2010/12503

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ROIS

Convocatoria pública e bases operario de xardinería e servizos múltiples categoría oficial de primeira

CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL

LABORAL TEMPORAL

Decreto de Alcaldía-Presidencia do Concello de Rois pola que se resolve efectuar convocatoria pública para a contratación de persoal laboral temporal.

No uso das facultades contempladas no artigo 41.14.c do Real Decreto 2.568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a decretar:

Primeiro.- Efectuar convocatoria pública para contratar en réxime laboral temporal un/unha OPERARIO DE XARDINERIA E SERVIZOS MULTIPLES, CATEGORIA OFICIAL 1ª.

Segundo.- Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria as cales establecense no Anexo que acompaña esta resolución.

En Rois, a 20 de agosto de 2010.

O ALCALDE	A SECRETARIA
Don Ramón Tojo Lens	Dona Angela María Viqueira Allo

ANEXO

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA OPERARIO DE XARDINERIA E SERVIZOS MULTIPLES, CATEGORIA OFICIAL 1ª NO CONCELLO DE ROIS

OBXECTO:

O obxecto da presente convocatoria é a contratación dunha persoa como operario/a de xardinería e servizos múltiples, categoría oficial de 1ª, por un período dun ano a xornada completa, na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado para que preste os seus servizos no Concello de Rois. A financiación do devandito contrato terá lugar a cargo do orzamento municipal.

A correspondente convocatoria serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.

1.- DURACIÓN DO CONTRATO: UN ANO.

2.- NUMERO DE PRAZAS QUE SE CUBRIRÁN. UNHA

3.- HORARIO DE TRABALLO. 40 HORAS SEMANAIS

4.-SALARIO. 1.220 € brutos/mes.

5.-FUNCIONS:

-Realización de traballos de xardinería e albanelería.

-Mantemento de camiños.

-Conservación e mantemento de servizos urbanos municipais.

-Colocación e retirada de infraestruturas e aparatos que sexan requiridos polo Concello.

-Empregar para a realización de tarefas propias do seu posto maquinaria ou vehículos de manexo simple, incluídos aqueles para os que se precise estar en posesión de algún tipo de autorización administrativa.

-Reparto de documentación, difusión de bandos no termo municipal e aquelas que lle encomende un posto de nivel xerárquico superior.

6.-RÉXIME XURÍDICO: A relación entre as persoas seleccionadas e o concello rexerase pola normativa laboral e pola normativa reguladora da administración local.

7.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

· Ter nacionalidade española ou cidadanía da UE.

· Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

· Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder de idade máxima de xubilación.

· Non estar sometido a expediente disciplinario en calquera administración pública.

· Non estar incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na lei 53/84, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

· Estar en posesión do carné de conducir B1.

8.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS. As instancias para tomar parte na presente convocatoria dirixiranse a alcaldía-presidencia, de acordo co modelo que figura nas dependencias do concello.

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da corporación e de conformidade cos medios previstos no artigo 38 da lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, no prazo de 10 días naturais a partir do seguinte ó da publicación da convocatoria na no boletín oficial de a Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.

Á instancia achegarase copia compulsada do DNI.

9.- SELECCIÓN. A selección dos aspirantes comporase de dúas fases: un concurso de méritos e unha entrevista persoal.

FASE DE CONCURSO: (**puntuación máxima de 60 puntos**).

- Experiencia como peón no Concello de Rois (ata un máximo de 30puntos). Puntuarase por cada mes traballado a tempo completo 0,5 puntos; a efectos de puntuación só se valorará o mes completo. No caso de traballo a tempo parcial, computarase en función das obras efectivamente traballadas.

- Experiencia como peón en calquera Concello (ata un máximo de 15puntos). Puntuarase por cada mes traballado a tempo completo 0,5 puntos; a efectos de puntuación só se valorará o mes completo. No caso de traballo a tempo parcial, computarase en función das obras efectivamente traballadas.

- Experiencia como peón en calquera Administración Pública (ata un máximo de 15puntos). Puntuarase por cada mes traballado a tempo completo 0,5 puntos; a efectos de puntuación só se valorará o mes completo. No caso de traballo a tempo parcial, computarase en función das obras efectivamente traballadas.

Os méritos alegados polos aspirantes deberán acreditarse do seguinte xeito, dentro do prazo de presentación de instancias:

- Para experiencia, os contratos de traballo debidamente rexistrados no INEM e un informe de vida laboral.

En todo caso os méritos deberán ser acreditados mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas.

FASE DE ENTREVISTA PERSOAL: Celebrarase na Casa do Concello e consistirá na formulación de preguntas relacionadas ca experiencia e tarefas a realizar. Puntuación máxima de 40 puntos.

10.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES: Expirado o prazo de presentación de instancias, o alcalde dictará resolución no prazo máximo dunha semana, que se publicará no taboleiro de edictos da corporación, indicando a listaxe provisional de aspirantes de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión.

Os aspirantes disporán dun prazo de dez días naturais, contados a partires do día seguinte a publicación da resolución para poder subsanar o defecto. No suposto de non presentarse reclamacións as listas provisionais elevaranse a definitivas.

A resolución que aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos, fixará a composición do tribunal, lugar, data e hora do inicio das probas e porá fin a vía administrativa.

No caso de que por circunstancias excepcionais houbese que modificar o lugar de celebración das probas, publicarase no taboleiro de anuncios.

11.-TRIBUNAL CALIFICADOR:

O órgano de selección será colexiado e, como mínimo, constará dun presidente, tres vogais e un secretario,que serán designados por resolución da alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, a cal será esixible a todos e cando un deles individualmente considerados, ben polos coñecementos profesionais que posúan da materia de que se trate o polos seus coñecementos específicos sobre selección e persoal, e entenderase, asi mesmo, a paridade entre muller e home. Deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida par o acceso á praza convocada. O persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o resto de persoal

eventual non poderán formar parte dos mesmos. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non pudendo ostentarse en representación ou por delegación de nadei.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte de estes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realicen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación de esta convocatoria. Os aspirante poderán recusalos de acordo co disposto no artigo 29 do mesmo texto legal.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Poderá dispoñer da incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou adecuado, que actuaran con voz pero sen voto. Asi mesmo resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir en aplicación das presentes bases.

Rexerase no que respecta a súa constitución e formación de vontade, pola Lei 30/1992, estando facultado para interpretar as presentes bases, así como para resolver tódalas dúbidas e os problemas que se puideran plantexar.

12.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA: Finalizada a selección o tribunal fará público no taboleiro a relación final dos que superen o proceso selectivo indicando o pertinente orde de prelación a os efectos da constitución da pertinente bolsa de traballo

13.- CONTRATACIÓN: O tribunal elevara á alcaldía proposta de contrato a favor do aspirante de maior puntuación .

2010/12504

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Secretaría Xeral

Anuncio de decreto da Alcaldía de data 9.8.2010, relativo a ausencia do alcalde titular

ANUNCIO

Con data 9 de agosto de 2010, ditouse o seguinte decreto:

”Por mor da ausencia do alcalde do Concello de Santiago, Don Xosé A.Sánchez Bugallo, do 12 ao 21 de agosto de 2010 (ambos inclusive) e co fin de asegurar o correcto funcionamento da alcaldía, e consonte ás atribucións que me confire o artigo 124.5 da LRBRL,

RESOLVO:

Designar como alcaldesas en funcións a dona Socorro García Conde, do día 12 ao 15 de agosto de 2010, ambos inclusive, e a dona Mar Martín García do día 16 ao 21 de agosto de 2010, ambos inclusive.”

A ALCALDESA EN FUNCIÓNS,

Asdo: MAR MARTÍN GARCÍA

2010/12447

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Secretaría Xeral

Anuncio decreto Alcaldía

ANUNCIO

Con data 9 de agosto de 2010, ditouse o seguinte decreto:

"Por mor da ausencia da concelleira delegada de Seguridade Cidadá, Protección Civil, Extinción de Incendios e Circulación Vial, Servizos (agás auga e saneamento), e Concelleira Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona Marta Alvarez-Santullano Fernández-Trigales, do 15 ao 29 de de agosto de 2010, ambos inclusive, e co fin de asegurar o correcto funcionamento da concellaría, e consonte ás atribucións que me confire o artigo 124.5 da LRBRL,

RESOLVO:

Designar como Concelleiro substituto a don Bernardino Rama Seoane, do 15 ao 29 de de agosto de 2010, ambos inclusive."

O ALCALDE,

Asdo. XOSÉ A.SÁNCHEZ BUGALLO

2010/12518

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Delegación de funcións da Alcaldía entre os días 1 e 31 de agosto de 2010

ANUNCIO

Por esta Alcaldía, con data 30 de xullo de 2010, dictouse a seguinte resolución:

"Tendo que ausentarme do municipio e non podendo exercer as funcións que corresponden á Alcaldía durante o período comprendido entre os días 1 e 31 de agosto de 2010, e en aplicación do establecido no artigo 63 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, RESOLVO:

Primeiro.- Designar ao primeiro tenente de alcalde, D. Eugenio Elisardo Montero Valiño, como substituto na Alcaldía nos termos establecidos no artigo 47.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, delegando no mesmo as funcións correspondentes á Alcaldía, entre os días 1 e 31 de agosto de 2010, ambos inclusive, con excepción da ordenación de pagos.

Segundo.- O presente decreto entrará en vigor na data da delegación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e da súa posta en coñecemento do Pleno.

Mandouno e firma o señor Alcalde, D. Ignacio Codesido Barreiro, en Touro, a trinta de xullo de dous mil dez, de que eu, Secretario, certifico."

Touro, 5 de agosto de 2010.

O ALCALDE EN FUNCIÓNS,

Asdo.: Eugenio E. Montero Valiño

2010/12500

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIMIANZO

Lista provisional de admitidos e excluidos á praza de Técnico/a de xestión (código ECA-02)

Por Resolución da Alcaldía, de 29 de xullo de 2010, resolveuse o seguinte:

"Primeiro.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

ASPIRANTES ADMITIDOS

1.- Antelo Santos, Manuel; DNI 32.801.316-G.

ASPIRANTES EXCLUIDOS

Ningún.

A presente listaxe elevarase a definitiva no caso de non se presentar reclamacións no prazo de 10 días dende a súa publicación

Segundo.- De conformidade coa base 8ª e art. 60 da Lei 7/2007 de 12 de abril, nomear ao tribunal cualificador, que estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente:

Titular: D. José Domingo Rodríguez Ferreira, Técnico de administración xeral do Concello de Vimianzo.

Suplente: D. Manuel Ángel Jove Losada, Técnico de administración xeral do Concello de Guitiriz.

Vogais:

- Primeiro vogal:

Titular: D. Francisco Javier Ulloa Arias, Interventor do Concello de Malpica de Bergantiños.

Suplente: Sandra Mª García Chenlo, Secretaria do Concello de Valga.

- Segundo vogal:

Titular: Dª. Manuela Barcia Vázquez, Interventora do Concello de Vimianzo.

Suplente: Dª. María Luz Balsa Rábade, Secretaria-Interventora do Concello de Baleira.

- Terceiro vogal:

Titular: D. Carlos M. Nogueira Lema, Técnico de administración xeral do Concello de Muxía.

Suplente: D. Jacobo Molina Sáez, Técnico de contabilidade do Concello de Oleiros.

- Secretario:

Titular: Dª. María Cristina Varela García, Secretaria do Concello de Vimianzo.

Suplente: Dª. Sandra Mª Abeijón Romero, Traballadora social do Concello de Vimianzo.

Terceiro.– Dispoñer que o primeiro exercicio do proceso selectivo se realice ás 10.00 horas do día 20 de setembro de 2010, no salón de plenos da Casa do Concello de Vimianzo.

Cuarto.– Publicar a relación provisional de admitidos e excluídos no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello e notificar aos membros do tribunal a presente resolución."

Vimianzo, 19 de agosto de 2010

O Alcalde

Asdo.: Alejandro Rodríguez Lema

2010/12466

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ZAS

Aprobación definitiva Regulamento do Servizo Municipal de Axuda no Fogar

ANUNCIO

Queda automáticamente elevado a definitivo o acordo plenario do Concello de Zas sobre a aprobación provisional do Regulamento do Servizo Municipal de Axuda no Fogar do Concello de Zas, ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público.

Transcríbese o texto íntegro do dito regulamento:

REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE ZAS

CAPITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Definición e fundamento legal.

Este documento ten por obxecto a regulación dentro do Concello de Zas da prestación do servizo de Axuda no Fogar (SAF), dende unha perspectiva integral e normalizadora, dirixida ás persoas ou familias en situación de especial necesidade, por determinadas carencias de carácter físico, psíquico ou social, que lles impidan o normal desenvolvemento nas actividades da vida diaria.

Este regulamento inscríbese dentro do ámbito de actuación da Lei 13/2008 de servizos sociais, da Lei 5/87 reguladora das bases de réxime local, do Decreto 240/1995 de Servizos Sociais de Atención Primaria , da Orde de 22 de xaneiro de 2009, reguladora do servizo de axuda no fogar, e na lei 39/ 2006 de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia e na súa normativa estatal e galega que a desenvolve, e demais lexislación aplicable.

O Programa de Axuda no Fogar é un servizo social que presta un conxunto de atencións, dende unha perspectiva integral e normalizadora, aos individuos e familias no seu domicilio, naquelas situacións nas que teñen limitada a súa autonomía por motivos físicos, psíquicos e sociais, ou nos casos de desintegración familiar, facilitándolles a permanencia no seu propio contorno de convivencia, e evitando así a súa posible institucionalización.

O SAF é un servizo público que terá a consideración de prestación básica de servizos sociais de atención primaria inserida no sistema integrado de Servizos Sociais, de carácter complementario e transitorio, con planificación ,coordinación e control público.

Artigo 2. Finalidade.

· A finalidade do servizo é a de mellorar a calidade de vida das persoas que viven nos seus domicilios e requiran asistencia.

· O servizo debe xuntar o esforzo do propio usuario, da súa familia, veciños e amizades, dos servizos públicos e privados, dos voluntarios, é dicir, o esforzo da comunidade no seu conxunto, para proporcionar o benestar desexado mantendo o maior grao de autonomía mediante un labor preventivo, asistencial e de rehabilitación.

· Nunca se lle fará á persoa aquelo que poida facer ela xa que, neste caso, se iría incapacitando, causándolle dependencia en lugar de autonomía.

· Non se deberá substituír á familia na súa responsabilidade senón que, pola contra, esta deberá ser estimulada na atención ao usuario.

Artigo 3. Principios.

O Concello prestará o servizo de acordo cos seguintes principios xerais de actuación:

· Responsabilidade pública.

· Igualdade e universalidade.

· Globalidade e integración.

· Subsidiaridade, propiciando a asunción das responsabilidades familiares existentes no seu caso.

Artigo 4. Obxectivos.

A prestación do SAF está destinada a persoas do termo municipal de Zas con dificultades para valerse por si mesmas (discapacitadas, dependentes, maiores, familias con problemáticas diversas, drogodependentes, enfermos crónicos..).

Son obxectivos xerais a mellora da calidade de vida das persoas ou familias con dificultades de autonomía persoal e a integración no seu medio habitual. Preténdese así evitar o illamento, fomentar a convivencia, a participación na vida comunitaria e evitar a posible institucionalización.

Son obxectivos específicos:

- Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual
- Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social
- Previr situacións de dependencia ou exclusión social
- Retardar ou evitar a institucionalización
- Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

CAPITULO II. CARACTERÍSTICAS E PRESTACIÓN DO SAF

Artigo 5. Características

5.1 No SAF a intervención realízase dun xeito personalizado, en función das necesidades de cada persoa usuaria ou da súa familia no que se refire ao tipo de servizo que se prestará, as horas de atención, etc.

É un recurso de tipo voluntario, solicitado persoa usuaria ou pola súa familia.

É un recurso aberto a toda a poboación; non obstante mentres as dispoñibilidades económicas non permitan a súa universalización, haberá que priorizar aqueles usuarios ou familias que teñan máis dificultades e menos posibilidades de acceso a outros recursos.

É un recurso temporal, é dicir, que ten un inicio e un final, en función da valoración do profesional e da vontade do usuario.

É un servizo, por definición descontinuo. Terá carácter especial a intensidade da prestación do SAF para as persoas que teñan recoñecido un grao e un nivel de dependencia mediante unha resolución do organismo competente da Xunta de Galicia, de maneira que se estableceran distintos graos de intensidade

5.2 Para poder obxectivar, valorar e ordenar as solicitudes do SAF, utilizarase un sistema de baremo no que se valorarán e puntuarán os aspectos de autonomía persoal, situación familiar, situación social, situación económica e valoración técnica.

O SAF vai dirixido a toda a poboación, pero, mentres as dispoñibilidades económicas non permitan o seu uso xeneralizado, dispoñerase duns criterios de prioridade de xeito que poidan ser obxectivables, por unha parte a situación de necesidade social e por outra a situación económica do usuario

5.3.A intensidade coa que se prestará o SAF como recurso idóneo, será, nos casos de usuarios con grao e nivel de dependencia e plan de coidados, aprobado da seguinte maneira:

GRAO E NIVEL DE DEPENDENCIA	HORAS DE ATENCIÓN
Grao I (dependencia severa), nivel 1	Entre 30 e 40 horas mensuais
Grao II (dependencia severa), nivel 2	Entre 40 e 55 horas mensuais
Grao III (gran dependencia), nivel 1	Entre 55 e 70 horas mensuais
Grao III (gran dependencia), nivel 2	Entre 70 e 90 horas mensuais

Artigo 6. Prestacións.

1. De conformidade coa valoración técnica realizada polos Servizos Sociais do Concello no marco do SAF poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

A.- Atencións de carácter persoal

Engloba aquelas tarefas dirixidas a persoa usuaria cando esta non poida realizalas por si mesma, ou ben cando deba acudirse ás seguintes necesidades:

- Apoio no aseo e coidado persoal co obxecto de manter a hixiene corporal.

- Axuda na inxesta da alimentación.

- Supervisión da medicación prescrita polo persoal facultativo e do estado de saúde para a detección e comunicación de calquera cambio.

- Apoio á mobilización dentro do fogar.

- Acompañamento e atencións no domicilio.

- Cambios posturais e mobilizacións na cama.

- Favorecer actividades de ocio.

- Outras atencións de carácter persoal, non recollidas en apartados anteriores, que poidan ser incluídas con carácter específico.

B.- Atencións de carácter doméstico

Enténdese como tales aquelas actividades e tarefas que se realicen de forma cotiá no fogar referidas a:

- Alimentación. Comprenderá, entre outras, as labores de compra e preparación do alimento.

- Roupa. Comprenderá as funcións de lavala, ordenala e outras análogas.

- Limpeza e mantemento da vivenda.

C.- Atencións de carácter técnico e complementario

Refírese á xestión ou actuacións que poidan ser necesarias, ben para a posta en funcionamento do servizo, ben para que continúe en condicións idóneas, ou para permitir, co apoio de novas tecnoloxías, unha atención inmediata en situacións de crise ou emerxencia, tales como a teleasistencia e outras actuacións encamiñadas á adecuación funcional do fogar.

D.- Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico–profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a convivencia e a integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros os seguintes tipos de atención:

a) Actividades de acompañamento, socialización, e desenvolvemento de hábitos saudables.

b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.

c) Adaptacións funcionais do fogar.

d) Servizo de podoloxía.

e) Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

4. En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención recollido nesta ordenanza.

- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban, en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

En ningún caso se contempla o voluntariado como substituto da prestación de axuda no fogar, aínda que se debe potenciar como complementario da mesma.

CAPITULO III. PERSOAS BENEFICIARIAS DO SERVIZO

Artigo 7. Persoas destinatarias

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.

2. Terán prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

3. Sen prexuízo dos criterios de carácter xeral establecidos na orde, este regulamento municipal regulador do servizo establecerá os sistemas de acceso por libre concorrencia ao SAF, en tanto que prestación básica do sistema de Servizos Sociais, para situacións diferentes á contemplada no apartado anterior.

Con carácter específico poderán ser beneficiarios do SAF:

- Familias ou persoas que presente disfuncións que poidan ser susceptibles de mellora cunha axeitada atención domiciliaria.

- As persoas maiores, con certo nivel de dependencia, que non teñan a ninguén que os atenda suficientemente e que, con esta axuda, poidan continuar vivindo no seu fogar.

- As persoas con discapacidades, minusvalías ou enfermidades que lles impidan valerse por si mesmas.

- Persoas afectadas por unha minusvalía, grao de dependencia, incapacidade, lesión, enfermidade física ou mental ou por outros motivos que os fagan precisar de axuda.

- Os grupos familiares con excesivas cargas, conflitos nas relacións, situacións sociais inestables ou calquera outra problemática.

- Colectivos específicos que presenten situacións de risco e exclusión social.

Artigo 8. Modalidades de acceso ao servizo.

O acceso ao servizo producirase a través dos Servizos Sociais de Atención Primaria, de acordo coas seguintes modalidades:

1. O acceso ao servizo será directo para as persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución do Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como na Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non lles asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación do sistema, o acceso ao servizo, previa prescrición técnica favorable dos Servizos Sociais de Atención Primaria, resolverase en réxime de libre concorrencia de acordo cos criterios establecidos na normativa reguladora do programa e, se é o caso, neste regulamento.

3. De igual maneira á expresada no apartado anterior procederase nas situacións nas que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivencias e socio-educativos.

4. Nos supostos recollidos nos apartados 2 e 3 deste artigo empregarase un baremo no que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e socio-familiar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida.

Artigo 9. Requisitos de acceso á prestación.

Para poder acceder á prestación do SAF, será necesario cumprir os seguintes requisitos:

- Estar dentro dalgún dos grupos de persoas especificadas no artigo 7.

- Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de Zas.

- A aceptación do servizo coas súas características, obrigas e normativa.

- Que non existan familiares con obrigas legais de prestar alimento ou existindo estes: que se neguen a cumprir esta obriga, residan fora do término municipal, ou estean imposibilitados para facerse cargo das atencións do beneficiario tanto a nivel económico como persoal.

- Que non reciban axuda doutra institución ou entidade para este fin.

- Que non presenten un estado de deterioro físico ou psíquico tal que aconselle un internamento asistido e continuado.

- Que reúnan as condicións persoais, sociais, económicas, etc que figuran nos baremos.

Artigo 10. Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo.

Segundo o recollido na Ordenanza reguladora do prezo público.

CAPITULO IV. ORGANIZACIÓN

Artigo 11 - Requisitos específicos.

1.Para a posta en marcha deste servizo será imprescindible a intervención do técnico directamente responsable de SAF (traballador/a social de atención primaria do Concello) .

2.O persoal directamente adscrito á prestación do SAF estará integrado por:

- Traballador/a social
- Auxiliares de axuda no fogar ou se é o caso da empresa que houbese que contratar.
- Educador/a familiar nos casos de problemas de desaxuste familiar ou conflito psicosocial con menores.
- Psicólogo/a naqueles casos que sexa preciso.

3.O Servizo estará coordinado por persoal técnico cunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo esixible será de 0.02 profesionais en cómputo de xornada completa Por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50-99	1 técnico/a titulado/a a xornada completa
100 – 199	2 técnico/as titulado/as a xornada completa
200 a 399	3 técnico/as titulado/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a a xornada completa

4.O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberán estar en posesión do título de Formación Profesional de grao medio de Atención Sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio,ou en posesión do Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade

5.O Concello contará e expoñerá publicamente o regulamento de funcionamento do programa, no cal se incluirá como mínimo a seguinte información:

a. Identificación da entidade titular, sede oficial e oficina base do programa.

b. Ámbito de actuación

c. Dereitos e deberes da persoa usuaria e da entidade

d. Descrición dos servizos que se prestan

e. Procedemento para causar alta, baixa, modificación ou suspensión do servizo

f. Protocolo para inicio da prestación efectiva e establecemento do vínculo entre a/o auxiliar de axuda no fogar e a persoa usuaria do servizo

g. Modelo de acordo de servizo entre a persoa usuaria e a entidade

h. Horarios de atención ao público na oficina base do programa

i. Limites horarios para a prestación do servizo

j. Réxime de visitas aos domicilios do/a técnico/a que coordine ou supervise o programa.

k. Protocolo de actuación no caso de urxencias e de incidencias

l. Protocolos de substitución da persoa auxiliar de axuda no fogar e de cesación do servizo

m. Protocolo de actuación no caso de queixa no libro de reclamacións.

n. Cadro de persoal anexo

o. Cadro de prezos anexo

Artigo 12– Formas de prestación do servizo.

1. O servizo público de axuda no fogar será prestado directamente polo Concello de Zas (a través de persoal propio. En caso de insuficiencia de recursos persoais poderase acudir as formas de contratación correspondentes para cubrir esa

insuficiencia), ou indirectamente mediante as diversas modalidades de contratación reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas

2.Sen prexuízo do establecido no apartado 1 deste artigo, os servizos poderán ser prestados mediante fórmulas de colaboración institucional entre as administracións competentes ou por entidades de dereito público, de acordo co establecido na lexislación vixente.

Artigo 13. Normas funcionamento do servizo.

1) O/A traballador/a social (técnico/a responsable) garantirá unha supervisión e seguimento do servizo prestado, que se realizará sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Desta supervisión quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se é o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

2) Contempla tamén a coordinación e supervisión dos/as auxiliares de axuda no fogar, establecendo reunións de traballo nas que se revisará a evolución dos casos e as pautas seguidas polos/as traballadores/as. Estas reunións de carácter técnico terán en todo caso, a finalidade de mellorar progresivamente a calidade do servizo.

3) A prestación do SAF queda condicionada á aceptación por parte da persoa beneficiaria, que se recollerá nun documento de compromiso, no que se especificarán as condicións do servizo, as obrigas e os motivos de extinción.

4) No caso de que o servizo non conte con persoal suficiente para atender todas as demandas susceptibles de recibilo, elaborarase unha listaxe de agarda por orde de puntuación.

5) En caso de baixas ou vacacións dos/as auxiliares de axuda a domicilio, a súa substitución queda condicionada á dispoñibilidade do servizo.

6) De maneira xeral o SAF non realizará tarefas de: limpeza de portais e escaleiras de comunidade, labores de xardinaría ou horta ou alimentación e aseo de animais.

7) Cada usuario/a estará suxeito a un abono mensual segundo a Ordenanza reguladora do prezo público.

8) O Concello, tanto se presta o servizo en réxime de xestión directa como se o presta en réxime de xestión indirecta ou, de ser o caso, a entidade que o preste en réxime privado, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se lle preste o servizo, no cal constará, cando menos:

a)Un informe social, asinado por polo traballador/a social do Concello

b)Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable que designe o Concello.

c)Un acordo de servizo asinado entre a entidade titular do servizo e a persoa usuaria.

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizaranse de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal

9) A persoa que exerza como responsable técnica do servizo garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se for o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

Artigo 14. Intensidade na prestación do servizo

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención.

2. A intensidade do SAF para as persoas atendidas no marco do Sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co plan de coidados, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria, ademais dos días laborais os fins de semana e os festivos.

3. Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polos correspondentes Servizos Sociais de Atención Primaria.

4. O tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

CAPITULO V. DEREITOS E DEBERES

Artigo 15. Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias, ademais dos deberes que con carácter xeral se contemplan no artigo 37 da Lei 4/1993, de Servizos Sociais, terán os seguintes :

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando a execución das tarefas ao persoal ao cargo e poñendo á súa disposición, se for o caso, os medios materiais necesarios.

2. Colaborar no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

3. Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

4. Informar dos cambios de calquera circunstancia persoal, familiar ou económica que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou a extinción na prestación do servizo.

5. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.

6. A comunicar, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

O incumprimento de algúns destes deberes poderá implicar a extinción da prestación.

Artigo 16. Dereitos dos/as usuarios/as do servizo.

As persoas usuarias do servizo, ademais dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen no artigo 36 da Lei 4/1993, de Servizos Sociais, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.

2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.

3. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.

4. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei

Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

5. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.

6. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

Artigo 17. Deberes do persoal do servizo.

1. O trato será sempre de respecto, evitando que a confianza co/a usuario/a e coa súa familia interfira no traballo.

2. Respectar a intimidade da persoa usuaria e gardar a debida confidencialidade.

3. O/a auxiliar non debe facer participe ao/ao usuario/a e á familia deste/a dos seus propios problemas, separando todo o posible a súa vida privada do seu traballo.

4. Respectarase integramente o horario e as tarefas establecidas e non se poderán realizar cambios sen a previa autorización do/a responsable.

5. O/a auxiliar de axuda no fogar non lles debe facer traballos a outros membros da familia distintos dos/as beneficiarios/as, aínda que convivan na mesma casa. Se se trata de persoas maiores ou dependentes, estudarase o caso dende o departamento de servizos sociais.

6. En caso de ausencia do/a traballador/a deberá comunicalo con antelación, tras a autorización do/a xefe/a de persoal, ao/á usuario/a e ao/á responsable do servizo.

7. Non se poderán recibir en custodia cartos, xoias nin outros obxectos.

8. Non se permite ningún tipo de prestación/ bonificación por parte do/a usuario/a (cartos, regalos, etc.).

9. Non se poderá acudir ao lugar de traballo en compaña de persoas alleas ao servizo

10. Non se disporá das chaves de ningún domicilio, excepto cando as condicións do caso así o esixan e sempre co consentimento do/a usuario/a e do técnico/a responsable.

CAPITULO VI. PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN DO SERVIZO

Artigo 18. Solicitudes e documentación

1. O SAF será prestado polo Concello de Zas ben de oficio ou a instancia de parte.

a) De oficio. O Concello iniciará de oficio o expediente da prestación do servizo nos casos de carácter urxente, de grave perigo para a vida, altas hospitalarias ou ausencias temporais de persoas con familiares o seu cargo, ou similares nas que se demostre a necesidade urxente do servizo, e sempre en función da dispoñibilidade do mesmo.

b) A instancia de parte. As solicitudes dos particulares para acceder ao servizo presentaranse no Rexistro xeral do Concello de Zas. Xunto coa solicitude deberán achegar a seguinte documentación:

- DNI ou NIE do/a solicitante e dos membros da unidade de convivencia.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a beneficiario/a.
- Certificado de empadroamento e convivencia.
- Certificado de impostos sobre o IBI, industria e vehículos de todos os compoñentes da unidade de convivencia con obriga legal de prestar auxilio.
- Documentación acreditativa de ingresos (nóminas, certificados de pensións, prestacións, etc.), ou no seu defecto certificación correspondente de non percibir prestacións; de todos os membros da unidade de convivencia.
- Declaración da renda ou certificado negativo de Facenda, de todos os membros da unidade de convivencia.
- Recibo de aluguer ou amortización da vivenda.
- Informe médico da persoa solicitante que acredite a carencia de autonomía persoal e o tratamento que é necesario controlar.
- Certificado de recoñecemento de discapacidade e/ou resolución do grao de dependencia .
- Declaración xurada de non ter dereito a axuda no fogar por parte doutra entidade ou organismo.
- Calquera outro que se considere necesario para a avaliación da solicitude e que teña relación cos aspectos que hai que valorar.

As solicitudes deberán ser valoradas, en todo caso, polo persoal técnico dos Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinarán, mediante un informe preceptivo e vinculante, a idoneidade do servizo e a intensidade recomendable para cada caso concreto

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto todo o ano

Artigo 19. Proceso administrativo de tramitación de solicitude.

Unha vez cuberta a solicitude, presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Zas. A presentación da solicitude determina o dereito a esixir da administración o correspondente recibo que acredite a data de presentación admitindo como tal unha copia na que figure a data de presentación anotada pola oficina.

Unha vez rexistrada, trasladaráselle aos Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello.

A tramitación das solicitudes axustarase ao seguinte procedemento:

1.-Se se observaron defectos na solicitude, como non reunir os requisitos mencionados, ou non se acompañara de algún/s dos documentos esixidos neste regulamento requiriraselle a persoa que asinara a solicitude para que, no prazo de 10 días hábiles, corrixa as faltas ou achegue os documentos perceptivos. No dito requirimento indicarase que de non facelo desta maneira a persoa solicitante desiste da súa petición e se arquivará a súa solicitude.

2.- Unha vez presentada a solicitude xunto coa documentación expresada no artigo anterior, e efectuada a visita domiciliaria así como as entrevistas necesarias será estudada e valorada polo/a traballador/a social do Concello. Este técnico/a emitirá un informe/proposta no que se recollerá:

a) Proposta de concesión / denegación.

b) Causa de denegación, de ser o caso.

c) Puntuación total.

d) Tarefas que se desenvolverán.

e) Horario aproximado, duración e intensidade do servizo.

f) Achega económica do beneficiario ou da familia, de ser o caso.

g) Data de alta no servizo.

h) Observacións no seu caso.

No dito informe aplicarase o baremo establecido para obxectivar, valorar e ordenar as solicitudes.

O dito informe incorporarase ao expediente administrativo e servirá para fundamentar, nun ou noutro sentido, a resolución que se adopte, o cumprimento dos requisitos e, de acordo coa consignación orzamentaria anual, informarase da conveniencia da alta no servizo ou da incorporación á listaxe de agarda, ocupando o posto correlativo que lle corresponda en función da puntuación obtida e da data de entrada.

3.- Trámite de audiencia.

a) Emitido o informe, informaráselle a persoa interesada ou, no seu caso, a que o/a represente.

b) A persoa interesada, nun prazo non inferior a 10 días nin superior a 15, poderá alegar e presentar os documentos e xustificantes que considere oportunos.

c) Se antes do vencemento do prazo a persoa interesada manifesta a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos ou xustificacións, terase por realizado o trámite.

d) Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.

4.-O expediente seralle remitido ao órgano competente para resolver.

5.-Resolución.

O expediente, xunto co informe e a proposta, seranlle remitidos á Alcaldía ou ao órgano ou persoa en quen delegue, para que adopte unha resolución, que lle deberá ser comunicada a persoa interesada e ao técnico/a responsable.

Así mesmo, prevese a concesión do SAF con carácter urxente, en casos de grave perigo para a vida do usuario, altas hospitalarias ou ausencias temporais de persoas con familiares ao seu cargo, ou situacións similares nas que se demostre a necesidade urxente do servizo, sempre en función da dispoñibilidade do mesmo. Nesta situación será o Sr. alcalde ou o concelleiro delegado responsable da materia quen decida a concesión ou denegación do servizo, dando conta na seguinte Xunta de Goberno Local que se realice.

O órgano competente estudará as causas da modificación, suspensión, extinción ou concesión provisional. O/a responsable do servizo deberá informar acerca destas causas que lle serán comunicadas a persoa beneficiaria do servizo e ao/a responsable técnico/a.

A persoa beneficiaria deberá aceptar por escrito as condicións en que se prestará o servizo.

6.- No caso de que non poidan atenderse todas as demandas, poderase elaborar unha listaxe de agarda, dende a que se accederá ao servizo por orde de puntuación, segundo a aplicación do baremo de puntuación total. Ante a mesma puntuación terá prioridade o expediente coa renda máis baixa.

Artigo 20. Seguimento do servizo de axuda no fogar

O/a traballador/a social encargado do expediente efectuará cantas revisións considere oportunas por iniciativa propia ou a petición da persoa interesada, para o seguimento axeitado do servizo (modelo de seguimento), podendo propoñer as modificacións necesarias tanto na prestación do servizo, na revisión dos horarios establecidos baseándose no estado de necesidade e na demanda existente en cada momento, como nas achegas económicas correspondentes.

Se unha vez asignado o servizo se comproba que os datos proporcionados pola persoa usuaria non son certos procederase á actualización dos mesmos e se realizada esta, tivera repercusións en canto ás achegas económicas que deben realizar as persoas usuarias, o Concello facturará o prezo resultante da actualización sobre a totalidade das horas que se lle prestara. Reservándose así mesmo o dereito a exercer as accións legais pertinentes.

As modificacións que se establecen na prestación do servizo, nas achegas económicas ou na supresión do servizo, , deberán acordarse previa tramitación do expediente contraditorio con audiencia á persoa interesada a quen a represente legalmente.

No caso de producirse unha variación substancial que afecte ao baremo, por exemplo, modificación favorable na autonomía, apoio socio-familiar, económico, etc, procederase a unha nova valoración do caso, no suposto de que a modificación do proxecto individual non implique nova valoración, por exemplo modificación de banda horaria, tarefas, persoal,.etc, modificarase soamente o proxecto individual.

Artigo 21. Acordo de prestación do servizo

Antes de proceder a alta no SAF será imprescindible a sinatura do acordo de prestación do servizo segundo un modelo normalizado.

No contrato irán as seguintes especificacións, recollidas no plan de traballo que se xunta a este regulamento:

- Tarefas que hai que realizar.
- Horarios e días do servizo.
- Técnico/a responsable do proxecto de intervención.
- Gratuidade ou achega económica da persoa beneficiaria, se procede, e o método de copagamento do servizo.

O acordo irá asinado por un representante do Concello e pola persoa usuaria e, naqueles casos que conten con apoio familiar, por unha persoa membro da familia.

Artigo 22. Modificacións de horario e/ou tarefas.

En canto ás modificacións con respecto ao establecido no contrato, do número de horas, tarefas ou modificacións xerais do plan de traballo que se vaian producindo no desenvolvemento do servizo, a proposta de modificación realizarase tras un estudo e análise da situación por parte do/a traballador/a social. A persoa usuaria deberá ser informada destas modificacións.

Artigo 23. Suspensión provisional.

Considéranse como suspensión provisional, con reserva de praza, aquelas interrupcións do SAF que estean dentro dos seguintes supostos:

a) Por ausencia temporal da persoa beneficiaria do seu domicilio (vacacións, viaxes, participación en programas de termalismo social, etc.) por un tempo máximo de tres meses.

b) Por ingreso hospitalario mentres dure este, sempre que a situación de alta hospitalaria sexa compatible coas características da persoa usuaria. Se o ingreso hospitalario se prolongase máis de tres meses, revisarase a reserva de praza e valorarase novamente a continuidade do SAF ou a súa extinción.

c) Por contar, temporalmente, con apoio familiar. Se este apoio se prolonga máis de tres meses, revisarase a reserva de praza e, polo tanto, a continuidade ou extinción do servizo.

d) Por necesidades do servizo, se fose necesario ampliar o número de usuarios e se considerasen prioritarios outros casos en función da situación persoal, sanitaria,e económica do beneficiario.

Nos apartados a), b), c), a persoa usuaria deberá comunicarllo a entidade que preste o servizo, polo menos, con tres días de antelación, excepto nos casos de ingreso hospitalario de urxencia.

No caso de que a persoa beneficiaria teña dereito a reserva de praza, non se manterá necesariamente o horario inicial nin a persoa que efectuaba o servizo, quedando a expensas das indicacións técnicas e da dispoñibilidade do servizo.

O servizo poderase suspender, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na normativa reguladora.

Artigo 24. Extinción e finalización do SAF.

1.A prestación do SAF que lle fose recoñecida a unha persoa usuaria extinguirase, en termos xerais:

- Por falecemento ou renuncia da persoa beneficiaria.
- Pola desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- Por ingreso con carácter definitivo nun centro residencial.
- Por traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- Por incumprimento dos requisitos establecidos para a prestación do servizo, tales como trato inadecuado da persoa usuaria a persoa que desenvolva o servizo, falta de colaboración da persoa usuaria no desenvolvemento do servizo, que lle impoñan tarefas a persoa que desenvolva o servizo que non lle correspondan ou similares.
- Pola desaparición das circunstancias baremables que motivaron a prestación do servizo.
- Se a familia utiliza o servizo para fins diferentes aos propios da axuda a domicilio.
- Por ocultación e/ou falseamento de datos por parte da persoa beneficiaria ou dos familiares.
- Se a persoa beneficiaria se ausenta do domicilio sen causa xustificada por un período superior a tres meses, salvo en caso de ingreso hospitalario.
- Se alguén asume totalmente a atención do beneficiario.
- A falta reiterada do pagamento do servizo.
- Cando o Concello deixe de prestar o servizo por falta de medios, ben por ser asumido por outra administración ou entidade de iniciativa social.
- O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recursos e a súa incompatibilidade co SAF.

2.Ademais , con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo , poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fóra concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán reflectirse no expediente individual , mediante un novo informe social.

3.Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, segundo o establecido no Decreto 176/2007, polo que se regula o

procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema da Comunidade Autónoma de Galicia o inicio, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestacións do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar a resolución de Programa Individual de Atención

Artigo 25. Concesión provisional.

Poderase conceder provisionalmente o servizo nos seguintes supostos, e sempre que existan vacantes:

a) En primeiro lugar aos beneficiarios en situacións excepcionais graves, determinándose claramente a súa duración.

b) En segundo lugar os beneficiarios que se atopen en lista de espera.

Ambos casos requirirán a aceptación expresa de provisionalidade do solicitante.

A provisionalidade non durará máis de 3 meses.

CAPITULO VII. BAREMO DE ACCESO Á PRESTACIÓN DO SAF

Artigo 26. Baremo para a selección de persoas beneficiarias.

Existen dúas posibilidades de acceso: a través do baremo para persoas de autonomía persoal ou a través do baremo para situacións de desaxustes familiares ou conflitos psicosociais.

Para poder obxectivar, valorar e ordenar as solicitudes do SAF, utilizarase un sistema de baremos que se valorarán e puntuarán os aspectos da autonomía persoal, situación familiar, situación social, nivel económico, valoración técnica e sistema de aboamento do servizo, conforme ao modelo que figura nos soportes documentais.

CAPITULO IX. FINANCIAMENTO

Segundo a Ordenanza reguladora do prezo público

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA.- Se o Concello non xestionara directamente o SAF as empresas ou entidades que o presten deberán cumprir co disposto no prego de condicións administrativas.

SEGUNDA.- As subvencións que reciba o Concello de organismos, tanto públicos como privados, polo concepto de servizo de atención domiciliaria, redundarán integramente neste servizo, coa finalidade de lograr unha axeitada atención.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derrogado o Regulamento do servizo municipal de axuda no fogar do Concello de Zas publicado no B.O.P. da Coruña, núm. 7, do 10 de xaneiro de 2009.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente regulamento entrará en vigor unha vez que sexa publicado integramente no BOP e transcorra o prazo de 15 días previsto no art. 65.2 da lei 7/1985 de 2 de abril.

Zas, 29 de marzo de 2010

O alcalde

Asdo.: Manuel Muíño Espasandín.

Contra o presente acordo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/98, cabe recurso contencioso-administrativo diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P. da Coruña .

Zas, 12 de agosto de 2010.

O alcalde,

Manuel Muíño Espasandín.

2010/12201

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE LO SOCIAL

SOCIAL 1 A CORUÑA

Reclamación por despido 566/2010

EDICTO

D/Dª MARIA BLANCO AQUINO, SECRETARIO DE LO SOCIAL NÚMERO 001 DE A CORUÑA.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D./Dª. ERNESTO PEDROSA CALO, JAIME CALVO REGUEIRA , CAMILO ANTONIO MAQUEZ ALLEGUE , GERARDO MIGUEL OLIVERA CABOS , LUIS CARLOS PEREZ NAVEIRA , JOSE MANUEL PORRO SUAREZ contra CRISTALERIA Y ALUMINIO FERNANDO, S.L. (AHORA FERGLAS)., VIDRIO FERR SL , en reclamación por DESPIDO, registrado con el nº 0000566 /2010 se ha acordado citar a ERNESTO PEDROSA CALO, JAIME CALVO REGUEIRA , CAMILO ANTONIO MAQUEZ ALLEGUE , GERARDO MIGUEL OLIVERA CABOS , LUIS CARLOS PEREZ NAVEIRA , JOSE MANUEL PORRO SUAREZ , en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día CINCO DE OCTUBRE DEL 2010 Y HORA DE 12,50 CONCILIACION Y HORA DE 13,00 JUICIO, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso Juicio,que tendrán lugar en la Sala de Vistas de este Juzgado de lo Social número 001 sito en MONFORTE S/N - EDIF.NUEVOS JUZGADOS debiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán en los estrados de este Juzgado, salvo las que deban revestir forma de auto o sentencia, o se trate de emplazamiento.

Y para que sirva de citación a CRISTALERIA Y ALUMINIO FERNANDO, S.L. (AHORA FERGLAS)., VIDRIO FERR SL , se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En A CORUÑA a veintitrés de Agosto de dos mil diez.

EL/LA SECRETARIO JUDICIAL

2010/12464

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE LO SOCIAL

SOCIAL 2 A CORUÑA

Autos 915/09-ETJ. 171/10-E. Demandante: doña Susana Castro Regueira. Demandada: Zas Cas, SL; sobre despido

E D I C T O

DOÑA Mª ADELAIDA EGURBIDE MARGAÑON, SECRETARIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO DOS de A CORUÑA,

HACE SABER: QUE EN LOS AUTOS 915/09-ETJ 171/10-E, SEGUIDOS A INSTANCIA DE DOÑA SUSANA CASTRO REGUEIRA, CONTRA "ZAS CAS S.L.", SOBRE DESPIDO, SE DICTARON LAS SIGUIENTES RESOLUCIONES:

- AUTO GENERAL DE EJECUCIÓN, EN FECHA 16-8-2010, Y LA PARTE DISPOSITIVA ES COMO SIGUE:

Despachar orden general de ejecución del título indicado a favor de la ejecutante SUSANA CASTRO REGUEIRA frente a la empresa "ZAS CAS S.L.", parte ejecutada.

Contra este auto no cabe recurso alguno, sin perjuicio de que la parte ejecutada pueda oponerse al despacho de la ejecución en los términos previstos en el art. 556 de la LEC y en el plazo de diez días a contar desde el siguiente a la notificación del presente auto.

Así lo acuerda y firma SSª. Doy fe. (Siguen firmas).

-DILIGENCIA ORDENACION SECRETARIA JUDICIAL SRA. EGURBIDE MARGAÑON.

En A Coruña, a 16 de agosto de 2010.

El anterior escrito, turnado por el Decanato, en ejecución, regístrese en el Libro de Ejecuciones al número ETJ 171/10.

Recibida publicación en el DOGA del edicto notificando la sentencia a la empresa demanda, se une, y transcurrido el plazo legal, no se ha interpuesto recurso contra la sentencia, la cual es firme.

Habiendo solicitado la parte actora la ejecución de la sentencia, y que se cite a las partes a incidente de no readmisión, de conformidad con lo dispuesto en los arts. 277, 278 y siguientes de la L.P.L., cítese de comparecencia a las partes para el próximo DIA 15-SEPTIEMBRE-2010, a las 11,10 horas, en este Juzgado de lo Social, sito en calle Monforte s/n de esta ciudad, piso primero, debiendo comparecer con cuantos medios de prueba intenten valerse y se puedan practicar en el acto, con el apercibimiento de que si no comparece el actor, se le tendrá por desistido de su actitud, y si no comparece el empresario se celebrará el acto sin su presencia.

Contra esta resolución cabe recurso de reposición, en el plazo de cinco días, y para ante quien dicta esta resolución; debiendo el recurrente, que no tenga la condición de trabajador o beneficiario del régimen público de la Seguridad Social, así como los concretados en la Disposición Adicional Decimoquinta, número 5 de la L.O. 1/2009, ingresar el depósito de 25 € en la Cuenta de este Juzgado, BANESTO 0030-6349-1532-0000-30-0915/09. Si se efectúa por transferencia BANESTO 0030/1846/42/0005001274/ BENEFICIARIO: SOCIAL 2-CORUÑA;CONCEPTO (16 dígitos): 1532000064 0915/10.Asi lo firmo; doy fe.

Y PARA QUE CONSTE Y SIRVA DE NOTIFICACION AL REPRESENTANTE LEGAL DE LA EMPRESA "ZAS CAS S.L.", CUYO DOMICILIO ACTUAL ES DESCONOCIDO, EXPIDO Y FIRMO LA PRESENTE EN A CORUÑA, A 16 DE AGOSTO DE 2010.

LA SECRETARIA JUDICIAL.

2010/12382

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE LO SOCIAL

SOCIAL 4 A CORUÑA

Ejecución de títulos judiciales 135/2010-E

Nº AUTOS: EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000135 /2010-E

DEMANDANTE/S: ANA SANDRA RIVADEMAR SANDE

ABOGADO/A: JUAN BAUTISTA RODRIGUEZ CASAL

PROCURADOR:

GRADUADO/A SOCIAL:

OTRO/A:

DEMANDADO/S: GONZALEZ BAÑA, S.L.

ABOGADO/A: BOP

PROCURADOR:

GRADUADO/A SOCIAL:

OTRO/A

EDICTO

Dº JUAN REY PITA, Secretario Judicial del Juzgado de lo Social nº 004 de A CORUÑA, HAGO SABER:

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000135 /2010-E de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D/Dª ANA SANDRA RIVADEMAR SANDE contra la empresa GONZALEZ BAÑA, S.L., sobre DESPIDO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

PARTE DISPOSITIVA

Despachar orden general de ejecución del título indicado a favor del ejecutante ANA SANDRA RIVADEMAR SANDE frente a GONZALEZ BAÑA, S.L., parte ejecutada.

Contra este auto no cabe recurso alguno, sin perjuicio de que la parte ejecutada pueda oponerse al despacho de la ejecución en los términos previstos en el art. 556 de la LEC y en el plazo de diez días a contar desde el siguiente a la notificación del presente auto.

Así lo acuerda y firma SSª. Doy fe.

EL/LA MAGISTRADO/A JUEZ EL SECRETARIO JUDICIAL

Y para que sirva de notificación en legal forma a la empresa GONZÁLEZ BAÑA S.L. , en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán en los estrados de este Juzgado, salvo las que revistan forma de auto o sentencia, o se trate de emplazamiento.

En A CORUÑA, a veintitrés de Agosto de dos mil diez.

EL SECRETARIO JUDICIAL

2010/12508

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE LO SOCIAL

SOCIAL 4 A CORUÑA

Ejecución 135/10-E

Nº AUTOS: EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000135 /2010-E

DEMANDANTE/S: ANA SANDRA RIVADEMAR SANDE

ABOGADO/A: JUAN BAUTISTA RODRIGUEZ CASAL

PROCURADOR:

GRADUADO/A SOCIAL:

OTRO/A:

DEMANDADO/S: GONZALEZ BAÑA, S.L.

ABOGADO/A: BOP

PROCURADOR:

GRADUADO/A SOCIAL:

OTRO/A:

EDICTO

D.JUAN REY PITA , Secretario/a Judicial del Juzgado de lo Social nº 004 de A CORUÑA, HAGO SABER:

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000135 /2010-E de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D/Dª ANA SANDRA RIVADEMAR SANDE contra la empresa GONZALEZ BAÑA, S.L., sobre DESPIDO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

PARTE DISPOSITIVA

En orden a dar efectividad a las medidas concretas solicitadas, acuerdo:-

El embargo de los bienes de la demandada para asegurar la responsabilidad de 21.299,36 € librándose al efecto los despachos necesarios para su efectividad.

Notifíquese a las partes. - Y una vez verificado, notifíquese a las partes.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Podrá interponerse recurso de revisión ante quien dicta esta resolución mediante escrito que deberá expresar la infracción cometida a juicio del recurrente, en el plazo de CINCO DÍAS hábiles siguientes a su notificación. (Art. 186 y 187 de la LPL). El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros en la del BANESTO, debiendo indicar en el campo concepto, la indicación recurso seguida del código “31 Social- Revisión”. Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación “recurso” seguida del “código 31 Social- Revisión”. Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

Así lo dispongo y firmo

EL SECRETARIO JUDICIAL

Y para que sirva de notificación en legal forma a GONZÁLEZ BAÑA S.L. , en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de A CORUÑA.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán en los estrados de este Juzgado, salvo las que revistan forma de auto o sentencia, o se trate de emplazamiento.

En A CORUÑA, a veintitrés de Agosto de dos mil diez.

EL SECRETARIO JUDICIAL

2010/12510

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE LO SOCIAL

SOCIAL 4 A CORUÑA

Ejecución 151/10-E

Nº AUTOS: EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000151 /2010-E

DEMANDANTE/S: JOSE LUIS ADAN CARBALLAL

ABOGADO/A: ARANZAZU NAVARRETE REY

PROCURADOR:

GRADUADO/A SOCIAL:

OTRO/A:

DEMANDADO/S: MLN GALICIA 2004, S.L.U.

ABOGADO/A: BOP

PROCURADOR:

GRADUADO/A SOCIAL:

OTRO/A:

EDICTO

D. JUAN REY PITA Secretario/a Judicial del Juzgado de lo Social nº 004 de A CORUÑA, HAGO SABER:

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000151 /2010-E de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D/Dª JOSE LUIS ADAN CARBALLAL contra la empresa MLN GALICIA 2004, S.L.U., sobre DESPIDO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

PARTE DISPOSITIVA

Despachar orden general de ejecución del título indicado a favor del ejecutante JOSE LUIS ADAN CARBALLAL frente a MLN GALICIA 2004, S.L.U., parte ejecutada.

Contra este auto no cabe recurso alguno, sin perjuicio de que la parte ejecutada pueda oponerse al despacho de la ejecución en los términos previstos en el art. 556 de la LEC y en el plazo de diez días a contar desde el siguiente a la notificación del presente auto.

Así lo acuerda y firma SSª. Doy fe.

EL/LA MAGISTRADO/A JUEZ LA SECRETARIO/A JUDICIAL

Y para que sirva de notificación en legal forma a M.L.N. GALICIA 2004, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de A CORUÑA.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán en los estrados de este Juzgado, salvo las que revistan forma de auto o sentencia, o se trate de emplazamiento.

En A CORUÑA, a veinticuatro de Agosto de dos mil diez.

EL SECRETARIO JUDICIAL

2010/12513

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE LO SOCIAL

SOCIAL 4 A CORUÑA

Ejecución de títulos judiciales 151/2010-E

Nº AUTOS: EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000151/2010-E

DEMANDANTE/S: JOSE LUIS ADAN CARBALLAL

ABOGADO/A: ARANZAZU NAVARRETE REY

PROCURADOR:

GRADUADO/A SOCIAL:

OTRO/A:

DEMANDADO/S: MLN GALICIA 2004, S.L.U.

ABOGADO/A: BOP

PROCURADOR:

GRADUADO/A SOCIAL:

OTRO/A:

EDICTO

D. JUAN REY PITA, Secretario/a Judicial del Juzgado de lo Social nº 004 de A CORUÑA, HAGO SABER:

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000151 /2010-E de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D JOSE LUIS ADAN CARBALLAL contra la empresa MLN GALICIA 2004, S.L.U., sobre DESPIDO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

PARTE DISPOSITIVA

En orden a dar efectividad a las medidas concretas solicitadas, acuerdo:

- El embargo de para asegurar la responsabilidad de M.L.N. GALICIA 2004 S.L.U. librándose al efecto los despachos necesarios para su efectividad.

Y una vez verificado, notifíquese a las partes.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Podrá interponerse recurso directo de revisión ante quien dicta esta resolución mediante escrito que deberá expresar la infracción cometida a juicio del recurrente, en el plazo de CINCO DÍAS hábiles siguientes a su notificación. (Art. 186 y 187 de la LPL). El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros en la del BANESTO, debiendo indicar en el campo concepto, la indicación recurso seguida del código “31 Social- Revisión”. Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación “recurso” seguida del “código 31 Social- Revisión”. Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

Así lo dispongo, y firmo

EL SECRETARIO JUDICIAL

Y para que sirva de notificación en legal forma a M.L.N. GALICIA 2004 S.L.U., en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de .

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán en los estrados de este Juzgado, salvo las que revistan forma de auto o sentencia, o se trate de emplazamiento.

En A CORUÑA, a veinticuatro de Agosto de dos mil diez.

EL SECRETARIO JUDICIAL

2010/12517